

**INFORME ANUAL
EXECUCIÓN**

2022

AGACAL

Índice

ANÁLISE DE SITUACIÓN	3
A Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL)	3
Orixe e configuración	3
Natureza e réxime xurídico	4
Competencias	4
Estrutura orgánica.....	7
Situación a 31/12/2022	8
Adaptación normativa	8
Estrutura de persoal.....	9
Estrutura orzamentaria	10
Estrutura patrimonial.....	11
OBXECTIVOS E RESULTADOS FUNCIONAIS	13
Certificación e protección da calidade alimentaria.....	13
Promoción da calidade alimentaria.....	36
Investigación: actividades centralizadas.....	89
Investigación agropecuaria.....	96
Investigación forestal	104
Investigación en materia de viticultura e enoloxía	108
Transferencia de coñecementos.....	110
Capacidade analítica.....	155
Formación.....	166
Institucional.....	194
Económica e patrimonial.....	195
Persoal.....	198
INTERPRETACIÓN DE RESULTADOS	200
Certificación e protección da calidade alimentaria.....	201
Promoción da calidade alimentaria	201
Investigación.....	204
Investigación agropecuaria.....	205
Investigación forestal	206
Investigación en materia de viticultura e enoloxía	207
Transferencia de coñecementos.....	207
Capacidade analítica.....	208
Formación.....	209
Institucional.....	210

Económica e patrimonial.....	212
Persoal.....	213
RESUMO EXECUTIVO.....	215
Misión	215
Obxectivos básicos.....	215
Datos organizativos básicos.....	215
Competencias	216
Recursos humanos.....	219
Orzamento.....	220
Datos xerais de actividade	221
Certificación e protección da calidade alimentaria	221
Promoción da calidade alimentaria	225
Investigación agropecuaria	230
Investigación forestal.....	230
Investigación en materia de viticultura e enoloxía.....	231
Transferencia de coñecementos	231
Capacidade analítica	231
Formación	233
Réxime económico.....	234



ANÁLISE DE SITUACIÓN

A Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL)

Orixe e configuración

O Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, (DOG nº 102 de 30/05/2018) constitúe a base fundacional da AGACAL. Tal e como se recolle na exposición de motivos da norma, a nova Axencia nace como consecuencia do proceso de adecuación á LOFAXGA do extinto Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL), coa intención de *"dotada de todos os instrumentos que lle permitan cumprir a súa verdadeira finalidade: por unha banda, ser o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade e, por outra, potenciar a calidade da produción alimentaria galega, concentrando as actividades investigadoras e de desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario para suplir os déficits que nesta materia se produzan na nosa comunidade autónoma e establecendo como obxectivo principal da súa actividade investigadora responder aos retos científicos e tecnolóxicos aos cales se enfrontan os sectores agroforestal e agroalimentario, vinculados á mellora da súa competitividade"*.

Para cumprir co seu destino fundacional, a AGACAL integra desde a súa constitución o Servizo de Promoción da Calidade Agroalimentaria, da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, en liña do disposto na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, ao cualificar este ente como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos.

Así mesmo, para facer efectivo o mandato legal contido no artigo 32 da Lei 2/2005, referido ao obxecto do INGACAL como instrumento de actuación da Xunta de Galicia en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario, pasan a integrarse na Axencia os centros de investigación da Consellería e a Subdirección Xeral de Formación e Innovación Agroforestal cos seus servizos competentes en materia de formación e de transferencia tecnolóxica. Coa mesma coherencia, en tanto que a Axencia asume o estudo e a indagación nas necesidades e inquiredanzas do sector agroforestal, promovendo a investigación e divulgación dos resultados, se integran igualmente os centros de formación que, ata entón dependentes da Dirección Xeral de Ordenación Forestal.

A configuración presente da AGACAL complétase coa publicación do Decreto 107/2019, do 5 de setembro, polo que se modifican os estatutos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, aprobados polo Decreto 52/2018, do 5 de abril (DOG nº 176 do 17/09/2019), que incorpora a figura da Xerencia como órgano executivo da Axencia.



Natureza e réxime xurídico

A AGACAL é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA). En tanto que tal, está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión, nos termos establecidos na LOFAXGA, na normativa financeira e orzamentaria de Galicia, e nos seus estatutos.

Adicionalmente, a Axencia réxese polo establecido na Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega e, para o desenvolvemento das súas actuacións no ámbito da I+D+I, pola lexislación básica do Estado nesta materia; pola Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, e pola Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, ou normas que as substitúan.

A AGACAL ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adxudicadores dela dependentes. As relacións da Axencia cos poderes adxudicadores dos cales é medio propio e servizo técnico teñen natureza instrumental e non contractual, e articularanse a través de encargos ou das encomendas de xestión previstas na lexislación de contratos do sector público, polo que, para todos os efectos, as ditas relacións son de carácter interno, dependente e subordinado.

Competencias

Consonte as previsións da súa norma constituínte, a AGACAL ten as seguintes competencias:

Funcións en materia de calidade alimentaria:

- a) Realizar actuacións de control e certificación dos produtos acollidos ás denominacións xeográficas de calidade e ás distintas figuras de protección da calidade alimentaria do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Executar cantos controis se lle encarguen en relación coa calidade e a etiquetaxe dos produtos alimentarios, así como coas condicións das materias primas e a rastrexabilidade da produción alimentaria.
- c) Promover e defender a calidade dos produtos amparados polas denominacións e indicativos de calidade.



- d) Realizar estudos e preparación da documentación para o recoñecemento de novas denominacións xeográficas e doutras figuras de protección da calidade que se consideren de interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- e) Prestar todo tipo de servizos de asesoramento e xestión aos consellos reguladores das denominacións xeográficas de calidade e aos órganos de xestión doutras figuras de protección da calidade alimentaria.
- f) Efectuar, logo da formalización do correspondente acordo, aqueles traballos relacionados coa certificación de produtos que lle sexan solicitados por un consello regulador ou outra entidade titular dunha figura de protección da calidade, como análises físicoquímicas ou organolépticas, inspeccións e verificacións.
- g) Actuar como auditor externo dos consellos reguladores e demais entidades xestoras de figuras de calidade dos produtos alimentarios aos cales se refire o artigo 3 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, para os efectos do control oficial da cadea alimentaria en relación cos programas vinculados á calidade diferencial que establece a normativa específica, e actuar como órgano de control das distintas entidades de certificación de produtos alimentarios que operen na Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) Desempeñar as funcións relacionadas coa xestión en materia da artesanía alimentaria, tales como control do uso do indicativo da artesanía, xestión do rexistro de artesanía alimentaria, comprobación do cumprimento dos requisitos para a obtención da condición de artesán e empresa artesanal, e elaboración das normas técnicas de cada produto derivado da artesanía alimentaria, no marco da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

Funcións en materia de investigación:

- a) Determinar e canalizar as demandas científico-técnicas e analíticas do sector agrario e alimentario de Galicia, tendo en conta as súas necesidades, mediante procedementos eficaces de participación dos axentes socioeconómicos afectados nas distintas áreas de traballo.
- b) Impulsar as actividades de I+D+I nos sectores agrario e alimentario de Galicia.
- c) Asesorar a Consellería do Medio Rural nas funcións de coordinación da investigación en materia agraria.



- d) Promover e executar os traballos de investigación nas materias agrícolas, gandeiras e forestais, tanto respecto das actividades de produción e transformación como respecto do cumprimento das boas prácticas agrarias e outros requirimentos dos procesos produtivos primarios nas explotacións gandeiras, de mellora xenética e sanidade agrícola, gandeira e forestal, as relativas á conservación dos recursos xenéticos, á ecoloxía e silvicultura das especies forestais, á propagación, prevención e defensa contra os incendios forestais e ao impacto das actividades do sector agrario sobre o medio. Para o cumprimento desta finalidade poderá solicitar recursos materiais e humanos que poidan ser asignados por calquera das administracións públicas no marco de plans de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación.
- e) Propiciar e facilitar a transferencia e a adopción dos resultados obtidos nas investigacións publicando e divulgando os resultados dos ensaios e proxectos de experimentación así como a dirección e elaboración das estatísticas en materia agraria en coordinación co Instituto Galego de Estatística.
- f) A través dos seus laboratorios realizará as seguintes funcións:
 - i. Atender a demanda de análises químicas de alimentos, bebidas, solos, fertilizantes, augas de rega e produtos de alimentación animal.
 - ii. Investigar a presenza de residuos de produtos fitosanitarios en alimentos, bebidas e en alimentación animal.
 - iii. Diagnosticar enfermidades e a presenza de pragas nos cultivos herbáceos, leñosos e forestais.
 - iv. Realizar análises no ámbito da sanidade vexetal.
 - v. Emitir certificados de exportación de bebidas e tamén realizar informes e recomendacións que teñan que ver coas análises realizadas.
- g) Fomentar a introdución de sistemas de rastrexabilidade e, en xeral, desenvolver todo tipo de actividades que fagan progresar a tecnoloxía, a calidade e a competitividade do sector agroindustrial galego.
- h) Establecer fórmulas específicas de recrutamento, formación e actualización do persoal investigador, nos ámbitos agrario e alimentario, así como as de intercambio e colaboración con outros centros de investigación rexionais, nacionais e internacionais.
- i) Participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos fins da Axencia.
- j) Promover ou participar directamente nas operacións concretas de desenvolvemento nas cales se dean as circunstancias de interese territorial ou estratéxico, insuficiente



participación dos axentes socioeconómicos e a necesidade de estruturar ou reestruturar un ámbito produtivo vinculado ao sector alimentario e que lle sexan encomendadas.

- k) Poñer en valor as distintas actuacións tecnolóxicas e investidoras incluídas nos puntos anteriores ou as que deriven do acervo de coñecementos da Axencia, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación ou comercialización, así como as de participación e implicación dos distintos subsectores nas actuacións propias, sen menoscabo das funcións de divulgación e promoción que neste ámbito poida desenvolver a consellería de adscrición.
- l) Conservar o patrimonio xenético tradicional de Galicia das especies de produción agroforestal.
- m) Promover a mellora xenética do material vexetal de produción agroforestal.

Funcións en materia de formación


- a) Desenvolver, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación, as distintas actuacións tecnolóxicas e investigadoras incluídas nos artigos anteriores.
- b) Programar a formación agraria, nos seus aspectos de ensinanzas regradas e non regradas, tanto das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras como das súas asociacións e agrupacións, así como daquelas persoas que queiran acceder no futuro á titularidade ou xerencia de calquera explotación agraria ou forestal.
- c) Coordinar os centros de formación e experimentación agraria.
- d) Coordinar e facer o seguimento dos cursos de formación realizados no ámbito agrario.

Funcións en materia de estatística e publicacións:

- a) Dirección e elaboración das estatísticas en materia agraria en coordinación co Instituto Galego de Estatística.
- b) Propiciar e facilitar a transferencia e a adopción dos resultados obtidos nas investigacións publicando e divulgando os resultados dos ensaios e proxectos de experimentación.

Estrutura orgánica

Para o cabal desenvolvemento das súas competencias, a AGACAL estrutúrase en servizos centrais e centros de formación e investigación dependentes:



Situación a 31/12/2022

Adaptación normativa

O artigo 74 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia prescribe que a actuación das axencias públicas autonómicas suxéitase ao principio e aos mecanismos de xestión transparente por obxectivos. Os mecanismos de xestión transparente por obxectivos son o contrato plurianual de xestión, o plan de acción anual, o informe de actividade e as contas anuais.

A Disposición Adicional sétima do Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos determinan que O



Consello Reitor da Axencia, no prazo de tres meses seguintes á súa constitución, aprobará a proposta do primeiro contrato plurianual de xestión da Axencia. En canto se produza a aprobación deste contrato plurianual, a actuación da Axencia someterase ao réxime xurídico e principios de actuación recollidos nos estatutos que se aproban mediante este decreto.


O Contrato de xestión da Axencia para o período 2021-2024 foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en sesión de 02/12/2021.

Estrutura de persoal

A 31/12/2022 o rol de persoal da Axencia conta con 359 postos, segundo a seguinte distribución:

Funcionarios de carreira	126
Funcionarios interinos	60
Laborais fixos	120
Laborais temporais	40
Indefinidos	12
Alto cargo	1

Desta relación están ocupadas 148 prazas de funcionario e 137 de laborais, o que representa unha porcentaxe total de ocupación do 79 %. Por outra parte, das 186 prazas de funcionarios, so 73 están asignadas en propiedade (10 sen ocupar) fronte a 113 con asignación non definitiva (28 sen ocupar). En relación coas prazas de persoal laboral, 84 están asignadas en propiedade (7 sen ocupar) fronte a 88 con asignación non definitiva (28 sen ocupar). Esta situación é consecuencia da recente aprobación da RPT da Axencia, sen que as prazas creadas tivesen ocasión de saíren a concurso. En todo caso, as cifras reflicten unha situación de provisionalidade que deberá resolverse nos procesos de estabilización iniciados a finais de 2022.






Estrutura orzamentaria

O 36 % do orzamento da Axencia ocúpase na cobertura de gastos de persoal e funcionamento propio. O 64 % restante asígnase a investimento e transferencias correntes e de capital.

Esta distribución reduce en catro puntos o peso dos gastos de funcionamento da Axencia en relación co orzamento 2021, o que sen dúbida é un índice de mellora na eficiencia na xestión, que non se deriva da redución do persoal senón do incremento da capacidade de xestión.



CAPÍTULO	INICIAL	VIXENTE	VIX-INI	A	% A/INI	OK	% OK/A
I	13.978.130,00	15.150.352,74	1.172.222,74	13.470.181,95	96	13.470.181,95	100
II	2.713.177,00	2.782.445,94	69.268,94	2.682.806,19	99	2.542.378,81	95
III	170,00	7.327,13	7.157,13	793,13	466	793,13	100
IV	1.004.446,00	1.068.775,38	64.329,38	1.001.606,75	100	988.465,72	99
VI	15.707.051,00	20.803.891,15	5.096840,15	7.932.095,43	50	6.781.684,42	85
VII	8.526.348,00	10.136.175,98	1.609.827,98	6.858.622,99	80	6.289.880,57	92
IX	10.501,00	10.501,00	0,00	9.899,32	94	9.899,32	100
TOTAIS	41.939.823,00	49.959.469,33	8.019.646,33	31.956.005,76	76	30.083.574,95	94

Compre analizar, en particular, a execución das partidas de capítulo VI, que amosan unha porcentaxe de execución global insuficiente.

FONDOS PROPIOS LIBRES

PROG	INICIAL	VIXENTE	VIX-INI	A	% A/INI	OK	% OK/A
422L	40.000,00	40.000,00	0,00	1.381,97	3,45	1.381,97	100
422M	514.859,00	512.883,58	-1.975,42	319.711,20	62,10	319.711,20	100
561A	2.191.419,00	2.130.876,63	-60.542,37	2.082.923,71	95,05	2.067.658,63	99,23
581A	263.064,00	70.785,20	-192.278,80	0,00	0,00	0,00	-
713D	2.000.000,00	2.005.431,86	5.431,86	2.003.683,46	100,18	2.003.683,46	100
TOTAIS	5.009.342,00	4.759.977,27	-249.364,73	4.407.700,46	87,99	4.392.435,26	99,65



FEADER

PROG	INICIAL	VIXENTE	VIX-INI	A	% A/INI	OK	% OK/A
422L	2.258.680,00	2.258.680,00	0,00	1.042.325,00	46,15	633.168,60	60,74
561A	3.261.688,00	2.884.578,45	-377.109,55	1.003.506,69	30,77	600.294,15	59,82
713D	0,00	400.000,00	400.000,00	0,00	-	0,00	-
TOTAIS	5.520.368,00	5.543.258,45	22.890,45	2.045.831,69	37,05	1.233.462,75	60,28

A análise da partida de fondos propios devolve un resultado satisfactorio, cun grao de execución do 88 %, que sumado aos pagos por imputacións de exercicios anteriores nos coloca nunha situación práctica de plena execución.

Situación diferente atopámola na execución dos fondos FEADER, cunha porcentaxe de execución do 37,05 % que lastra o resultado conxunto. As causas deste resultado hai que buscalas nas dificultades para a activación e a xestión administrativa das medidas, que requirirán dunha revisión da sistemática para buscar unha mellora na eficiencia dos recursos.

En canto ao FEDER REACT, dous proxectos acaparan a totalidade do investimento. Por un lado, a residencia de estudantes de Sergude conta cun orzamento inicial de 4.000.000 €, ao que se sumaron transferencias por 591.085 €. Deste importe, a 31/12/2022 estaban adxudicadas operacións por 3.732.717,22 €, executadas ou en execución. E en decembro de 2022 licitouse en anticipado de gasto a fase da envolvente do aulario, cun orzamento base de licitación de 641.068,72 €, e un período de execución de cinco meses. A diferenza ata completar o orzamento íntegro, empregárase na compra do mobiliario da residencia, de tal forma que se espera executar integramente o orzamento dispoñible.

O segundo proxecto é o Banco de Xermoplasma do CIAM, cun orzamento de 2.000.000 €. A 31/12/2022 estaban adxudicadas operacións por importe de 1.999.326,26 €, executadas ou en execución. Aínda que se tramitou unha transferencia de 2.091.000 € adicionais, finalmente non se fixo efectiva.

Estrutura patrimonial

Consonte á Disposición adicional oitava do Decreto 52/2018 do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos:

- Adscríbense á Axencia Galega da Calidade Alimentaria os edificios do Pazo de Quián e Palleira en Sergude (Boqueixón), onde queda establecida a sede da Axencia.
- Así mesmo, adscríbense á Axencia Galega da Calidade Alimentaria os centros de traballo onde desenvolven as súas actividades o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia, o Centro de Investigación Forestal de Lourizán e os



centros de formación e experimentación agraria e as subestacións experimentais recollidos neste estatuto.

- Tamén quedan adscritos á Axencia os bens que na data da súa posta en funcionamento se encontren, por calquera título, afectos ao desenvolvemento das súas competencias, sen necesidade de declaración expresa.

Completado o inventario de inmóbeis o valor neto contable, a 31 de decembro de 2022, é como segue:

CENTRO	TERREOS	EDIFICACIÓNS	TOTAL
CFEA Guísamo	939.324,00 €	2.044.010,09 €	2.983.334,09 €
CFEA Sergude	862.400,00 €	3.875.503,52 €	4.737.903,52 €
CFEA Becerreá	346.491,32 €	1.257.172,88 €	1.603.664,20 €
CFEA Monforte de Lemos	363.516,75 €	2.384.124,71 €	2.747.641,46 €
CFEA Lourizán	-	2.512.938,99 €	2.512.938,99 €
CFEA Pedro Murias	521.205,78 €	1.513.769,81 €	2.034.975,59 €
CIAM	3.434.369,84 €	4.434.169,24 €	7.868.539,08 €
EEA Marco da Curra	1.688.950,00 €	445.092,10 €	2.134.042,10 €
EEA Pobra do Brollón	256.948,00 €	189.936,16 €	446.884,16 €
EVEGA	346.203,33 €	772.721,85 €	1.118.925,18 €
EEVE Ribadumia	432.845,65 €	398.358,96 €	831.204,61 €
CIF Lourizán	2.792.000,00 €	1.360.683,04 €	4.152.683,04 €
LAFIGA	-	5.152.417,44 €	5.152.417,44 €
AGACAL	11.984.255,77 €	26.340.897,67 €	38.325.153,44 €

No inmovilizado material inclúense propiedades en adscrición e en cesión. Información en detalle publicada nas Contas Anuais.



OBXECTIVOS E RESULTADOS FUNCIONAIS

O Contrato de Xestión da Axencia para o período 2021-2024 aprobouse en Consello da Xunta celebrado o 02/12/2021. Este documento incorpora obxectivos anuais, que se toman como punto de partida a efecto de avaliar o cumprimento de obxectivos e resultados funcionais. Para cada área funcional amósanse os obxectivos con implicación no exercicio 2022, os resultados acadados, e por fin, unha explicación en detalle das actividades realizadas para maior transparencia.

Certificación e protección da calidade alimentaria

- A **ÁREA DE CERTIFICACIÓN E PROTECCIÓN DA CALIDADE ALIMENTARIA**
Acadar un sistema eficiente da xestión das figuras de calidade e da súa certificación
- A1 Consolidar o funcionamento regular do Departamento de Protección da Calidade Diferenciada
 - A11 Desenvolvemento e posta en marcha dunha aplicación informática para a xestión da actividade de certificación da calidade
 - A12 Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de xestión das DOP/IXP e da súa certificación
 - A13 Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de supervisión do control das DOP/IXP para as que se teña feito delegación de tarefas de control
 - A14 Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de supervisión do control da produción ecolóxica
 - A15 Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de xestión da artesanía alimentaria e da súa certificación
- A2 Modificar a organización do sistema de xestión das DOP/IXP
 - A21 Elaboración e tramitación do proxecto de Lei de calidade alimentaria
 - A23 Establecer un novo sistema de prezos para os servizos de certificación das DOP/IXP
- A3 Reformulación e xestión das axudas a consellos reguladores para gasto corrente
 - A32 Xestión das axudas para gastos de funcionamento e dos programas de control
- A4 Xestión eficaz das tarefas de control e de supervisión
 - A41 Actuacións de control e certificación das DOP/IXP e da artesanía alimentaria
 - A42 Actuacións de supervisión dos consellos reguladores con delegación de tarefas de control

TAREFA	2021	2022	2023	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2022	ACUMULADO
A11					%	20	10	10
A12					Nº	20	0	0
A13					Nº	6	0	9
A14					Nº	3	0	3



A15		Nº	3	0	3
A21		Ano	2022	2021	v
A23		Ano	2021	2022	v
A32		€	3,6 M€	0,88M€	1,85M€
A41		Nº	775	171	517
A42		Nº	30	8	15

Consolidación do funcionamento regular do Departamento de Protección da Calidade Diferenciada (A1)

Desenvolvemento e posta en marcha dunha aplicación informática para a xestión da actividade de certificación da calidade (A11)

Ao longo do ano 2022 continuouse avanzando no desenvolvemento da aplicación "Agacer" para o control e a certificación das indicacións de calidade e da artesanía alimentaria. Con este obxectivo, mantivéronse 14 reunións nas que participaron técnicos da Oficina Técnica de Amtega, técnicos da empresa de desenvolvemento de software Balidea e os propios técnicos do Departamento de Protección da Calidade Diferenciada. A finalidade destas reunións foi a toma de requisitos funcionais e de validación de desenvolvementos evolutivos. A posta en marcha desta ferramenta informática en 2022 permitiu reducir os tempos de realización dos traballos de auditoría. En concreto, quedou funcionando a pleno rendemento o módulo de artesanía alimentaria, polo que se pode dar por reducido nun 10% os tempos de xestión. Queda pendente a posta en funcionamento do módulo de Agacer relativo ao resto de actividades de control e certificación para rematar a tarefa.

Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de xestión das DOP/IXP e da súa certificación (A12)

En 2022 seguiu traballando na elaboración dos procedementos de control e certificación correspondentes a todas as indicacións xeográficas nas que a Agacal exerce o control oficial directamente. Ao finalizar o ano quedaron en fase de borrador os documentos relativos aos procedementos correspondentes ás seguintes DOP/IXP:

- 1.- DOP Arzúa-Ulloa
- 2.- DOP Cebreiro
- 3.- DOP San Simón da Costa
- 4.- DOP Pemento de Herbón
- 5.- IX *Orujo de Galicia*, IX *Aguardiente de Hierbas de Galicia*, IX Licor Café de Galicia, IX *Licor de Hierbas de Galicia*
- 6.- IXP Pan Galego
- 7.- IXP Grelos de Galicia
- 8.- IXP Pemento do Couto



- 9.- IXP Pemento da Arnoia
- 10.- IXP Pemento de Oímbra
- 11.- IXP Pemento de Mougán
- 12.- IXP Faba de Lourenzá
- 13.- IXP *Lacón Gallego*
- 14.- IXP *Tarta de Santiago*
- 15.- IXP Capón de Vilalba
- 16.- IXP Castaña de Galicia
- 17.- IXP Pan de Cea
- 18.- IXP Betanzos
- 19.- IXP Val do Miño-Ourense
- 20.- IXP Barbanza e Iria
- 21.- IXP Ribeiras do Morrazo

Queda pendente a elaboración da documentación definitiva e a súa aprobación, polo que aínda non se pode dar por realizada a tarefa.

[Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de supervisión do control das DOP/IXP para as que se teña feito delegación de tarefas de control \(A13\)](#)

Este obxectivo xa está conseguido, xa que en 2021 quedaron elaborados e aprobados 3 procedementos de control e 3 instrucións técnicas. Tamén se elaboraron listas de verificación para 3 tipos de organismos de control. Debemos salientar que en 2022 tamén se procedeu a actualizar o documento PC-EXT. Os documentos elaborados e aprobados foron os seguintes:

- a) Sector vitivinícola: DOP Monterrei, DOP Rías Baixas, DOP Ribeira Sacra, DOP Ribeiro e DOP Valdeorras
 - Procedemento de control PC-VIN
 - Instrución técnica IT 01-PC-VIN
 - Listas de verificación: LV 01,02,03 PC VIN

- b) Organismos de control de figuras de calidade diferenciada de fóra da comunidade autónoma:
 - Procedemento de control PC EXT
 - Lista de verificación LV PC EXT



c) Organismos delegados de control en Galicia: DOP Mexillón de Galicia, IXP *Tenera Gallega*, IXP *Vaca Gallega/Buey Gallego*, IXP Pataca de Galicia, IXP Mel de Galicia e DOP Queixo Tetilla

- Procedemento de control PC DCC
- Instrución técnica IT 01- PC DCC
- Lista de verificación LV 01- PC DCC

Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de supervisión do control da produción ecolóxica (A14)

Este obxectivo xa está conseguido, xa que en 2021 quedaron elaborados e aprobados o procedemento de control, unha instrución técnica e unha lista de verificación. Os ditos documentos son os seguintes:

- Procedemento de control PC-ECO
- Instrución técnica IT-01
- Lista de verificación LV-01-02-03

Elaboración e aprobación da documentación cos procedementos de xestión da artesanía alimentaria e da súa certificación (A15)

Durante o ano 2022 iniciouse a certificación de produtos amparados por artesanía alimentaria para o que se estiveron aplicando os seguintes documentos:

- Regulamento xeral de control e certificacións
- Procedemento operativo de control e certificación.
- Listas de verificación

Podemos considerar entón que a tarefa está culminada.

Modificación da organización do sistema de xestión das DOP/IXP (A2)

Elaboración e tramitación do proxecto de Lei de calidade alimentaria (A21)

No ano 2022 continuaron os traballos de redacción do Anteproxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia e iniciouse a súa tramitación. O texto co que se iniciaba esta tramitación levouno o Conselleiro do Medio Rural ao Consello da Xunta en marzo de 2022 para que os membros do Goberno tiveran un coñecemento directo dos obxectivos e principais liñas do anteproxecto de lei. Estes obxectivos son os seguintes:



- a) Establecer o marco normativo que permita asegurar na Comunidade Autónoma de Galicia a calidade dos produtos alimentarios producidos, elaborados ou comercializados no seu territorio e a súa conformidade coa normativa de aplicación, en defensa da lealdade das transaccións comerciais e dos dereitos e intereses lexítimos dos produtores primarios, operadores económicos e profesionais do sector, así como das persoas consumidoras finais.
- b) Fomentar, potenciar e garantir a produción de alimentos de calidade diferenciada na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Regular os consellos reguladores cando estas entidades realicen a xestión de figuras de protección da calidade diferenciada.
- d) Determinar, en materia de calidade estándar e diferenciada dos produtos alimentarios, as obrigas dos operadores en Galicia, así como regular a actuación de inspección e control da administración autonómica e establecer o réxime sancionador.
- e) Mellorar a eficacia do sistema de control oficial, perseguir a comisión das prácticas fraudulentas e establecer sancións disuasorias.
- f) Impulsar a sostibilidade da produción alimentaria galega tanto dende o punto de vista ambiental como o económico e o social.

No inicio desta tramitación, o texto estivo exposto en audiencia pública e recibíronse alegacións de diferentes entidades e organizacións. En concreto foron vinte as alegacións presentadas nesta fase de audiencia pública.

O texto enviouse tamén aos diferentes departamentos da Xunta de Galicia que debían informar sobre el. En concreto recibíronse achegas e observacións das seguintes unidades:

- DX Planificación Enerxética e Recursos Naturais (Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación)
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
- Instituto Galego do consumo e a Competencia (Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación)
- Axencia Tributaria de Galicia (Consellería de Facenda)
- SXT e do Patrimonio (Consellería de Facenda)
- Galicia Calidade, SA (Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación)
- SX Presidencia (Presidencia da Xunta de Galicia)
- SXT - DX Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura, Educación e Universidade)



Dende a Axencia Galega da Calidade Alimentaria coordináronse os traballos para a redacción das diferentes versións do texto incluíndo as modificacións que foron necesarias en función das diferentes alegacións, observacións e achegas recibidas así como a realización dos informes relativos ao tratamento que se deu a estas.

É de prever que o proxecto de lei entre no Parlamento en 2023.

[Establecer un novo sistema de prezos para os servizos de certificación das DOP/IXP \(A23\)](#)

Ata o ano 2022, no relativo ás actividades de prestación de servizos de xestión aos consellos reguladores e nas de control e certificación das denominacións de orixe e indicacións xeográficas, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria aplicaba os prezos privados que se recollían na Orde do 23 de Marzo de 2010 pola que se regulan os prezos privados dos servizos de xestión, control e certificación da calidade alimentaria do Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

A evolución que experimentou o sector e a nova configuración da Agacal como herdeira do Instituto Galego da Calidade Alimentaria aconsellaban facer unha modificación da regulación dos prezos privados, incluíndo ademais novas actividades, como as relativas á xestión da artesanía alimentaria.

Con estes antecedentes, en 2022 culmináronse os traballos para a elaboración aprobación e publicación dunha nova normativa reguladora dos prezos que debe aplicar a Agacal, non só por estes servizos, senón tamén polos relativos ás analíticas dos laboratorios da Axencia e outros produtos e servizos prestados, unificándose así nunha única disposición o catálogo dos produtos e servizos prestados e dos prezos aplicados. Esta norma foi a Orde do 25 de marzo de 2022 pola que se fixan os prezos privados por servizos prestados pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria, que se publicou no DOG núm. 67 do 6 de abril.

No relativo aos servizos vinculados á Área de Calidade Alimentaria, esta nova disposición contempla o servizo de xestión de contra etiquetas, o de xestión dos consellos reguladores, o de control e certificación das indicacións xeográficas e o servizo de control e certificación da artesanía alimentaria.

Reformulación e xestión das axudas a consellos reguladores para gasto corrente (A3)

[Xestión das axudas para gastos de funcionamento e dos programas de control \(A32\)](#)

O obxectivo A3 do Contrato de xestión desagrégase en dúas tarefas, a primeira relacionada coa reformulación das axudas para o gasto corrente dos consellos



reguladores (A31) e a segunda relacionada coa xestión destas axudas (A32). No ano 2022 non se abordou a primeira das tarefas porque iso está vinculado coa aprobación da nova lei de calidade alimentaria á que nos acabamos de referir, que modificará determinadas cuestións relativas ao funcionamento destes organismos. Polo tanto, as actuacións neste obxectivo centráronse na xestión, de xeito continuador, das axudas para financiar os seus gastos de funcionamento e os seus programas de calidade.

Axudas para gastos de funcionamento dos consellos reguladores

Para cubrir os gastos de funcionamento dos consellos reguladores existe unha partida de fondos propios do capítulo IV que se adxudica a través dun acordo do Consello da Xunta. En 2022 o acordo foi adoptado o día 23 de xuño.

O orzamento de 2022 contaba cunha dotación orzamentaria de cincocentos corenta mil euros (540.000 €) para este fin.

O reparto entre os diferentes consellos reguladores fíxose, como en anos anteriores, de acordo cun baremo en función de diversos criterios obxectivos. Estes criterios teñen en conta: a maior ou menor capacidade de autofinanciamento, favorecéndose aos consellos reguladores que teñen menor facilidade para conseguir recursos propios (criterio I); o peso dos gastos de persoal sobre o total de gastos, primándose o apoio aos consellos reguladores que teñen un peso relativo maior neste tipo de gastos (criterio II); a maior ou menor dispersión xeográfica, outorgándose máis puntos a aqueles consellos reguladores que deben atender inscritos nunha área máis ampla (criterio III) e por último, a existencia de persoal propio (criterio IV). Ademais, para os consellos reguladores que non contan con persoal propio e aos que lles presta servizos a Agacal introdúcese un factor de corrección (criterio V) para modular o exceso de financiamento que poderían ter aplicando exclusivamente os anteriores criterios.

Exclúense do reparto os consellos reguladores que non acrediten que as retribucións do seu persoal se adaptan ao disposto no Decreto 119/2012 do 3 de maio (requisito que deixou fóra do reparto ao Consello Regulador da DO Rías Baixas). De acordo con este baremo, os 25 consellos reguladores beneficiarios quedaron distribuídos en tres grupos, cada un deles cun mesmo nivel de axuda. Ao Consello Regulador da IXP Tarta de Santiago asignáronse 10.000 euros adicionais para os gastos excepcionais que se previron que ía ter nese ano debidos ás accións xudiciais que, de acordo coas atribucións que a lexislación autonómica lle outorga (artigo 14.1 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria), vai ter que exercer para a defensa desta indicación xeográfica protexida. Na concesión estableceuse que a axuda pagaríase en dúas partes, unha primeira como anticipo e unha segunda logo de xustificar a totalidade do gasto. No seguinte cadro recóllese a axuda concedida para cada beneficiario.



Beneficiario	Subvención Concedida	Subvención Pagada
C.R.DAS DD.XX. AUGAD.E LICORES TRAD.GALICIA	28.375,00	28.375,00
C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA	28.375,00	28.375,00
C. R.I.X.P. CASTAÑA DE GALICIA	28.375,00	27.188,30
C.R.D.O.P. CEBREIRO	28.375,00	28.375,00
CRAEGA	28.375,00	28.375,00
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	28.375,00	28.375,00
C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA	28.375,00	28.375,00
C.R.I.X.P. VACUN DE GALICIA	28.375,00	28.375,00
C.R.D.O.P. ARZÚA-ULLOA	28.375,00	28.375,00
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	28.375,00	28.375,00
C.R.D.O. RIBEIRO	28.375,00	28.375,00
C.R.D.O. VALDEORRAS	28.375,00	28.375,00
C.R.I.X.P. GRELOS DE GALICIA	28.375,00	16.460,49
C.R.I.X.P. PAN DE CEA	28.375,00	28.375,00
C.R.D.O. MONTERREI	28.375,00	28.375,00
C.R.D.O.P. SAN SIMÓN DA COSTA	28.375,00	28.375,00
C.R.I.X.P. FABA DE LOURENZA	10.250,00	8.200,00
C.R.D.O.P. PEMENTO DE HERBÓN	10.250,00	8.200,00
C. R.I.X.P. PEMENTO DO COUTO	7.000,00	5.600,00
C.R.I.X.P. TARTA DE SANTIAGO	20.250,00	17.074,09
C.R.I.X.P. LACÓN GALLEGO	10.250,00	8.200,00
C.R.I.X.P. PEMENTO DA ARNOIA	7.000,00	5.600,00
C.R.I.X.P. PEMENTO DE MOUGAN	7.000,00	5.600,00
C.R.I.X.P. PEMENTO DE OIMBRA	7.000,00	5.600,00
C.R.I.X.P. PAN GALEGO	7.000,00	5.600,00
	540.000,00	510.572,88

Axudas para os programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias

A Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega atribúelles aos consellos reguladores a xestión da respectiva denominación xeográfica, o que supón a realización de diversas funcións, entre as que están a de velar polo prestixio da denominación e polo cumprimento das súas disposicións normativas e aplicar, de ser o caso, os sistemas de control necesarios para garantir a calidade e a orixe dos produtos certificados.

A realización destas tarefas de control supón un labor de notable complexidade, cuxo desenvolvemento eficaz constitúe un factor clave na credibilidade da denominación, e representa un importante custo económico para os consellos reguladores.

Para financiar os ditos gastos, anualmente publícase unha liña de axudas dotada con fondos propios, á que concorren os consellos reguladores que executan actividades de control. De acordo con isto, o 26 de abril de 2022 publicouse no DOG a *Resolución do 11 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR302B)*. As axudas cobren ata o 50 % do gasto subvencionable, para o que tamén se establecen topes.



Ademais teñen prioridade os gastos directamente vencellados á acreditación do consello regulador como entidade certificadora.

A convocatoria 2022 tivo unha dotación orzamentaria de trescentos setenta e cinco mil oitocentos catro euros (340.000 €). Na seguinte táboa recóllense os datos máis salientables da xestión destas axudas.

Beneficiario	Subvención Concedida	Subvención Pagada
CRAEGA	49.532,79	49.532,79
C.R.D.O. MONTERREI	27.532,79	27.532,79
C.R.D.O. RÍAS BAIXAS	27.532,79	27.008,41
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	27.532,79	27.532,79
C.R.D.O. RIBEIRO	27.532,79	27.532,79
C.R.D.O. VALDEORRAS	32.032,79	32.032,79
C.R.D.O.P. ARZÚA-ULLOA	5.972,85	4.883,35
C.R.D.O.P. CEBREIRO	308,95	308,95
C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA	27.532,79	27.532,79
C.R.D.O.P. SAN SIMÓN DA COSTA	2.459,14	2.459,14
C.R.DAS DD.XX. AUGAD.E LICORES TG	18.532,79	18.532,79
C. R.I.X.P. CASTAÑA DE GALICIA	2.008,16	2.008,16
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	26.032,79	26.032,79
C.R.I.X.P. PAN DE CEA	1.390,26	1.390,26
C.R.I.X.P. PATAÇA DE GALICIA	36.532,79	36.532,79
C.R.I.X.P. VACUN DE GALICIA	27.532,74	27.532,74
	340.000,00	338.386,12

Como resumo da xestión en 2022 desta liña de axudas temos que indicar que se aprobaron 16 expedientes, todos eles cunha porcentaxe de subvención do 50 % e cunha subvención total aprobada de 340.000 €.

Xestión eficaz das tarefas de control e de supervisión (A4)

Actuacións de control e certificación das DOP/IXP e da artesanía alimentaria (A41)

Un dos labores fundamentais da Área de Calidade Alimentaria da axencia é a realización do control oficial do cumprimento por parte dos operadores da normativa específica das diferentes figuras de protección da calidade, tanto denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas como os produtos da agricultura ecolóxica.

Para a realización destes labores danse dúas situacións. Así, para as figuras de protección da calidade diferenciada que non contan cun consello regulador capacitado para facer o labor de control, é a propia Axencia Galega da Calidade Alimentaria a que fai directamente o control do cumprimento da normativa específica da figura de calidade, mediante auditorías ou outro tipo de actuacións de comprobación. Na realización destas auditorías utilízase toda a información dispoñible: declaracións dos operadores, verificacións en rexistros oficiais, visitas de control e auditorías anteriores, etc. Ademais, infórmase aos operadores sobre as súas obrigas con relación á figura de protección da



calidade diferenciada á que pertencen así como dos resultados das auditorías e controis realizados. As non conformidades detectadas póñense en coñecemento do operador para que estableza e aplique as medidas correctivas que sexan precisas para solucionar o incumprimento.

Figura de calidade	Controis a produtores	Controis a elaboradores	Controis a outros operadores	Total controis
IXP Val do Miño-Ourense		2		2
IXP Betanzos		4		4
IXP Barbanza e Iria		5		5
IXP Ribeiras do Morrazo		3		3
Augardentes e LTG (4)		9	1	10
IXP Faba de Lourenzá	6	6		12
IXP Castaña de Galicia	5	5		10
DOP Pemento de Herbón	6	9		15
IXP Pemento do Couto	2	4		6
IXP Pemento da Arnoia	1	1		2
IXP Pemento de Oímbra	1	2		3
IXP Pemento de Mougán	1	4		5
IXP Grelos de Galicia	19	1	1	21
IXP Tarta de Santiago		9		9
IXP Pan de Cea		13		13
IXP Pan Galego	14	2	2	18
IXP Lacón Gallego		1	1	2
DOP Cebreiro		2		2
DOP San Simón da Costa		9		9
DOP Arzúa-Ulloa	4	16		20
Total	59	107	5	171

Na táboa anterior resumimos a actividade de control realizada en 2022 para aquelas figuras para as que a axencia asume a tarefa de xeito directo. En total son 23 as DOP/IXP para as que a axencia asume directamente a realización da comprobación do cumprimento dos pregos de condicións correspondentes por parte dos diferentes operadores. Debe terse en conta que os datos relativos ás indicacións xeográficas das augardentes e licores tradicionais de Galicia, que na táboa van agregados, correspóndense en realidade con catro indicacións xeográficas diferentes: *Orujo de Galicia*, *Aguardiente de Hierbas de Galicia*, *Licor de Hierbas de Galicia* e *Licor Café de Galicia*.

En total foron 171 os controis realizados en 2022 para a verificación do cumprimento dos pregos de condicións. Como no ano anterior, realizáronse tanto auditorías presenciais como documentais. A realización das auditorías documentais xustifícase pola incidencia da Covid-19, que fixo necesaria dende o ano 2020 a súa implantación.



No ano 2022 iniciaron a súa actividade dous operadores na IXP Terras do Navia, que xa tiña protección nacional transitoria. A estes operadores se lles realizou auditoría inicial pero aínda non contan con produto certificado no mercado.

Respecto á artesanía alimentaria, iniciouse a inscrición no rexistro das empresas artesanais e das persoas artesás. Durante o ano 2022 realizáronse 24 auditorías de comprobación dos requisitos dos operadores para a súa inscrición no rexistro de empresas artesanais.

Os datos anteriores, referidos á IXP Terras do Navia e á Artesanía Alimentaria, non se reflicten na táboa ao tratarse de auditorías de certificación a operadores que inician a súa actividade e, polo tanto, non programadas.

Actuacións de supervisión dos consellos reguladores con delegación de tarefas de control (A42)

Para o caso das figuras de calidade que contan cun consello regulador con medios humanos e materiais suficientes que lles permitiron no pasado a súa acreditación por ENAC, a axencia ten feita neles unha delegación das tarefas de control oficial, de xeito que a comprobación do cumprimento da normativa destas figuras de protección da calidade faina o correspondente consello regulador. Nestes casos, a misión da axencia, como autoridade competente, é a de supervisar os traballos realizados por delegación.

Figura de calidade	Expedientes	Detalle expedientes	
		Auditoría	Control operadores
DO Valdeorras	1	1	
IXP Ternera Gallega	1		1
IXP Vaca Galega/Boi Galego	1		1
IXP Pataca de Galicia	1		1
IXP Mel de Galicia	1		1
DOP Queixo Tetilla			
DOP Mexillón de Galicia	1		4
CR Agricultura Ecolóxica de Galicia	1		8
ETG Jamón Serrano	1		1
Total	8		

A Axencia tamén realiza esta función de supervisión naqueles casos nos que a delegación de tarefas se fixo nun organismo de certificación, como é o caso da DOP Mexillón de Galicia ou no dos organismos de certificación que operan en Galicia controlando a ETG *Jamón serrano* ou determinados pregos de condicións de indicacións xeográficas protexidas doutras comunidades autónomas para as que está permitido realizar algunhas operacións anteriores á comercialización fóra da súa área xeográfica, como é o caso da



maduración na IXP *Plátano de Canarias* e o embotellado no da IXP *Vino de Castilla y León* e na IXP *Vino de Castilla*.

Esta supervisión se concreta tanto na revisión de documentación como nun traballo máis profundo de auditoría. Na táboa recóllese o resumo desta actividade de supervisión en 2022. As actuacións de supervisión afectaron a oito figuras de protección da calidade.

[Outras actuacións de apoio á xestión dos consellos reguladores e aos seus sistemas de control e certificación](#)

Servizos de apoio á xestión dos consellos reguladores

De acordo coa normativa vixente, os consellos reguladores teñen entre as súas funcións a de xestionar a correspondente denominación de orixe ou indicación xeográfica. Porén, moitos dos consellos reguladores existentes non teñen unha estrutura de persoal propia para a realización destas tarefas, que por outra parte son de carácter especializado e precisan persoal adecuadamente formado para a súa execución. Por iso, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria presta os seus servizos a estes consellos reguladores para o desenvolvemento destas tarefas, que se concretan fundamentalmente nas seguintes actividades:

- Secretariado do consello regulador (convocatoria de reunións, levantamento de actas, apoio xurídico e técnico, etc.)
- Xestión dos rexistros de operadores
- Tramitación de solicitudes de axudas para as diferentes actuacións do consello regulador e tramitación dos correspondentes expedientes de cobro
- Elaboración dos orzamentos anuais
- Elaboración da memoria anual e da liquidación anual de contas
- Relación cos operadores (comunicacións, entrega de contra etiquetas, envío de circulares, etc.)
- Emisión das cotas que deben pagar os operadores ao consello regulador
- Contabilidade

Durante o ano 2022, dende a axencia prestouse o servizo de xestión aos 10 consellos reguladores que se recollen na seguinte lista:

- CR IXP Faba de Lourenzá
- CR DOP Pemento de Herbón
- CR IXP Pemento do Couto
- CR IXP Pemento da Arnoia
- CR IXP Pemento de Oímbra



- CR IXP Pemento de Mougán
- CR IXP Grelos de Galicia
- CR IXP Tarta de Santiago
- CR IXP Lacón Gallego
- CR IXP Pan Galego

Realización de auditorías aos consellos reguladores para o mantemento da acreditación da ENAC

Os organismos acreditados para a realización da certificación de produtos conforme á norma UNE-EN ISO/IEC 17065:2012 están obrigados a facer anualmente unha auditoría do funcionamento do seu sistema de calidade para poder manter a acreditación no cumprimento desta norma. Para facilitar a satisfacción desta esixencia e evitar custos adicionais aos consellos reguladores, a axencia realiza este tipo de auditorías a aqueles consellos reguladores acreditados nos que se delegaron tarefas de control que llo solicitan.

De acordo con iso, en 2022 a axencia realizou dúas auditorías deste tipo, unha ao Consello Regulador da DOP Queixo Tetilla e a outra ao Consello Regulador da IXP Patata de Galicia.

Participación en órganos colexiados do sistema de certificación dos consellos reguladores

Como unha actividade máis de apoio ao funcionamento dos consellos reguladores que teñen delegadas funcións de control, durante o ano 2022 o persoal da axencia participou en diversos órganos colexiados relacionados co sistema de certificación destes consellos reguladores. Esta participación tradúcese na achega de persoal especializado que participa nos procesos de toma de decisión destes órganos, que poden adoptar distintas denominacións e realizar diferentes funcións: comités de certificación, comités de partes ou comités consultivos. Foron en total 20 asistencias que se desagregan do seguinte xeito:

Consello Regulador	Órgano colexiado	Asistencias
IXP Patata de Galicia	Comité de partes	1
IXP Mel de Galicia	Comité de partes	1
DOP Queixo Tetilla	Comité de certificación	12
DOP Queixo Tetilla	Comité de partes	1
DO Valdeorras	Comité de garantías	1
DO Monterrei	Comité de garantías	1
DO Rías Baixas	Comité de garantías	1
CR Agricultura Ecolóxica de Galicia	Comité de partes	1
CR Agricultura Ecolóxica de Galicia	Comité de certificación	1



Participación nos plenos dos consellos reguladores

Como outra actuación máis de apoio e de supervisión da actividade dos consellos reguladores estaría a participación nas reunións dos seus plenos. O artigo 16.4 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, establece que a Consellería do Medio Rural pode designar ata dous delegados nos plenos dos consellos reguladores, que asistirán ás súas sesións con voz pero sen voto. A súa misión é a de prestar asistencia técnica aos plenos, que son o órgano de goberno superior de cada consello regulador.

Para todos os consellos reguladores hai designadas dúas persoas representantes da administración autonómica. En xeral estes representantes están adscritos á Consellería do Medio Rural ou especificamente á Axencia. Nas designacións destes representantes procurese que a Axencia estea representada directamente naqueles consellos reguladores que teñen un maior volume de actividade. Así, a Axencia Galega da calidade Alimentaria está presente directamente en 16 dos 26 consellos reguladores actualmente constituídos, o que permite a esta ter un coñecemento máis directo da realidade do día a día destes organismos e prestarlles un apoio máis eficaz.

Eleccións aos consellos reguladores

O último proceso electoral para a renovación dos órganos de goberno da maior parte dos consellos reguladores (vinte e un) realizárase logo da convocatoria feita mediante a Orde da CMR do 3 de abril de 2017 (DOG 5.04.2017) e o proceso rematou durante o mes de xullo dese ano. Dado que o mandato era por catro anos, dende xullo de 2021 todos os órganos de goberno dos consellos reguladores atopábanse en funcións, polo que só podían aprobar actos de trámite e aqueles que fosen necesarios para o correcto funcionamento da denominación.

Dada a necesidade de iniciar os trámites para realizar a convocatoria electoral (cuestión que compete á CMR) o día 4.10.2021 enviouse a 15 dos consellos reguladores (CCRR) un escrito no que se lles comunicaba a intención da Consellería de lanzar o proceso e se lles pedía que fixesen as achegas e suxestións que estimasen convenientes para iniciar o procedemento. Os 15 CCRR aos que se lles enviou ese escrito eran os seguintes, aos que propuxemos circunscribir o novo proceso electoral:

- CR da DO Monterrei
- CR da DO Rías Baixas
- CR da DO Ribeiro
- CR da DO Valdeorras



- CR da DO Ribeira Sacra
- CR das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia
- CR das Indicacións Xeográficas de Carne de Vacún de Galicia
- CR da DOP Queixo Tetilla
- CR da DOP Arzúa-Ulloa
- CR da DOP San Simón da Costa
- CR da IXP Pataca de Galicia
- CR da IXP Mel de Galicia
- CR da IXP Pan de Cea
- CR da IXP Castaña de Galicia
- CR da Agricultura Ecolóxica de Galicia

Nesta lista están os CCRR que teñen maior volume de produción e de facturación e que acollen á inmensa maioría dos operadores inscritos en réximes de calidade. Os 11 CCRR que quedan fóra da convocatoria son de moi escaso número de inscritos (representan pouco máis do 2% do total de operadores en réximes de calidade), o que dificulta a formación de candidaturas; e tamén moi escaso volume de actividade (o valor total da produción destas denominacións é inferior ao 0,5% do valor total das producións acollidas a réximes de calidade. En definitiva, son CCRR nos que o proceso de renovación suscita pouco interese tanto nos operadores como nos axentes sociais e os medios de comunicación e que, ademais, coa regulación prevista na futura Lei da calidade alimentaria de Galicia, probablemente moitos deles -se non todos- desaparecerán como tales CCRR para converterse en asociacións sectoriais sen ánimo de lucro e de adscrición voluntaria.

Como contestación ao devandito escrito do 4.10.2021, estes quince CCRR fixeron as súas achegas, indicando as cuestións que consideraron introducir neste novo proceso tomando como referencia a convocatoria de 2017.

No caso de catro deses CCRR solicitóusenos unha modificación da composición do pleno, isto é, cambios no número de vogais que deben representar a cada censo e sub censo derivados dos cambios e a evolución sufrida pola correspondente denominación dende a convocatoria de 2017. Estes cambios implicaban a necesidade de modificar o correspondente regulamento antes de proceder á convocatoria das eleccións. En concreto esta situación deuse no Craega e nos CCRR das DO Ribeiro e Ribeira Sacra e da IXP Mel de Galicia. Por iso durante o ano 2022 houbo que acometer, como traballo previo á convocatoria electoral, a modificación destes catro regulamentos. Isto fíxose a través das seguintes ordes:



- Orde do 18 de maio de 2022 pola que se modifica a Orde do 14 de agosto de 2009 pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia e do seu consello regulador (DOG núm. 101, do 27.05.2022)
- Orde do 31 de maio de 2022 pola que se modifica a Orde do 29 de setembro de 2009 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe Ribeira Sacra e do seu Consello Regulador (DOG núm. 109, do 8.06.2022)
- Orde do 31 de maio de 2022 pola que se modifica a Orde do 3 de abril de 2009 pola que se aproba o Regulamento de funcionamento do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (DOG núm. 109, do 8.06.2022)
- Orde do 12 de agosto de 2022 pola que se modifica a Orde do 30 de xullo de 2009 pola que se aproba o Regulamento da denominación de orixe Ribeiro e do seu consello regulador (DOG núm. 161, do 25.08.2022).

Unha vez realizadas estas modificacións xa foi posible a tramitación da convocatoria electoral. Esta tramitación incluíu o preceptivo proceso de audiencia ás persoas interesadas e culminou coa aprobación e publicación da Orde do 7 de novembro de 2022 pola que se convocan eleccións e se ditan normas para a renovación dos órganos de goberno de determinados consellos reguladores do ámbito agroalimentario (DOG núm. 214, do 10.11.2022). Como indicamos anteriormente, mediante esta orde convocáronse eleccións para a renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras; do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia; dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Arzúa-Ulloa, Queixo Tetilla e San Simón da Costa; dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas Pataca de Galicia, Mel de Galicia, Pan de Cea e Castaña de Galicia; do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas de Carne de Vacún de Galicia e do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia.

Por outra parte, mediante esta orde tamén se prorrogou o mandato dos consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas Cebreiro e Pemento de Herbón e o dos consellos reguladores das indicacións xeográficas protexidas Lacón Gallego, Faba de Lourenzá, Grelos de Galicia, Tarta de Santiago, Pemento do Couto e Pemento da Arnoia. A dita prórroga foi por un período de ata dous anos, tempo que debería ser suficiente para a aprobación da nova lei de calidade alimentaria e o regulamento que a desenvolva en materia de réxime de funcionamento dos consellos reguladores.

Unha vez convocadas as eleccións, nese ano 2022, procedeuse a constituír a Xunta Electoral que quedou presidida polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (ACAGAL) e conformada por tres representantes das organizacións profesionais agrarias



e das asociacións de produtores do sector agrario de ámbito galego máis representativas; un representante das cooperativas; un representante das asociacións empresariais dos sectores industriais implicados; e catro persoas representantes da Administración autonómica, unha das cales exerce a secretaría.

O proceso electoral ten que seguir un itinerario que discorre polas seguintes fases: a aprobación de censos, a proclamación das candidaturas, a realización de pactos electorais e a concorrencia á votación nos casos nos que exista máis dunha candidatura proclamada para o censo correspondente e non exista un pacto entre candidaturas. De acordo con iso, no ano 2022, segundo o calendario electoral aprobado, rematáronse as fases de exposición e aprobación de censos (nos que figuraban case 22.000 persoas físicas e xurídicas inscritas) e se iniciou a fase de presentación de candidaturas.

Expedición de carnés de inspectores dos consellos reguladores

O artigo 54.1 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, establece que o persoal dos consellos reguladores que realice funcións inspectoras terá a consideración de axente da autoridade no exercicio das ditas funcións, para o que deberá estar habilitado pola Consellería do Medio Rural. A dita habilitación regulouse a través da Orde do 26 de xaneiro de 2006, pola que se regulan os carnés de acreditación da inspección en materia agroalimentaria.

Conforme a iso, dende o Departamento de Protección da Calidade Diferenciada expídense os carnés para acreditar ao persoal que realiza labores de inspección nos consellos reguladores. Así, no ano 2022 foron un total de 107 carnés emitidos, incluíndo tanto persoal eventual contratado en campaña -principalmente inspectores das denominacións vitivinícolas contratados en vendima- como persoal fixo, dun total de 12 denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.

Observacións a solicitudes de marcas presentadas na OEPM (Oficina española de patentes e marcas) e na EUIPO (Oficina europea da propiedade industrial)

Esta acción realízase conxuntamente cos servizos territoriais de Industrias e Calidade Agroalimentaria. Cada provincia encárgase da revisión un día á semana do Boletín Oficial da propiedade Industrial (BOPI) e de enviar un breve informe cando detectan solicitudes de marcas que puidesen entrar en conflito cos nosos produtos de calidade diferenciada ou, en xeral, coa política de defensa do prestixio da produción agroalimentaria galega.

Na Área de Calidade Alimentaria revísanse estes informes e propostas e redáctanse os escritos de observacións de terceiros, en base ao artigo 5.1 da Lei 17/2001 do 7 de decembro de 2001, de Marcas. Estes escritos preséntanse na OEPM por vía telemática a través da súa oficina virtual.



Durante o ano 2022 presentáronse 37 escritos de observacións de terceiros baseados no artigo 5.1 da Lei 17/2001. Neste apartado a lei recolle ata 14 motivos de prohibición absoluta ao rexistro. A maioría das observacións de terceiros que presentamos están baseadas no apartado g), que se refire ao caso no que a marca que se pretende rexistrar pode inducir ao público a confusión sobre a natureza, a calidade ou a orixe xeográfica do produto ou do servizo.

No ano 2022 houbo 25 observacións a marcas que facían mención ao orixe galega do produto ou a outras orixes xeográficas galegas. Estas observacións están tamén baseadas no Decreto 124/2010, do 15 de xullo, polo que se regulan as mencións relativas á orixe ou procedencia galega na etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimentarios.

Ademais, durante ese ano presentáronse dous escritos de observacións de marcas que facían referencia ao método de produción artesanal; dous referidos ao uso dos termos BIO ou ECO; 5 relativas ao uso de nomes de variedades de uva, outras 2 con mencións que poderían inducir a confusión ao consumidor e unha afectaba á imaxe da IXP Tarta de Santiago.

A OEPM contestou mediante resolución 14 destes escritos enviados pola Axencia. Estas resolucións foron de denegación da marca en 10 casos. Nos 4 restantes a resolución foi de concesión tras a modificación ou limitación voluntaria por parte dos solicitantes

Recollida de datos estatísticos e elaboración de informes

O capítulo V do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores recolle o réxime económico e contable destes organismos así como o control da súa actividade.

No seu artigo 30 establécese que os consellos reguladores elaborarán e aprobarán, dentro do último trimestre de cada exercicio, o orzamento do exercicio seguinte. Ademais, tamén de acordo co artigo 30, elaborarán anualmente, dentro do primeiro trimestre do ano seguinte, unha memoria de actividades realizadas durante o ano inmediatamente anterior e a liquidación orzamentaria do exercicio vencido. Estes documentos deben ser remitidos á consellería competente en materia de agricultura, que exerce a tutela administrativa dos consellos reguladores agroalimentarios.

De acordo co anterior, o Departamento de Promoción da Calidade Alimentaria recibe periodicamente a dita documentación, remitida polos consellos reguladores, así como outra información complementaria que se lles solicita para a elaboración de estatísticas diversas, tanto da propia Administración Autonómica como a demandada pola



Administración Xeral do Estado, que se pode consultar en [<https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/calidad-diferenciada/>].

Coa información recibida, anualmente elabóranse unhas fichas técnicas co resumo dos datos máis relevantes de cada produto de calidade diferenciada, fichas que posteriormente son colgadas na web para xeral coñecemento en:

[<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/agricultura/produtos-galegos-de-calidade>]

2021	Produtor es	Industrias inscritas	Sup inscrita (ha)	Sup plantada (ha)	Volumen cualificado comercializado	Valor* (€)
D.O. Monterrei (hl)	365	27	657,0	657,0	44.537,25	21.110.657,00
D.O. Rías Baixas (hl)	5.046	178	4.184,2	4.184,2	275.465,31	196.131.300,00
D.O. Ribeira Sacra (hl)	2.291	98	1.276	1.276	37.332,21	20.881.545,00
D.O. Ribeiro (hl)	1.667	98	1.293,0	1.158	80.826,77	32.322.625,32
D.O. Valdeorras (hl)	1.042	43	1.113,0	974	38.937,20	25.958.132,00
I.X.P. Barbanza e Iria (hl)	12	5		8,6	340,01	136.004,00
I.X.P. Betanzos (hl)	8	6	6,5	6,5	55,60	22.240,00
I.X.P. Ribeiras do Morrazo (hl)	21	5		7,7	254,20	101.680,00
I.X.P. Val do Miño-Ourense (hl)	6	3		10,4	217,05	86.820,00
Viños						296.751.003,32
I.X. Augardente de Galicia / Orujo de Galicia (l)					84.316,00	1.013.092,00
I.X. Augardente de Herbas de Galicia (l)					7.725,00	92.700,00
I.X. Licor Café de Galicia (l)	134	31		Embotelladores: 42	174.714,00	1.921.854,00
I.X. Licor de Herbas de Galicia (l)					154.162,00	1.695.782,00
Licores						4.723.428,00
I.X.P. Castaña de Galicia (kg)	169	16	1.370,6		28.655,00	233.385,00
I.X.P. Faba de Lourenzán (kg)	37	8	133,8	37,8	21.436,00	192.924,00
I.X.P. Grelas de Galicia (kg)	173	9	636,5	95,4	364.203,59	722.540,58
I.X.P. Patata de Galicia (kg)	99	12	3.369	661,1	6.194.564,00	3.097.282,00
D.O.P. Pemento de Herbón (kg)	26	8	22,5	5,5	90.925,00	363.700,00
I.X.P. Pemento da Arnoia (kg)	20	1	3,6	0,470	4.685,00	7.027,50
I.X.P. Pemento de Mougán (kg)	8	5	5,1	0,14	595,00	2.380,00
I.X.P. Pemento de Oimbra (kg)	13	2	14,5	0,90	10.730,00	13.949,00
I.X.P. Pemento do Couto (kg)	23	4	4,0	1,24	29.943,00	89.829,00
Prod vexetais						4.723.017,08
I.X.P. Ternera Gallega (tm)	8.488	99			23.695,00	137.000.000,00
I.X.P. Vaca e Boi Galego (tm)	441	40			268,00	1.200.000,00
I.X.P. Lacón Gallego (kg)	191	15			10.228,00	69.550,00
Carnes						138.269.550,00
D.O.P. Arzúa-Ulloa (kg)	1.548	18			3.762.623,00	22.608.095,00
D.O.P. Cebreiro (kg)	9	3			52.580,00	580.322,00
D.O.P. San Simón da Costa (kg)	380	9			593.886,95	4.157.209,00
D.O.P. Queixo Tetilla (kg)	1.303	30			1.821.925,00	10.931.550,00
I.X.P. Mel de Galicia (kg)	285	37			221.754,00	1.774.031,00
Queixos e meles						40.051.207,00
I.X.P. Tarta de Santiago (kg)		9			65.474,91	589.274,19
I.X.P. Pan de Cea (kg)		13			412.370,00	1.113.399,00
Panadería e repostería						1.702.673,19
TOTAL sen A Ecoloxica						486.220.878,59
Agricultura Ecolóxica	899	273	32.208,98			112.981.893,00
TOTAL	24.704	1.105	46.298,6		14.609.424,05	599.202.771,59

Resumo dos principais datos estatísticos correspondentes ás denominacións de calidade en 2021.

Durante o ano 2022 fíxose a recollida e o tratamento de datos correspondentes ao ano precedente. Como resumo xeral dos datos estatísticos máis salientables relativos aos produtos de calidade presentamos a seguinte táboa, que reflicte a importancia, tanto dende o punto de vista económico como social, do sector das producións de calidade, nas que están implicados preto de 25.000 produtores primarios, moitos deles titulares de pequenas explotacións familiares, e máis de 1.100 industrias, que comercializan produtos



por valor de máis de case 600 millóns de €. Ademais, estas producións teñen un gran valor intanxible, na medida en que serven para crear a imaxe de calidade que a produción alimentaria galega ten, en xeral, no resto de España, polo que hai un efecto inducido para o resto da produción alimentaria galega e mesmo para a imaxe xeral da nosa comunidade autónoma.

Destacan dentro das producións de calidade as cinco denominacións de orixe vitivinícolas, cun valor do viño comercializado en 2021 de case 300 millóns de euros, o que supón aproximadamente o 50 % do valor total das producións de calidade; e dentro delas sobresa particularmente a DO Rías Baixas, cun valor da produción comercializada en 2021 próximo aos 200 millóns de euros, un 26 % do total do valor dos produtos de calidade.

A outra gran denominación de calidade galega en termos económicos é a indicación xeográfica protexida Terneira Gallega, cunha produción que superou en 2020 o valor de 126 millóns de euros, o que representa un terzo da facturación total do sector dos produtos de calidade.

Na táboa anterior recóllense os principais datos estatísticos das denominacións de calidade en 2021.

Informe da vendima 2022: datos produtivos e programa de control específico desenvolvido

Ao final de cada campaña vitivinícola realízase un informe de vendima das cinco denominacións de orixe galegas. Ademais, faise unha análise da evolución da produción de uva nas distintas denominacións de orixe, así como a distribución varietal, relátanse os problemas que se deron na campaña e faise unha valoración xeral desta.


Como resumo da vendima de 2022 podemos dicir que no conxunto das cinco denominacións de orixe galegas recolléronse un total de 70.204.506 kg de uva, dos que 59.734.028 kg (85 %) foron de uva branca e 10.470.478 kg (15 %) de tinta. Estamos ante a segunda colleita máis abundosa do decenio. A cantidade de uva recollida descende lixeiramente respecto da pasada campaña pero supera nun 12% a media do decenio 2013-2022.

Por denominacións de orixe, Ribeiro e Monterrei aumentaron a produción respecto da pasada campaña, Rías Baixas e Valdeorras diminuíron un pouco e Ribeira Sacra tivo unha colleita moi similar.


Por denominacións de orixe, Ribeiro e Monterrei aumentaron a produción respecto da pasada campaña, Rías Baixas e Valdeorras diminuíron un pouco e Ribeira Sacra tivo unha colleita moi similar.



Evolución do conxunto das cinco DDOO nos últimos dez anos (kg)




Evolución da colleita en kg nas distintas DDOO nos últimos dez anos



A denominación de orixe Rías Baixas é a que lidera a produción, acumulando este ano o 58 % do total da uva recollida, como se reflicte no seguinte gráfico.

Distribución de uva por denominación de orixe





Como se pode apreciar, a denominación de orixe Ribeiro ocupa a segunda posición e as tres restantes tiveron cantidades de uva recollida moi similares.

Un ano máis hai que salientar a elevada participación das uvas de variedades autóctonas no conxunto da vendima. En particular, son de destacar dúas variedades, a Albariño, que supón o 66 % do total das uvas brancas, e a Mencía, que representa o 75 % das uvas tintas.

Para os labores de control durante a vendima, os consellos reguladores empregaron máis de 70 persoas entre o persoal fixo e os eventuais contratados especificamente con este cometido. Por outra parte, durante esta vendima os inspectores de control de calidade alimentaria dependentes das Xefaturas Territoriais da Consellería do Medio Rural, realizaron varias inspeccións para comprobar en adegas a existencia de partidas de uvas ou mostos irregulares. Durante as inspeccións realizáronse medicións e comprobación documental das entradas e saídas nas adegas, sen que se atopase ningunha partida irregular de uvas e/ou mostos.

Ademais, e por cuarto ano consecutivo, a Consellería do Medio Rural -a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria- activou, en coordinación cos consellos reguladores e como reforzo do seu control, un plan de controis na vendima para asegurar e preservar a calidade dos viños das denominacións de orixe galegas. Como novidade para esta campaña introduciuse a creación dunha canle de denuncias, na que a cidadanía, por teléfono ou por medios telemáticos podía poñer en coñecemento da Administración as presuntas irregularidades das que puidesen ter coñecemento.

Este é un plan propio da Xunta, ao cal destinou este ano preto de 200.000 euros, cuxo principal obxectivo é evitar situacións fraudulentas que se poidan producir desvirtuando o sistema xeral de control da calidade e a orixe das materias primas coas que se elaboran os viños galegos con denominación de orixe.

Para este control contouse cun equipo -idéntico ao do pasado ano- formado por quince persoas, das cales doce eran inspectores de campo e tres técnicos. Este programa púxose en marcha en coordinación con todos os consellos reguladores de cada unha das cinco denominacións de orixe, que contan tamén, como dixemos, con persoal propio -fixo e eventual- para os labores de control.

Estas actuacións consistiron en inspeccións a viticultores, a adegas, en transporte (verificación de cargas e descargas), controis de centros de almacenaxe, controis de existencias e vixilancias nocturnas e diúrnas.

Este persoal despregado pola Consellería do Medio Rural grazas a unha asistencia técnica coa empresa pública Seaga, realizou o control sobre máis de 3.400 parcelas, que



corresponden a cerca de 200 viticultores das diferentes denominacións e en máis de 100 adegas.

Unha parte moi importante do control levouse a cabo durante a propia vendima, co fin de verificar a entrada da uva nas adegas, a súa procedencia e a produción máxima que establece cada prego de condicións para as distintas variedades de uva de cada DO. Tamén se estimou a posible colleita para así ter información detallada e poder cotexar coa produción real que se entregaba en adega.

Así mesmo, realizáronse controis terrestres de uva nas proximidades das adegas e nas vías de comunicación na contorna das parcelas de vendima. Tamén se controlaron os centros de almacenaxe ou postos de compra-venda de uva co fin de garantir que estivesen dados de alta no respectivo consello regulador.

Na seguinte táboa recóllese a información resumida dos controis efectuados mediante esta asistencia técnica e das incidencias atopadas.

TIPO DE CONTROL	RÍAS BAIXAS	MONTERREI	VALDEORRAS	RIBEIRO	RIBEIRA SACRA	TOTAL
Control en parcela	785	608	558	859	642	3.452
Control adegas	26	9	28	24	18	105
Viticultores enquisados	87	22	19	35	35	198
Cargas e descargas de mosto en adegas	111	4	2	1	0	118
Visitas puntos acopio	6	0	0	21	0	27
Vixilancia nocturna	1	0	1	1	0	3
Vixilancia diurna	1	0	0	0	1	1
Outros (xestión denuncias)	9	2	1	1	1	13

Como resultado dese control recolléronse unha serie de incidencias como: parcelas abandonadas, sen viñado, con erros catastrais, con titularidade non coincidente, con erros na cabida, con variedades distintas das declaradas, non inscritas no consello regulador, con menor produción da declarada, etc. Todas estas incidencias serán avaliadas cos consellos reguladores para determinar finalmente en cada caso o tratamento que se lle debe dar.



Promoción da calidade alimentaria

B1	Posta en marcha da Artesanía alimentaria
B11	Desenvolvemento e posta en marcha dunha aplicación informática para a xestión do Rexistro de artesanía e das cartas de artesá/n
B12	Aprobación da orde co primeiro grupo de normas técnicas (14) e co logotipo da artesanía alimentaria
B13	Aprobación do manual de uso do logotipo da artesanía alimentaria
B14	Certificación das primeiras empresas artesanais e expedición das primeiras cartas de artesá/n
B2	Impulso das novas indicacións xeográficas
B21	IXP Pan Galego: Posta do produto no mercado
B22	IXP Pan Galego: Acadar o rexistro de 100 panaderías
B23	Capón de Vilalba: aprobación do regulamento e constitución do consello regulador
B24	Capón de Vilalba: posta no mercado das primeiras producións
B25	Terras do Navia: publicación no DOG das ordes coa decisión favorable e de aprobación da protección nacional transitoria
B27	Desenvolvemento dunha estratexia para a diferenciación e posta en valor dos produtos da horta galega
B3	Incrementar o grao de coñecemento das DOP/IXP/AE
B31	Realización de estudos de mercado de avaliación do coñecemento
B32	Mellora da web "Experiencias de Calidade"
B33	Incrementar a presenza nas RRSS
B34	Realización de accións formativas (colexios, hostaleira, persoas consumidoras, etc.)
B35	Realización de accións promocionais de carácter institucional
B36	Realización de campañas de promoción en medios de comunicación
B37	Organización das Catas-Concurso de Galicia (viños, augardentes e licores, queixos e mel)
B38	Xestión das liñas de axuda para accións de promoción
B4	Impulso de accións de mercado
B41	Participación en feiras e outros eventos comerciais
B42	Creación dunha plataforma para a promoción e venda on line dos produtos de calidade
B5	Incrementar o número de operadores e o valor da produción amparada por figuras de protección da calidade diferenciada
B51	Realización de accións de acompañamento e titorización
B52	Realización de accións formativas
B53	Realización de estudos e traballos técnicos
B54	Convocar e xestionar axudas para os gastos de participación dos operadores nas figuras de protección da calidade diferenciada
B55	Promover a realización de accións de cooperación entre consellos reguladores para a promoción conxunta
B6	Achega dos mellores recursos xenéticos autóctonos ás indicacións de calidade
B61	Realización de estudos e traballos técnicos
B62	Realización de programas de multiplicación e reprodución



TAREFA	2021	2022	2023	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2022	ACUMULADO
B11					%	30	30	30
B12					Ano	2021	-	√
B13					Ano	2021	2022	√
B14					Nº	100	23	23
B21					Ano	2021	2022	√
B22					Nº	100	22	22
B23					Ano	2021	-	-
B24					Ano	2022	-	-
B25					Ano	2021	2022	√
B26					Ano	2024	-	-
B27					Ano	2023	2022	√
B31					Nº	2	1	1
B32					Δ visitas	30 %	-	48 %
B33					Δ RRSS	50 %	45	213 %
B34					Nº	45	28	51
B35					Nº	20	15	31
B36					Nº	4	1	2
B37					Nº	16	4	8
B38					€	12 M€	3,37	6,6
B41					Nº	10	8	14
B42					€	0,25M€	1.000	1.000
B43					Nº	3	1	1
B44					Nº	2	1	1
B51					Nº	220	19	28
B52					Nº	17	13	35
B53					Nº	20	3	10
B54					€	800000	199.939	368.692
B55					Nº	10	2	2
B61					Nº	17	3	4
B62					Nº	10		1

Posta en marcha da Artesanía alimentaria (B1)

Desenvolvemento e posta en marcha dunha aplicación informática para a xestión do Rexistro de artesanía e das cartas de artesá/n (B11)

Durante o ano 2022 estívoise traballando no desenvolvemento evolutivo da aplicación AGACER e finalizouse o módulo de artesanía alimentaria, que abrangue tanto a xestión do rexistro de artesanía alimentaria como a xestión e emisión das Cartas de artesá/n, polo que podemos dar a tarefa por realizada.

Aprobación do manual de uso do logotipo da artesanía alimentaria (B13)



A disposición derradeira segunda do Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria faculta a persoa titular da consellería competente en materia de agricultura para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aprobación dos distintivos da artesanía alimentaria e do manual de uso destes.

De acordo co anterior, na orde pola que se aproban as primeiras 14 normas técnicas da artesanía alimentaria inclúense os distintivos identificadores da artesanía alimentaria, tanto o identificador dos produtos artesáns como o dos produtos artesáns da casa e o dos produtos artesáns de montaña.

Para completar a regulación do sector artesanal alimentario de xeito que as empresas que se inscriban no Rexistro da artesanía alimentaria poidan usar no etiquetado, presentación e publicidade dos seus produtos os distintivos da artesanía alimentaria, quedaba pendente a aprobación do seu manual de uso, tarefa que se abordou e executou en 2022 concretándose na publicación da Orde do 7 de setembro de 2022 pola que se aproba o Manual de uso dos distintivos da artesanía alimentaria que se publicou no DOG núm. 176 do día 15 de setembro.

[Certificación das primeiras empresas artesanais e expedición das primeiras cartas de artesá/n \(B14\)](#)

No ano 2022, coa publicación das primeiras normas técnicas de Artesanía Alimentaria iniciouse o rexistro dos primeiros operadores.

Por unha parte recibíronse 71 declaracións responsables de persoas artesás das cales 37 xa contan con cartas de artesá/n e 32 están en distintas fases de tramitación. Por outra recibíronse 40 declaracións responsables de empresas elaboradoras de produtos artesáns. Iniciouse o proceso de certificación das empresas artesás e se fixeron un total de 24 auditorías iniciais.

Como consecuencia destas auditorías iniciais, un total de 23 empresas contan xa coa Resolución positiva e licencia de uso do distintivo de Artesanía Alimentaria.

[Impulso das novas indicacións xeográficas e outras marcas de calidade \(B2\)](#)

[IXP Pan Galego: Posta do produto no mercado \(B21\)](#)

Mediante a Orde do 20 de xullo de 2020 aprobouse o Regulamento da indicación xeográfica protexida Pan Galego/Pan Gallego e do seu Consello Regulador e nomeouse o Consello Regulador provisorio. A partir dese momento comezou a ter actividade esta indicación xeográfica. Porén, a situación pandémica non favoreceu a actividade de captación de operadores para os diferentes rexistros (produtores de trigo e titulares de



muíños e de panaderías) que era o obxectivo para os primeiros meses de actividade da indicación xeográfica. Fixéronse entón durante o ano 2021 traballos conducentes a animar aos potenciais operadores a inscribirse -entre elas, unha xornada técnica- e preparouse diverso material de merchandising e bolsas de papel coa imaxe da IXP, material todo para repartir entre os inscritos. Polo tanto, este lanzamento ao mercado retrasouse sobre as previsións iniciais e non puido ser realizado ata o mes de marzo do ano 2022.

Aínda que o ritmo de crecemento neste primeiro ano de actividade foi inferior ao desexado, a tarefa pode darse por rematada.

[IXP Pan Galego: Acadar o rexistro de 100 panaderías \(B22\)](#)

A 31 de decembro de 2022 o rexistro de instalacións de elaboración e despachos da IXP Pan Galego contaba con 22 operadores. Como indicabamos no punto anterior, o ritmo de incorporación de novos obradoiros non foi moi elevado pero somos optimistas de cara a un cambio de tendencia a partir do ano 2023.

[Capón de Vilalba: aprobación do regulamento e constitución do consello regulador \(B23\)](#)

A indicación xeográfica protexida Capón de Vilalba inscribiuse no rexistro europeo de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas mediante o Regulamento de execución (UE) nº 2017/1833 da Comisión, do 25 de setembro de 2017, que se publicou no Diario Oficial da Unión Europea o 10 de outubro dese ano.

A pesar do tempo transcorrido dende o rexistro, esta indicación xeográfica non puido iniciar aínda a súa actividade e por iso no mercado aínda non se pode atopar produto certificado. Isto é debido tanto á ausencia de instalacións industriais de sacrificio adaptadas ás características desta produción como á rixidez da normativa española en materia de hixiene. A aprobación do Real Decreto 1086/2020, do 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación das disposicións da Unión Europea en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios e se regulan actividades excluídas do seu ámbito de aplicación supuxo un cambio importante da situación, cambio que pode facilitar a produción de canais de aves en pequenas instalacións de sacrificio asociadas ás explotacións que cumpran uns requisitos de hixiene adaptados a estes pequenos volumes de produción. Esta nova situación legal, xunto coa perspectiva na zona dalgún proxecto inversor para a construción de instalacións de sacrificio adaptadas aos requisitos do Capón de Vilalba, motivan a necesidade de poñer en marcha esta indicación xeográfica protexida.

Para acadar este obxectivo, en 2022 realizáronse diversas reunións con posibles interesados nesta actividade e traballouse na redacción dun borrador de regulamento para a IXP e para o seu consello regulador, que os escasos operadores interesados



asumiron como propio e presentaron o 19.04.2022 no Rexistro da Xunta de Galicia, xunto coa solicitude do nomeamento dos membros do consello regulador provisional.

Porén, a escasa implicación detectada de momento no sector e a perspectiva da aprobación da nova Lei da calidade alimentaria que vai traer consigo a posibilidade de xestionar esta indicación xeográfica protexida sen a necesidade dun consello regulador, fixo que de momento a Consellería do Medio Rural non dese o paso de aprobar o regulamento presentado e nomear o consello regulador provisorio. Por iso, aínda que a Axencia ten feitas as actividades correspondentes a esta tarefa, non a podemos dar por realizada.

Capón de Vilalba: Posta no mercado das primeiras producións (B24)

Coherentemente co indicado no punto anterior, non podemos dar por realizada esta tarefa programada inicialmente para o ano 2022.

Terras do Navia: publicación no DOG das ordes coa decisión favorable e de aprobación da protección nacional transitoria (B25)

No DOG do día 11.06.2021 publicouse a Orde do 28 de maio de 2021 pola que se adopta decisión favorable en relación coa solicitude de rexistro da indicación xeográfica protexida Terras do Navia. Cumprido este trámite, o expediente remitiuse, a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, á Comisión Europea, para o inicio da tramitación na fase comunitaria. Non sería ata finais de novembro de 2021 que se recibiu o primeiro informe da Comisión en relación co expediente, o que obrigou -algo que é o habitual neste tipo de tramitacións- a preparar un informe de contestación e determinadas modificacións na solicitude. Esta contestación enviouse en xaneiro de 2022.

Aínda que unha vez recibido o expediente inicial pola Comisión a autoridade competente do Estado (neste caso a administración autonómica) pode aprobar unha disposición pola que se adopta unha protección nacional transitoria, por prudencia, ata ter esa primeira valoración da Comisión, non se adoptou esa decisión.

En marzo de 2022 a Comisión enviou un novo informe solicitando algunha aclaración adicional, ao que dende a Axencia contestouse en maio de 2022. Dado que as observacións que se formulaban neste segundo informe da Comisión xa as consideramos de escasa transcendencia e todo apuntaba a que o expediente tiña xa unha alta probabilidade de ser aprobado sen máis modificacións, procedemos a tramitar a orde pola que se concedeu a protección nacional transitoria á indicación xeográfica protexida Terras do Navia, que se publicou no DOG núm. 138, do 20.07.2022 e no BOE núm. 179, do 27.07.2022. Posteriormente, o 17 de outubro de 2022 publicouse a solicitude de inscrición no rexistro comunitario desta indicación xeográfica protexida no DOUE, abríndose o período de



información pública e o prazo de eventuais oposicións dende calquera outro Estado membro, unha vez que a Comisión xa daba por correcto o expediente.

Desenvolvemento dunha estratexia para a diferenciación e a posta en valor dos produtos da horta en Galicia (B27)

Durante a anualidade 2022 realizouse un traballo intenso para a recompilación de información dispoñible en relación á horta e a descrición das Liñas Estratéxicas da Horta Galega.

O informe realizado recolle a importancia económica do sector facendo fincapé no peso que representa a horta Galega no total da horta do Estado, ostentando a cuarta posición por comunidades autónomas en función da súa importancia económica. Por outra banda, reflectiuse o incremento progresivo da superficie dedicada a esta produción entre os anos 2017 a 2021, determinando os principais cultivos por superficie, destacando a pataca entre estes principais cultivos.

Manexáronse datos de superficies declaradas por cultivo a través do REAGA e incluso se estableceron mapas de densidade por concellos para cada especie producida. Outro eido importante foi a obtención de datos correspondentes á estatística agraria da Xunta de Galicia unha vez procesados pola Axencia, que incluíron as producións e os destinos da produción, xa fora autoconsumo e reemprego ou comercialización.

De cara á implantación dunha futura estratexia, as variedades autóctonas de especies hortícolas presentes no Banco de Xermoplasma de Recursos Fitoxenéticos da Comunidade Autónoma de Galicia que alberga o CIAM teñen unha importancia estratéxica de cara á conservación e uso destes recursos, o cal responde ás obrigas contraídas pola Comunidade Autónoma de Galicia nesta materia, así como ás razóns que motivan e poñen en valor estes recursos, como a de ser un patrimonio biolóxico e xenético, a representación dunha fonte valiosísima de xenes para a resiliencia e resistencia a estrés hídrico ou patolóxico ou mesmo a obtención de mellores calidades e cantidades de colleitas. No estudio da colección das variedades hortícolas presentes no Banco de Xermoplasma, quedou de manifesto o gran potencial para explotar e transferir ao sector pola variedade de especies e de ecotipos, moitos dos cales xa teñen ou están en proceso de rexistro para poder ser postos a disposición do sector. Por outra banda, o estudo das variedades en risco de erosión xenética permitiu valorizar estes ecotipos propoñéndoos incluso como susceptibles de axudas agro ambientais e/ou de inclusión en figuras de calidade diferenciada. Non só ten importancia a conservación e a posta a disposición do sector destas especies e variedades locais, senón que o deseño dun proceso de transferencia a través da súa multiplicación aproveitando o sistema AKIS galego pola relación directa entre investimento en coñecemento, innovación e incremento da competitividade. Neste sentido, os exemplos de colaboración público-privada



actualmente en execución para a multiplicación de sementes dan conta dos esforzos por transferir todo este tesouro xenético, patrimonio de todos os galegos.

Pero para chegar a deseñar unha estratexia completa era preciso coñecer en detalle o destino da produción hortícola, polo que se fixo unha análise por destino xeográfico (venta e consumo nacional versus exportación) e se realizaron enquisas a 81 produtores galegos de carácter comercial elixidos ao azar de entre máis de 190 explotacións referenciadas polo persoal técnico da Consellería do Medio Rural e das Oficinas Rurais de referencia como as máis representativas por volume e especies hortícolas cultivadas nas principais comarcas produtoras de Galicia. Chegouse a determinar o volume de consumo de pataca por canles de distribución e mesmo se realizou unha clasificación das hortalizas polo lugar de consumo e o grao de transformación vendo o consumo de hortalizas frescas nos fogares durante o ano 2021 e a evolución anual do volume de compra por tipo de hortalizas frescas segundo os datos estatísticos oficiais avaliando o consumo per cápita e a evolución do consumo no fogar, frescas ou transformadas.

Para coñecer as necesidades de produción estudouse a previsión da demanda tendo en conta a evolución do perfil do consumidor e os cambios por usos, hábitos e tendencias de consumo de alimentos no ano 2021. A continuación fíxose un estudo de macro tendencias e o análise PEST co fin de identificar os factores externos do negocio que poden influír no seu desenvolvemento. O PEST permitiu analizar os factores ou tendencias políticas, económicas, sociais e tecnolóxicas que afectan ou poden afectar ao sector. Adicionalmente, identificáronse e analizáronse ata 10 marcas líderes con presenza no ámbito comercial nacional (Tierra de Sabor, Eusko Label, Euskal Baserri, Reyno Gourmet, Calidad Certificada, Naurane, Calidad Agroalimentaria, Producción Controlada Alcampo, Prince de Bretagne e Label Rouge). Finalmente, desenvolveuse a análise DAFO do sector hortícola galego, para o cal se organizaron mesas sectoriais para recoller a percepción e a información de expertos na materia convocando a diferentes axentes sociais directamente relacionados co sector (produción, distribución, comercialización on line) o que permitiu extraer conclusións e recomendacións. Entre as fortalezas destacaron o prestixio da orixe Galicia, o sistema de produción sostible e tradicional, as excepciónais condicións climatolóxicas e do terreo ou a localización óptima de Galicia para atender o mercado do Norte Peninsular. Entre as debilidades destacaron a formación e profesionalización do sector, a excesiva burocracia administrativa, a xestión da comercialización e marketing ou o sector produtivo atomizado e pouco estruturado. Unha vez identificadas as posibles ameazas, describíronse as oportunidades que convén aproveitar para conseguir desenvolver a potencialidade do sector.

Como colofón deste traballo, deseñáronse as liñas que deben conformar a estratexia para a diferenciación e posta en valor da produción hortícola de Galicia, que serían as seguintes:



- a) Eficiencia financeira: Promover programas formativos e ferramentas destinadas ao crecemento empresarial para xerar axentes produtores de maior tamaño, máis eficientes e máis solvente
- b) Crecemento e impacto no cliente: Crear e comunicar unha marca de garantía da horta galega recoñecida e apreciada polo consumidor.
- c) I+D+i público Galego: Potenciar o Banco de Xermoplasma e os Centros de Investigación Agraria para levar o mercado novas variedades autóctonas de especies hortícolas máis resistentes e sustentables.
- d) Agricultura ecolóxica. Fomentar a agricultura ecolóxica de especies hortícolas para engadir valor ao produto
- e) Dixitalización: Fomento da comercialización colectiva B2C (da granxa á mesa) e B2B (da granxa á tenda) para facilitar e poñer en valor a comercialización do produto hortícola galego.
- f) Transferencia do coñecemento: Transferir o novo coñecemento tecnolóxico e técnico procedente do I+D+i dos centros técnicos públicos dunha maneira eficiente e efectiva ao produtor
- g) Hubs tecnolóxicos de innovación agroalimentaria: Fomentar a innovación práctica agroalimentaria para reter, captar e manter o valor en Galicia

Incremento do grao de coñecemento das DOP/IXP/AE (B3)

Realización de estudos de mercado de avaliación do coñecemento (B31)

Dentro dos sectores asociados á produción alimentaria galega destaca o cárnico, cuxa actividade xera un importante impacto económico no ámbito rural galego. Neste sentido, Galicia conta cunha cabana gandeira distinguida e apreciada polo resultado dunha alimentación de calidade, das melloras en materia xenética, da potenciación das razas autóctonas e da aplicación dos protocolos de sanidade animal existentes. Porén, o potencial galego nesta materia é moi elevado, superior ao que se está a aproveitar. Por tal razón, a Axencia licitou a elaboración dun estudo estratéxico sobre o sector cárnico galego que se completou en 2022.


Mellora da Web "Experiencias de Calidade" (B32)

A web Experiencias de calidade nace a finais de 2021 cunha vocación claramente promocional, incorporando a posibilidade da relación comercial directa entre comprador e vendedor. A dispoñibilidade para a venda require da autorización previa do produtor. A



incorporación de produtores á venda directa a través deste ciclo curto abarca, en 2022, ás DO/IXP de viños, augardentes e licores tradicionais, queixos e meles.

Utilizaron a web preto de 8.000 usuarios, que realizaron máis de 10.000 visitas. Coa expectativa dun incremento notable da actividade, mantense ao longo do exercicio un continuo desenvolvemento tanto da área promocional como na de venda, incrementando os contidos dispoñibles e mellorando as condicións de acceso, control e servizo desde a plataforma. Trabállase co obxectivo de adaptar a capacidade da web á demanda de uso que se prevé en 2023, logo da emisión das campañas de promoción específicas en preparación.



Presenza nas redes sociais (B33)

Entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022 as redes sociais da Axencia Galega da Calidade Alimentaria experimentaron un amplo avance. A súa comunidade aumentou nun



65,9%, mentres que as persoas alcanzadas aumentaron un 79,2% e as visualizacións nun 95,8%.

As persoas que maioritariamente seguen os contidos da Axencia nas redes son mulleres de entre 35 e 54 anos, que viven nas grandes cidades galegas e nas súas contornas.

Facebook

Entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2022 as redes sociais da Axencia Galega da Calidade Alimentaria experimentaron un amplo avance. A súa comunidade aumentou nun 65,9%, superando por primeira vez a barreira das 3.500 persoas (3.581) e continúa aumentando a bo ritmo.

As persoas alcanzadas aumentaron un 80,20% e as visualizacións un 97,2% en taxa inter anual (o dobre). Pola súa parte, a taxa de interaccións alcanzou o 8%, unha boa proporción para este tamaño de comunidade. Rexistráronse máis de 5.800 reaccións ás publicacións e máis de 17.600 clics nas ligazóns.

Métrica	31/12/2020	31/12/2021	31/12/2022	% Var. 22-20
Comunidade	1.234 seguidores	2.354 seguidores	3.581 seguidores	190 %
Alcance posts	77.868 persoas	342.703 persoas	686.663 persoas	782 %
Visualizacións posts	90.979 impresións	426.761 impresións	418.500 impresións	360 %
Taxa interacción	6%	9%	8%	33 %

Datos facebook - evolución 31 decembro 2020 - 31 decembro 2022

En Facebook, o 66,8% da comunidade son mulleres e o intervalo de idades con máis peso (agrupa ao 65,7% do total) é o situado entre os 35 e 54 anos.

A audiencia procede, na súa maioría de contornas urbanas, como as sete grandes cidades galegas, que se sitúan en primeiro lugar, e tamén de núcleos de poboación importantes en áreas rurais, como Ames ou Monforte de Lemos. Madrid tamén se cola entre as cidades que máis visitan a nosa páxina.

Co 98,9% do total, España é o país que máis público achega.

Instagram

No período anual analizado neste informe, a comunidade nesta plataforma incrementouse nun 40,28%, superando a fronteira das 2.200 persoas seguidoras.



As persoas alcanzadas aproximáronse ás 256.000 e as visualizacións foron preto de 180.000, con aumentos do 110,3% e o 98,5%, respectivamente (máis do dobre en ambos casos). A interacción foi elevada, do 8,9%.

A páxina de Instagram foi visualizada máis de 340.000 veces neste período.

Métrica	31/12/2020	31/12/2021	31/12/2022	% Var. 22-20
Comunidade	632 seguidores	1.681 seguidores	2.267 seguidores	259 %
Alcance posts*	20.176 persoas	80.366 persoas	256.500 persoas	1.171 %
Visualizacións posts*	23.780 impresións	516.261 impresións	279.850 impresións	1.077 %
Taxa interacción	11%	10%	8,9%	-19 %

Datos Instagram - evolución 31 decembro 2020 - 31 decembro 2021

Sobre o perfil da audiencia nesta plataforma, o 57,7% son mulleres e o 42,3% homes. O intervalo de idades no que se concentra máis da metade da comunidade sitúase entre os 35 e 54 anos (o 63,1% do total). A audiencia procede maioritariamente da cidade de Madrid. A estas séguena os grandes núcleos urbanos galegos. En canto aos países, España é o que máis público achega, co 95%.

O resumo total da actividade nas redes sociais sería o seguinte:

Métrica	31/12/2020	31/12/2021	31/12/2022	% Var. 22-20
Comunidade	1.866 seguidores	4.035 seguidores	5.848 seguidores	213 %
Alcance posts	98.044 persoas	423.069 persoas	943.163 persoas	862 %
Visualizacións posts	114.759 impresións	426.761 impresións	698.350 impresións	509 %

Total RRSS - evolución 31 decembro 2020 - 31 decembro 2022

En definitiva, nestas dúas redes sociais en dous anos a comunidade de seguidores triplicouse, as persoas alcanzadas son case dez veces máis e as visualizacións multiplicáronse por seis.

Realización de accións formativas (B34)

A realización de accións formativas dirixidas tanto ao público xeral como a aqueles colectivos que sexan de especial interese (alumnos de escolas de hostalería, responsables de comedores escolares, prescritesores e periodistas especializados, influencers, etc.) teñen ao noso modo de ver unha relación custo/beneficio moi favorable, por iso estas actividades recolléronse como unha tarefa a executar dentro do Contrato de xestión da Axencia para o período 2021-2024. A continuación recolleemos as actuacións realizadas en relación con esta tarefa.

Come local (1 de febreiro a 30 de xuño)



A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, promove por terceiro ano consecutivo a campaña Come Local, centrada na promoción do consumo de produto galego de calidade certificada e de proximidade entre o alumnado da nosa comunidade. Nesta ocasión participaron na iniciativa un total de 23 centros escolares de toda Galicia, acadando arredor de 3.380 usuarios de comedor.

Desta volta, o obxectivo estivo en ampliar a rede de comedores escolares que introducen produtos con certificado de calidade (Denominación de Orixe Protexida, Indicación Xeográfica Protexida e produtos ecolóxicos) nos menús dos cativos. A campaña prolongouse ata o remate do curso 2021-2022.



Como novidade, nesta terceira edición os catro centros de formación agroforestal dependentes da Consellería do Medio Rural (Guisamo, Sergude, Becerreá e Monforte) comezaron o proceso para contar co certificado de Km 0. Isto supón que máis dun 65% dos alimentos que entren nas súas cocinas deben ser de produtores da contorna.

Nesta campaña elixíronse centros cunha determinada sensibilidade para poder acceder a recoñecementos como o de comedores Km 0, debido á súa aposta polas producións de proximidade á hora de confeccionar os seus menús. Outro criterio para a elección dos centros foi o de considerar os distintos sistemas de xestión tanto educativa como do comedor e así participan centros escolares públicos, concertados, comedores xestionados por Anpas ou os servizos de catering.



A campaña arrincou no mes de febreiro e tivo unha duración de cinco meses. Non só se tratou de degustacións de menús especiais feitos con produtos de proximidade galegos senón que tamén se desenvolveron actividades formativas, tanto sobre as características nutricionais dos propios produtos como o impacto que supón o consumo de produtos certificados na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU.

Ademais, impartíronse charlas informativas para que os máis cativos coñezan a importancia de consumir produtos locais e como poden identificalos de xeito sinxelo grazas ás distintas etiquetas dos selos de calidade.

Outra ferramenta coa que se traballou foi a xestión dos custos dos ingredientes nas receitas para poder ter maior control dos gastos na elaboración dos propios menús. Para esta fin, enviáuselles un “escandallo” para que puideran botar man del para tal fin, así coma un vídeo titorial.

Por último, facilitóuselles aos responsables de aprovisionamento dos centros unha base de datos cos provedores da súa zona con certificado de calidade da que algún deles xa está botando man actualmente. Ademais disto, se lles fai un asesoramento personalizado en función das necesidades, cantidade, localización, etc.



Entregáronse nestes colexios produtos procedentes dos seguintes consellos reguladores: Craega (Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia), DOP Arzúa-Ulloa, IXP Tarta de Santiago, IXP Fabas de Lourenzá, DOP Cebreiro, DOP Queixo Tetilla, IXP Castaña de Galicia, IXP Mel de Galicia, IXP Pan de Cea, IXP Pataca de Galicia, IXP Pemento do Couto, DOP Pemento de Herbón, IXP Lacón Gallego e IXP Ternera Gallega.

Os centros que participaron nesta III edición da Come Local son: CEIP Labarta Pose (Zas), CPI Plurilingüe Cabo da Area (Laxe), CEIP de Palas de Rei (Palas de Rei), CEIP Plurilingüe de Luíntra (Luíntra), Nuestra Sra. de los Remedios (Compostela), CEIP Filomena Dato (Barbadás), CEIP Rogelio García Yáñez (Ramirás), CEIP Roberto Blanco Torres (A Peroxa), El Marisma de Santa Mariña (Redondela), CEIP de Soutelo de Montes (Soutelo de Montes),



CPI Alcalde Xosé Pichel (Coristanco) e CEIP Plurilingüe Virxe do Carme (Sober), CEIP Virxe da Barca (Muxía), CEE Nosa Señora do Rosario (A Coruña) e o CEIP Ruxidoiro de Barbadás.



Ademais dos 9 comedores escolares Km 0: CEIP Xacinto Amigo Lera (Portomouro), CEIP Os Muíños (Muxía), CEIP Vicente Otero Valcárcel (Carral), CEIP López Ferreiro (Compostela), CEIP Joaquina Gallego Jorroto (A Merca), CEIP Saco e Arce (Toén), CPI Antonio Faílde (Coles), CEIP A Paz-Tintureira (Coruxo-Vigo) e CEIP A Lomba (Vilagarcía de Arousa). Algúns destes últimos foron distinguidos a raíz do seu traballo na anterior campaña celebrada no curso pasado.

Entregáronse nestes colexios produtos procedentes dos seguintes consellos reguladores: Craega (Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia), DOP Arzúa-Ulloa, IXP Tarta de Santiago, IXP Fabas de Lourenzá, DOP Cebreiro, DOP Queixo Tetilla, IXP Castaña de Galicia, IXP Mel de Galicia, IXP Pan de Cea, IXP Pataca de Galicia, IXP Pemento do Couto, DOP Pemento de Herbón, IXP Lacón Gallego e IXP Ternera Gallega.

O custe total das accións foi de 18.089,50 €.

VALORACIÓN

É moi positivo o impacto destas accións nos máis pequenos para que coñezan os produtos de proximidade e valoren dende a infancia a importancia dunha alimentación saudable, equilibrada e dun consumo responsable e sostible.

[Realización de actividades promocionais de carácter institucional \(B35\)](#)

Ademais de participar en eventos promocionais cunha marcada orientación comercial dando cobertura a diferentes empresas alimentarias, a Axencia tamén participa en eventos e realiza diferentes actuacións cun carácter máis institucional, onde predomina a promoción das "marcas colectivas" que representan as DOP/IXP e a produción ecolóxica sobre as marcas particulares das empresas. A continuación referimos os eventos nos que participou a Axencia.

Revera Vinum, I Encontro do Viño Galego (Santiago de Compostela, 22,23 e 24 de marzo)



O I Encontro do Viño Galego *Revera Vinum* pretendeu dar a coñecer, promover e difundir os viños galegos entre os profesionais do sector e a veciñanza e os turistas que visiten Santiago de Compostela, así como lograr crear un punto de encontro para as diferentes adegas, DO e IXP galegas, reunidas todas elas por primeira vez nun evento destas características.

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), coa colaboración dos Consellos Reguladores dos viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia, participou neste certame cun espazo conxunto no Túnel do Viño. Baixo esta presenza agrupada púxose en valor o potencial do sector vitivinícola galego ante os visitantes profesionais, facéndooos conscientes da súa importancia e do seu alcance. Participaron máis de 200 referencias de viños e augardentes.



O deseño e distribución do espazo convidou ao visitante a percorrer o posto para descubrir e catar os produtos expostos (viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia), converténdose nunha experiencia sensorial única. Unha grande oportunidade para dar a coñecer a calidade e diversidade destas producións. No caso dos viños, as referencias participantes agrupáronse por denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida, e diferenciadas por tipo de viño (branco ou tinto), ordenadas alfabeticamente e identificadas coa correspondente ficha de cata. No caso das augardentes e licores tradicionais de Galicia estiveron agrupadas por indicación xeográfica. As marcas premiadas cos Acios ou cos Potes nas Catas de Galicia 2021 sinaláronse coa distinción acadada, acompañados dos queixos e melles premiados nas Catas de Queixos e Melles de Galicia 2021. Ademais, no espazo Experiencias de Calidade tiveron lugar pequenas elaboracións culinarias de produtos de calidade maridadas cos viños con DO ou IXP, comentadas por técnicos dos consellos reguladores correspondentes segundo o programa que se xunta.



O custe do evento foi de 34.199,44 €.

VALORACIÓN

Esta acción é moi positiva nun contexto de inestabilidade de mercado e prezos para un sector clave na dinamización agroindustrial galega como é o dos viños de calidade diferenciada. Cabe destacar as sinerxías acadadas entre a Agacal, a asociación de Hostaleiros de Santiago e os diferentes consellos reguladores dos viños galegos con DOP.

Galicia Market Place (Vigo, 29 de abril)

O venres 29 de abril tivo lugar no Círculo de Empresarios de Galicia en Vigo a 6ª edición do GALICIA MARKET PLACE co título: "Construír un futuro para o campo de Galicia. Como o facemos?". Foi unha xornada completa integrada por espazos e accións continuadas cun programa de actividades que transformou ao Círculo no epicentro do emprendemento agroalimentario galego.



Houbo mesas redondas, un espazo escaparate de produtos galegos de calidade, degustacións, unha xornada gastronómica e un xantar-coloquio sectorial co título: "Os mercados do futuro de Galicia" que contou coa presenza do Conselleiro do Medio Rural.

A Consellería do Medio Rural a través da Axencia estivo presente nas diversas mesas-coloquio onde se falou de varias iniciativas de posta en valor de produtos da gastronomía galega a través das marcas de calidade diferenciada. Tamén organizou no marco do "espazo escaparate" unha exposición e degustación dos distintos viños, queixos e meles galardoados cos distintivos de ouro nas Catas de Galicia organizadas pola Agacal na edición 2021.

Lucus In Vino Veritas (Lugo, 20 e 21 de maio)



Trátase dun evento especializado do sector vinícola, que tras dúas edicións de sona, xa ten un oco importante no mundo do viño. Un dos obxectivos básicos logrados é o achegamento ao público xeral a través de actividades que unen este sector co valor patrimonial, cultural e turístico da cidade de Lugo.



Un evento ao que acoden bodegas de toda a Península ibérica e con especial importancia as do territorio galego. Tamén contou coa participación de diversos profesionais do sector vinícola, hostaleiro e cultural, tanto de Lugo como doutras cidades.

Os actos tiveron lugar no emblemático espazo do adro da Catedral de Lugo e haberá stands para bodegas, catas e showcookings e tamén actividades culturais.

A consellería do Medio Rural a través da AGACAL colaborou co desenvolvemento de varias actividades:

O venres día 20 ás 20.30h, como actividade previa ao evento tivo lugar unha cata de viños con algúns dos premiados cos acios de ouro nas Catas de Galicia 2021. Estivo conducida polo experto Juanjo Figueroa, membro do Instituto Galego do Viño.



Xa o día 21 a Agacal contratou tres espazos expositivos para adegas, nos que participaron os gañadores do mellor viño tinto de Galicia e do acio de ouro ao mellor tinto da DO Ribeira sacra nas Catas de Galicia 2021. No outro espazo foi o Consello



regulador das IX das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.

Por último tamén houbo unha cata cos augardentes e licores premiados nas Catas de Galicia 2021, conducida por Sonia Otero, vogal do Consello regulador das IX das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.

Festival Portamérica (Caldas de Reis, 2 a 4 de xuño)

O festival Portamérica é un dos eventos mais importantes do panorama musical galego e desde os seus inicios tivo unha importante actividade paralela aos concertos vencellada coa gastronomía e os produtos galegos de calidade.

O evento celebrouse nos concellos de Caldas de Reis e Portas, os días 2, 3 e 4 de xuño nos emblemáticos lugares da carballeira de Caldas e a Azucreira de Portas.

Creado en 2012 por EsmerArte, axencia galega de promoción artística e xestión cultural con máis de 20 anos de experiencia no sector, celebrou en 2022 a súa 9ª edición



congregando así en Caldas de Reis a máis de 30.000 asistentes. Todo un fito para unha proposta cultural innovadora que transcende o musical e un ano máis tendeu pontes a ambos os dous lados do Atlántico, brindando aos seus asistentes o mellor de cada recuncho do mundo. Portamérica é un exemplo de dinamización cultural e turística e un revulsivo para a economía da Provincia. Na súa última edición xerou máis de 400 postos de traballo, un impacto económico de 4,7 millóns de euros e 100% de ocupación hostaleira en Caldas de Reis e a súa área de influencia.

Unha das accións do evento vencellada coa gastronomía foi o denominado showcocking no que participaron 22 chefs de nivel internacional.

A participación da Axencia consistiu no evento "Cata a cegas" onde dous chefs dos participantes no festival, así coma un experto catador que fai de mestre de cerimonias,



catan a cegas queixos galegos premiados na cata oficial dos queixos de Galicia maridados con mel e viños galegos. Na cata déronse pistas sobre receitas e formas de consumo mais axeitadas e en xeral fíxose unha promoción dos produtos que estaban en exposición nun bodegón a disposición dos asistentes. Está acción tivo ademais un seguimento a través de redes sociais, un video promocional dos produtos galegos e un video resumo das catas de Portamérica.

III Encontro de Axentes Socioeducativos (Santiago de Compostela, 15 de xuño)

O 15 de xuño tivo lugar no Centro de Estudos Avanzados da USC a III edición do ENCONTRO DE AXENTES SOCIOEDUCATIVOS co tema "Comunidade de accións e saberes arredor do rural".



A Axencia colaborou no programa desta xuntanza cunha degustación de produtos con distintivo de calidade.

Déronse a degustar queixos e meles premiados nas categorías das catas dos queixos e dos Meles de Galicia 2021, así como outros produtos con indicativo de calidade como o Pan Galego ou a Tarta de Santiago. Acompañando á degustación, un técnico da Agacal explicará aos asistentes as propiedades diferenciais destes produtos e a protección que lle brindan as marcas de calidade ás que están acollidos.

Foro Galis (Santiago de Compostela, 17 de xuño)

O día 17 de xuño tivo lugar no hotel Oca Porta do Camiño de Santiago de Compostela a XI edición





do Foro Galis da Asociación Galega de Fabricantes de Alimentos Compostos (Agafac). Neste esperado encontro anual tratáronse os retos que debe afrontar o sector no ámbito da seguridade alimentaria, sostibilidade e dixitalización. Presentaranse tamén as últimas novidades tecnolóxicas e os proxectos nos que está a traballar Agafac.



A Axencia colaborou neste evento cun posto para a promoción e degustación dos produtos galegos con calidade diferenciada no que estiveron os viños, licores e augardentes premiados cos Acios de Ouro nas Catas de Galicia 2021 e tamén os queixos e meles premiados nas Catas 2021.

Festival da Luz (Boimorto, 27 e 28 de agosto)

A Agacal está presente e apoia a celebración do Festival da Luz na localidade coruñesa de Boimorto. Así, a Agacal aproveita este evento para facer promoción dos produtos agroalimentarios galegos de calidade diferenciada. En concreto, por parte de Medio Rural programáronse diferentes actividades lúdicas, , todas elas orientadas ás familias, co fin de dar a coñecer os selos dos produtos con indicativo de calidade correspondentes ás distintas denominacións de orixe (DO) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) de Galicia.



Entre as accións promocionais, atópanse un concurso infantil para dar a coñecer os produtos galegos con indicativo de calidade, unha actividade con produtos ecolóxicos dirixida por persoal do Craega e un obradoiro de Mel de Galicia (Coñece as diferentes variedades do mel de Galicia e participa no sorteo de agasallos. Tamén houbo un programa completo de degustacións tales como catas de viños das DO galegas, Ternera Gallega, unha queimada con augardente tradicional galega, un obradoiro de queixos galegos con DO e unha actividade promocional da nova IXP Pan Galego.



O custe total do evento foi de 28.477,15 €.

VALORACIÓN

O Festival da Luz está a ter ano tras ano grande repercusión entre numerosas familias galegas ao conciliar música, gastronomía e actividades para os máis pequenos. Para a Agacal é un escaparate moi bo para a través de xogos, catas, regalos e moitas actividades das a coñecer e degustar os produtos de calidade diferenciada a persoas de todas as idades.

Catas de Galicia no Circuito Golf Tur43 España Verde (A Coruña, Oviedo, Álava, Lisboa , O Grove e Santiago, en diferentes datas de 2022)

O evento deportivo Circuito Golf Tur43 España Verde busca consolidar as comunidades do Camiño Norte como destino para os amantes do golf.

O calendario do circuito tivo as seguintes datas:

Día 05/06/2022 Real campo de Golf da Zapateira, (A Coruña)

Día 25/06/2022 Real campo de Golf Las Caldas, Oviedo (Asturias)

Día 02/07/2022 Izki Golf Club, Álava (Euskadi)

Día 09/07/2022 Aroeira Oines Classic, Charneca da Caparica, Lisboa (Portugal)

Día 17/09/2022 Real Club de Golf La Toja, O Grove (Pontevedra)

Días 07 e 08/10/2022 Gran Final no Real Aeroclub, Santiago de Compostela



A Consellería do Medio Rural a través da Agacal colaborou con este evento a través dun bodegón que se montou en cada campo para dar a coñecer e degustar as nosas



“experiencias de calidade”, é dicir, os 36 produtos que contan co amparo e recoñecemento dunha denominación de orixe ou dunha indicación xeográfica protexida na nosa Comunidade. Así, ao final de cada xornada sorteáronse entre os participantes 19 lotes de produtos que formaban parte do propio bodegón.

O custe total da acción foi duns 18.000 €.

Foro de Presidentes de Academias de Gastronomía (Santiago de Compostela, 22 de outubro)

Os Foros anuais das Academias de Gastronomía traballan para relanzar y apoiar as cociñas da terra e os produtos, elaboracións e sabores de cada Comunidade Autónoma, formulando recomendacións ás empresas, colectivos e institucións, investigando, publicando e comunicando.

No ano Xacobeo 2022 a Academia Galega de Gastronomía quixo acoller este importante evento que contou cos presidentes das 15 academias autonómicas existentes e tamén coa presidenta da Real Academia de Gastronomía. O foro tivo lugar os días 21 e 22 de outubro.



A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia, participou no programa deste evento cun acto de degustación de produtos galegos amparados por diversas denominacións de calidade dirixido aos presidentes das academias.

O acto tivo lugar o día 22 ás 14:30h no Pazo da Rocha, en Santiago de Compostela. Consistiu na degustación de varios pratos elaborados con carne das IXP de Carne de Vacún de Galicia e outros produtos con indicativo de calidade, pola chef Maica Couto. Tamén tivo acompañamento dalgúns dos viños premiados nas Catas dos Viños, Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia 2022, conducidos polo experto prescriptor Nacho Costoya. O custe do acto ascendeu a 4.000 €.

L de Lugo (27 a 29 de novembro)

A Asociación de distribuidores de Hostalaría e Alimentación de Lugo organizou a 2ª Festa das Distribuidoras Lucenses co nome de “L de Lugo”. A Agacal quixo estar presente cun bodegón para amosar os produtos amparados polas marcas de calidade alimentaria galegas. Ademais colaborouse na financiación dun extenso programa de showcookings



con cocineiros e coñecidos chefs de Lugo que fixeron elaboracións cos produtos amparados polas marcas de calidade galegas. O Custe desta acción foi de 9.680 €.



Outras accións promocionais de carácter institucional realizadas en 2022

Houbo diversas accións na que a Axencia non participou directamente, pero si colaborou no seu financiamento total ou parcialmente, tales como:

- Congreso Spin Rural (A Estrada), 25.540,62 €
- Día de España en Emiratos Árabes 20.734,73 €
- XLII Feira do Viño de Amandi, 4.961 €
- Volta Ciclista a España 2022, 7.260 €
- Día do Pekebasket (Carballo), 4.910 €
- Festival "Espírito Ribeiro", 12.100 €

Ademais, é de destacar a actividade desenvolvida para achegar produto acollido a diferentes selos de calidade para o apoio as propias actividades promocionais da Axencia como as realizadas por terceiros (Concellos, entidades deportivas, asociacións, etc.). Esta achega supuxo un desembolso por parte da Axencia de 35.189,42 € para o pagamento do produto e o seu transporte aos lugares de celebración dos diferentes eventos.

Realización de campañas de promoción en medios de comunicación (B36)

O sector do vacún de Galicia soportou en 2022 unha situación problemática motivada polo incremento de prezos das materias primas durante o ano 2021, e sobre todo 2022, que provocou que os gandeiros venderan os seus animais por debaixo dos custos de produción, con perdas que oscilan arredor dun 20%. Esta situación conxuntural que afectaba



especialmente á IXP Ternera Gallega, derivou na conveniencia de artellar medidas de colaboración co Consello Regulador das IXPs de Carne de Vacún de Galicia para auspiciar unha campaña de promoción do consumo de carne certificada pola IXP Ternera Gallega, coas seguintes condicións:

- A campaña centrarase na IXP Ternera Gallega, principalmente na categoría Ternera Gallega Suprema, sen alusións a empresas ou marcas comerciais doutra índole.
- A campaña poderá cubrir o espectro de comunicación audiovisual dispoñible, radio, prensa, TV e redes sociais.

A campaña promocional importou un investimento de 800.000 €, dos que a Axencia financiou o 87,5 % do custo, por un total de 700.000 €.

Organización das Catas-concurso de Galicia (B37)

Catas dos viños e augardentes e licores tradicionais de Galicia (Hotel Quinta da Auga, Santiago de Compostela, 6 ao 10 de xuño)

Como cada ano, en 2022 organizáronse as correspondentes edicións das catas dos viños e augardentes e licores tradicionais de Galicia. As edicións do ano 2022 foron as seguintes: XXXIV Cata dos viños de Galicia; XXIV Cata das Augardentes de Galicia; XI Cata dos Licores de Herbas, Licor Café de Galicia e Augardente de Galicia Envellecida, e a IX Cata das Augardentes de Herbas de Galicia.



As Catas dos viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia 2022 comezou coa fase de recollida de mostras que tivo lugar entre os días 18 e 31 de maio. Nesta ocasión o persoal da Agacal, recolleu 374 mostras de viños procedentes de 155 adegas das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas, ademais de 31 mostras procedentes de 12 industrias da indicacións xeográficas de augardentes e licores tradicionais de Galicia.



Cómpre sinalar que a recollida de mostras levouna a cabo persoal da Agacal en colaboración cos consellos reguladores con todas as garantías de seriedade e rigor e asegurando en todo momento o anonimato das marcas participantes. Esta colaboración mantívose na semana na que se celebraron as catas, na que o persoal dos consellos axudou no proceso de cata e no reconto das puntuacións, así como auxiliando aos catadores en todo momento.



Na recollida dos viños é o persoal da Agacal quen se traslada a cada unha das adegas para a recollida de seis botellas que representan a mostra que se presenta a concurso. Todas as botellas ocúltanse en bolsas opacas e introdúcense posteriormente nunha caixa selada. No seu exterior só queda exposto o nome da categoría na que participa e o tipo de viño – tinto ou branco—. Posteriormente, as caixas transpórtanse ao lugar determinado para as fases de cata, onde permanecerán custodiadas ata o momento da súa celebración. Do proceso de recollida levántase unha acta que asina o persoal da Agacal e o representante da adega. Cabe engadir que o acto de apertura das caixas realizarase en presenza do secretario do concurso e dun membro do xurado, deste xeito asegúrase que non se produce ningún tipo de irregularidade e queda garantido o anonimato.

No que respecta ás augardentes e licores tradicionais, dada a gran diversidade de botellas utilizadas na comercialización deste tipo de bebidas, garántese a rigorosidade e evítanse posibles anomalías recollendo as mostras en envases idénticos de 3/8 de litro. Deste xeito, resulta imposible recoñecelos e identificalos, asegurando o anonimato.

O seguinte paso foi comprobar que todas as mostras de viño inscritas compren cos requisitos establecidos nas bases para poder participar nas catas, así como a súa clasificación nas distintas categorías. Coma noutros anos son máis as mostras de viños branco recompiladas (250) que duplican de lonxe as mostras de viño tinto (124). Con respecto ás augardentes e licores tradicionais, hai un total de 31 mostras inscritas repartidas da seguinte forma: 12 de augardente, 9 de licor de herbas e 10 de licor café. Na



categoría de augardente envellecida e de augardente de herbas non se chegou ao número mínimo de mostras.



No que respecta ás mostras por denominacións de orixe, temos que no caso de viños brancos as 250 mostras repártense do seguinte xeito 112 mostras da Denominación de orixe Rías Baixas, 64 da DO Ribeiro, 22 da DO Valdeorras, 27 da DO Monterrei e 19 de DO Ribeira Sacra, así como 6 mostras de Indicación xeográfica protexida dalgunha das 5 existentes, sendo a máis representada a IXP Ribeiras do Morrazo.

No que respecta a distribución das 124 de mostras de viños tintos destaca a DO Ribeira Sacra (60) e as DO Monterrei (22) DO Ribeiro (18). Completan o cadro as mostras da DO Valdeorras (14) e DO Rías Baixas (8) así como 2 mostras de adegas de indicación xeográfica protexida.



As categorías máis numerosas son as que premian aos diferentes viños brancos de cada DO con 127 mostras, seguidas da categoría de colleitas anteriores branco e colleitas anteriores tinto, con 50 e 39 mostras respectivamente. Tamén son importantes as categorías de viños elaborados con madeira que suman en total 64 mostras entre brancos e tintos e os espumosos que son en total 19, o cal confirma o interese en participar nestas categorías e o interese crecente na produción de viños máis elaborados. No que respecta aos tintos de denominación de orixe o número de mostras é de 34.



Para poder seleccionar os mellores viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia do 2022 fíxose por unha fase de precata ou selección previa e unha cata final. No caso dos viños, as precatas desenvolveranse do 7 ao 9 e as catas finais o 10 de xuño. Para as augardentes e licores tradicionais a cata foi o 6 de xuño.

Para o panel de cata contouse cun grupo de expertos catadores que foron encargados de analizar a cegas e de forma minuciosa as mostras para pasar a seleccionar as marcas gañadoras. O panel de cata estivo formado por 12 profesionais no que respecta aos viños, e por 7 no caso das augardentes e licores.

O custe da acción foi de 133.068,22 €.

VALORACIÓN

Con estas catas, a Xunta de Galicia busca identificar, premiar e promocionar o bo facer do sector vitivinícola galego a través dos mellores viños, augardentes e licores tradicionais elaborados fundamentalmente con uvas de variedades autóctonas. Produtos senlleiros dotados de identidade propia, recoñecidos dentro e fóra de Galicia e parte indispensable das 36 Experiencias de Calidade da nosa comunidade autónoma.



As Catas de Galicia xa se converteron nun evento referente anual no mundo do viño e os destilados en Galicia. Son xa máis de 30 anos no caso dos viños e máis de 20 para as augardentes seleccionando e dando a coñecer o mellor das adegas galegas cada ano. Proba disto é que o número de inscritos nas catas non deixa de medrar en cada edición así como o interese polos premiados e o seu prestixio.



Por tanto, faise necesario incidir aínda máis na promoción deste evento e das adegas premiadas, que son froito duns certames cunha recoñecida limpeza e organización moi profesional e coidada.

Cata dos queixos e dos meles de Galicia (Santiago de Compostela, 23 a 25 de novembro)

Entre os días 23 e 25 de novembro tiveron lugar a XXI edición das Catas dos Meles e a XXV edición das Catas dos Queixos.

Un panel composto por 12 expertos foron os encargados de avaliar sensorial mente, e totalmente a cegas, as 45 mostras de queixo de 30 queixerías. Outro panel de 7 expertos avaliaron 33 mostras de mel de 20 industrias.



Co fin de recoñecer e premiar a excelencia do noso agro, a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, e en colaboración cos consellos reguladores das catro denominacións de orixe protexidas de queixos galegos e da indicación xeográfica protexida Mel de Galicia, convoca anualmente as Catas dos Queixos e Meles de Galicia. A través destas distincións procúrase valorizar o gran traballo, esforzo e bo facer dos

produtores e elaboradores galegos á hora de ofrecer produtos con certificación de orixe de gran personalidade e calidade.



Pasado o proceso de inscrición levouse a cabo unha exhaustiva recollida de mostras para garantir o absoluto anonimato dos queixos e meles participantes.

Na recollida dos meles participaron un representante da Axencia Galega da Calidade Alimentaria acompañado dun técnico do consello regulador da IXP Mel de Galicia. Nesta ocasión, foron 20 as industrias de mel as que inscribiron 43 meles para concursar nas categorías de Meles mono florais (14 mostras) e Meles multi florais (19 mostras).



No caso dos queixos son 30 as industrias queixeiras a concursar, cun total de 45 mostras distribuídas entre a DOP Queixo Tetilla (17 mostras), DOP Arzúa-Ulloa fresco e curado (con 16 mostras en total), DOP San Simón da Costa (6 mostras) e DOP Cebreiro (2 mostras).

Ambas citas desenvolvéronse no CIFP Compostela. A Cata dos Meles estivo protagonizada por un panel composto por sete expertos versados no sector, concretamente, os integrantes deste cadro de profesionais foron: Beatriz Ríos Cebreiros, Manuel Ángel Garea Rodríguez, Víctor Teo Ríos, Elena Quian Casal, Javier García de la Fuente, Jorge Guitián Castromil e Kike Piñeiro Vázquez. Eles serían os encargados de determinar os mellores meles en cada unha das categorías: meles monoflorais, meles multiflorais.



No caso da Cata dos Queixos, foron doce profesionais experimentados os compoñentes do panel de cata para a valoración das mostras da DOP Arzúa-Ulloa e Arzúa Ulloa Curado,



DOP Queixo Tetilla, DOP San Simón da Costa e DOP Cebreiro. O seu panel de cata estivo formado por: Salomé Beiroa Fernández, Carlos Veiga Pérez, Mariela Barca Villarta, Sonia Otero Padín, Lucía Rodríguez Vázquez, Adrián Pellejo Blanco, Isabel Barral Cutrín, Lidia Ferreras Ferrol, José Manuel Mallón Ardións, Lucho Tizado Rodríguez e Alejandro Montes Rodríguez.

Para a selección de ambos paneis, a Axencia tivo en conta criterios como a súa experiencia en catas, formación, vinculación coa restauración, hostalería ou a distribución alimentaria, xornalistas especializados no sector primario ou versados en gastronomía, así como os seus coñecementos acerca destes dous produtos senlleiros.

O día 16 de decembro tivo lugar o acto de entrega dos correspondentes premios no Pazo de Quián en Sergude Boqueixón, sede da axencia, coa presenza do conselleiro do Medio Rural.

O custe total da acción foi duns 26.600 €.

VALORACIÓN

Ao igual que as catas dos viños e augardentes, estas catas de queixos e meles xa forman parte do calendario de eventos de promoción dos produtos galegos de calidade coma un certame imprescindible na valoración e promoción do bo facer dos nosos queixeiros e produtores de mel de calidade. O prestixio da limpeza do proceso, a escollo dos xurados de cata e a recollida de mostras está fóra de toda dúbida e fai que os gañadores sexan moi demandados e percibidos coma produtos de excelencia.

Tamén neste caso cómpre incidir na necesidade dunha maior promoción destas catas e dos premiados dado o esforzo e a implicación de medios humanos e económicos que fai a Axencia para a organización destas catas.





Xestión das liñas de axuda para accións de promoción (B38)

O 31 de xaneiro de 2022 publicouse no DOG a “Resolución do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marcos do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o exercicio orzamentario 2022 (código de procedemento MR302A)”.

Son axudas que financian as accións de promoción (asistencia e organización de feiras e eventos comerciais, estudos de mercado e campañas publicitarias) que realizan os distintos consellos reguladores e outras asociacións sen ánimo de lucro vinculadas aos diferentes programas de calidade: denominacións de orixe, indicacións xeográficas e agricultura ecolóxica.

A convocatoria 2022 tivo unha dotación orzamentaria de dous millóns catrocentos mil euros (2.100.000 €).

As axudas son subvencións a fondo perdido, que poden ser do 70 %, 60 % ou 50 % e así ata o 30% do gasto elixible en función da puntuación obtida de acordo cos criterios que se recollen nas bases. As accións deben iniciarse no ano 2022 e xustificarse antes do 9 de setembro de 2022.

Como resumo da xestión das concesións destas axudas en 2022 debemos sinalar que foron 67 os expedientes aprobados (62 de consellos reguladores e 5 de asociacións) cunha subvención total concedida de 3.372.805,11 € (2.032.170,96 € concedidos para a anualidade 2022 e 1.340.634,15 € para a anualidade 2023), así como unha subvención total xustificada e pagada de 1.722.180,00 €. Na seguinte táboa reflíctense os principais datos da xestión destas axudas.

Beneficiario	Subvención 2022	Subvención 2023	Subvención TOTAL	Pagada 2022
A.I.E. AGRUPACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E FORMACIÓN DO SECTOR APÍCOLA GALEGO	8.179,60	0,00	8.179,60	8.179,60
ASOCIACIÓN ADEGAS DO SALNÉS	889,76	0,00	889,76	860,72
ASOCIACIÓN QUEIXEIROS SAN SIMÓN DA COSTA	19.136,54	0,00	19.136,54	18.543,63
ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS	32.891,74	19.308,58	52.200,32	30.528,71
C.R.D.O RÍAS BAIXAS	549.397,09	440.037,05	989.434,14	543.861,37
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	83.717,51	47.870,98	131.588,49	77.229,68



C.R.D.O. VALDEORRAS	155.873,49	27.848,71	183.722,20	113.281,67
CRAEGA	210.985,76	193.888,17	404.873,93	99.249,86
DO ARZÚA-ULLOA	68.617,10	62.135,50	130.752,60	66.325,00
DO MONTERREI	214.721,14	103.517,02	318.238,16	147.183,42
DO RIBEIRO	311.722,60	108.891,30	420.613,90	262.389,03
DOP CEBREIRO	2.865,64	2.512,34	5.377,98	2.779,95
DOP PEMENTO DE HERBÓN	10.605,00	4.095,00	14.700,00	10.302,26
DOP QUEIXO TETILLA	38.998,32	26.829,49	65.827,81	37.942,08
DOP SAN SIMON DA COSTA	7.303,80	0,00	7.303,80	5.775,00
IIXPP AUGARDENTES E LTG	20.055,00	11.532,81	31.587,81	11.034,78
IIXPP CARNE DE VACÚN DE GALICIA	202.451,40	166.442,50	368.893,90	200.648,65
IXP CASTAÑA DE GALICIA	17.910,59	8.309,21	26.219,80	16.738,09
IXP FABA DE LOURENZÁ	1.444,10	1.705,90	3.150,00	841,28
IXP GRELOS DE GALICIA	1.575,00	9.625,00	11.200,00	1.574,24
IXP MEL DE GALICIA	24.990,01	47.775,00	72.765,01	24.977,94
IXP PAN DE CEA	15.318,08	7.978,89	23.296,97	14.337,48
IXP PAN GALEGO	700,00	6.300,00	7.000,00	700,00
IXP PATACA DE GALICIA	20.271,69	32.830,70	53.102,39	18.495,56
IXP PEMENTO DO COUTO	3.150,00	2.800,00	5.950,00	0,00
IXP TARTA DE SANTIAGO	8.400,00	8.400,00	16.800,00	8.400,00
	2.032.170,96	1.340.634,15	3.372.805,11	1.722.180,00

Cabe sinalar que na convocatoria de 2021 desta mesma axuda concedéronse un total de 1.254.612,25 € para a anualidade 2022 e que se realizaron uns pagamentos, para a dita anualidade 2022, por importe total de 1.000.398,81 €.

Impulso de accións de mercado (B4)

Participación en feiras e outros eventos comerciais (B41)

Biocultura (A Coruña, 4 a 6 de marzo)

A Asociación Vida Sana é a responsable da organización das feiras Biocultura con presenza en moitas capitais do estado como Madrid ou Barcelona e que con carácter bienal achégase á Coruña. Trátase dun dos maiores eventos feirais da produción ecolóxica a nivel nacional e cunha forte repercusión na promoción do sector ecolóxico español, un dos principais produtores europeos.

Os días 4, 5 e 6 de marzo a produción ecolóxica con Biocultura tivo un punto de encontro en Expocoruña onde non só se puideron adquirir produtos ecolóxicos dos expositores presentes senón que tamén se desenvolveu un amplo abano de actividades que comprenden todos os aspectos da produción ecolóxica como os aspectos agrarios ou da



acuicultura, a nutrición, a cociña con produtos ecolóxicos, a educación o cambio climático e outros temas de interese.

A Consellería de Medio Rural, a través da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, colaborou con esta feira subvencionando a presenza de 19 expositores que presentan os seus produtos ecolóxicos no postos do CRAEGA así como na organización de varios obradoiros de temáticas diversas como a compra pública ecolóxica, catas de viños e cervexas ecolóxicas, diversos obradoiros de cociña para o público infantil e cociña ecolóxica. Non é a única representación do noso sector, dado que outros importantes produtores ecolóxicos acoden pola súa conta con postos propios adaptados á súa imaxe comercial. En total na feira expuxeron os seus produtos uns 200 expositores e asistiron mais de 13000 visitantes moitos deles profesionais.



A Axencia estivo representada na xornada de inauguración do día 4 de marzo a través do seu director, Jose Luis Cabarcos Corral.

A contribución da Consellería a este evento foi de 15.000 euros.



Alimentaria (Fira de Barcelona, recinto Gran Vía, 4 ao 7 de abril)

Alimentaria é un evento internacional de referencia para todos os profesionais da industria da alimentación, bebidas e servizos de alimentación. A edición do 2022 contou con máis de 2.600 empresas expositoras e 65.000 m² de exposición.

As empresas expositoras agrúpanse por sectores ou áreas temáticas en 7 pavillóns. Agacal tivo presenza en 3 destes 7 pavillóns, Interlact (lácteos), Intercarn (carne e produtos cárnicos) e Lands of Spain (produtos de alimentación en



xeral).

A superficie dos postos contratada pola Agacal distribúense da seguinte maneira: 144 m2 Lands of Spain (D500) no pavillón 1 e 264 m2 o espazo dos pavillóns Interlact-Intercarn (D900 e D875). Os pavillóns Intercarn e Interlact, ao estar ao carón un doutro, compartiron a área institucional e a zona de descanso.

A contratación do servizo de deseño, organización, montaxe e atención dos postos adjudicouse, no ano 2020, á empresa Escenonet, nun procedemento de contratación aberto e harmonizado, por 237.765,00 euros (196.500 € máis 41.265 € de IVE). A este custo habería que engadir 82.820 € do prezo do solo de feira.

O posto da Axencia contou cun servizo completo de atención aos expositores e visitantes, así como unha aula de experiencias de calidade para a realización de diversas actividades que serán organizadas polos consellos reguladores de produtos con indicativos de calidade presentes neste evento.

A Axencia participou nos espazos: Intercarn, con 3 empresas co expositoras; Interlact, con 11 co expositores e Lands of Spain, con 10 co expositores.

Relación de co expositores:

Pavillón Lands of Spain

- Cuevas y Cía, SA; Cuevas Marrón Glacé
- Precoalvi; Krocketas D´
- La Central Heladera Artesana de Ourense, SL; LCH La Central Heladera
- Mariano Nicolás García, SLU; La Mulata
- Fundación Abanca-Silleda





- Coronas Galicia, SLU; Habelas Hailas
- Granxa Pegullal, SA; Granxa Pegullal
- Granja Campomayor, SL; Granja Campomayor
- Novoberbés, SL; Mamamasa
- Seoane Corral, Elías; Apia Natura

Pavillón Interlact

- Casa Grande de Xanceda; Casa Grande de Xanceda
- Cobideza, SCG; Dona Cobiña Queixería
- Cooperativa Agraria Provincial da Coruña; Bico de Xeadó
- Dairylac, SL (Galacteum); Deleitar
- Grupo Leche Río; Leche Río/Leyma
- Lacto Baltar; Casa Baltar
- Queixeiros da Chaira; Magus Cheese
- Queixería Barral, SLU; Queixería Barral
- Queserías Sarrianas, SL; Queserías Sarrianas
- Kálekoi, SL; Kálekoi
- Coop Ptres Campo Capela; Campo Capela

Intercarn

- Conejos Gallegos COGAL SCG; COGAL
- Embutidos Montepicato; Embutidos Montepicato
- CRIXP Ternera Gallega

Cada unha destas empresas achegou como cota de participación 2.057 € (IVE incluído)

Barcelona Wine Week BWW (Fira de Barcelona, recinto Montjuic, do 4 ao 6 de abril)

Paralelamente a Alimentaria desenvolveuse a BWW (Barcelona Wine Week) na que participou a Axencia xunto con 15 empresas co expositoras, en postos modulares de 7 e 14 m².

No posto institucional fíxose promoción das marcas premiadas nas Catas de viños, augardentes e licores tradicionais de 2021.

As 15 empresas co expositoras foron:

- Bodegas Val de Souto
- Granxa Pegullal S.A.



- Bodegas Gallegas
- Paco & Lola
- Bodegas Davide
- Pazo de Rubianes
- Grandes Pagos Gallegos de Viticultura Tradicional
- Bodegas Casal de Armán
- Adegas Terra de Asorei
- Adegas Terrae
- Vinigalicia
- Viña Almirante
- Veiga Serantes
- St. Petroni
- Bodegas Chaves

O custe total de participación da feira como empresa co expositora é de 3.041,5 €, o posto de 7 m², e de 6.121 €/m² o posto de 14 m² (incluíndo os dereitos de inscrición e 10 % IVE). As empresas achegaron 1.938,20 € e 4.249,30 € respectivamente. Así o custe neto para a Axencia foi de 26.018,95 €.

VALORACIÓN

A participación nestes eventos é importantísima dentro das actividades anuais da axencia, tanto polo número de empresas implicadas, como pola repercusión que teñen dada a grande dimensión destes eventos. A valoración por parte das empresas nas enquisas que fai a Axencia foi moi positiva.

Salón Gourmets (Ifema, Madrid, 25 a 28 de abril)

Do 25 ao 28 de abril celebrouse en Madrid o Salón dos Gourmets na súa 35 edición. Achegáronse nesta edición uns 75.000 visitantes profesionais, uns 1.500 expositores, con 45.000 metros cadrados de exposición e 37.500 produtos e 8.000 compradores estranxeiros de 65 países.

O posto da Axencia ocupou unha superficie de 414 m² repartido en dúas illas no pavillón 6, stand 6G10-1 e 6G10-2.


Nunha das illas, de 264 m² (44x6), estiveron 14 co expositores do sector alimentario en xeral e na outra illa, de 150 m² (25x6), situáronse adegas e co expositores doutras bebidas alcohólicas, 15 empresas en total.



Como en anos anteriores, o posto da Consellería do medio Rural- Agacal estivo contiguo ao posto contratado pola consellería de mar formando unha unidade de deseño e conformando un corredor de produtores galegos do mar e da terra.



O posto estivo dotado dos seguintes espazos: postos individuais das empresas co expositoras (co mobiliario e dotación que lles corresponda segundo a tipoloxía) e un espazo institucional, onde houbo: unha zona de recepción ao visitante; unha zona de descanso; unha zona de exposición de produtos galegos con denominación de calidade; unha Aula de Experiencias de Calidade e un almacén.





O contrato do servizo de deseño, organización, montaxe, desmontaxe e atención do posto adjudicouse á empresa Escenoset, Sl por 272.695,28 €, dos que 47.327,28 € corresponden ao IVE. A este custo habería que engadir o do solo da feira que foi de 194.636,20 €. Por outro lado, as empresas aportan 2057 € como cota de participación neste evento.

A Aula de Experiencias de Calidade destinouse a obradoiros de cociña en directo, catas e degustación dos produtos galegos con denominación de calidade (DOP/IXP e Agricultura Ecolóxica) en colaboración co persoal dos consellos reguladores que participaron na feira.



FENAVIN (Ciudad Real, 10 ao 12 de maio)

FENAVIN é a feira de referencia do viño español. Así definen a Feira Nacional do Viño tanto o diario El PAÍS, no seu suplemento Negocios, como o ICEX, nun informe de valoración de FENAVIN. E esta é tamén a percepción de adegas e cooperativas españolas, que apostaron por FENAVIN como instrumento para o impulso do negocio do sector vinícola nacional e internacional desde a súa primeira edición. O sector valora a eficacia do sistema impulsado desde a Feira, ano tras ano, pero, aínda así, o equipo xestor séguese marcando o mesmo obxectivo: facer negocio con sistemas de traballo pragmáticos e eficaces que axuden a que exista un amplo encontro entre oferta e demanda. Esta proposta, baseada fundamentalmente nunha atención profesional á demanda, conseguiu, en só dez edicións, que FENAVIN se convertese na feira monográfica do viño máis importante de España, e a que ofrece unha capacidade de negocio máis contrastada.

A feira presentou un completo programa de actividades e unha galería do Viño onde se puideron degustar 1.400 caldos nun espazo de 1000 metros cadrados. Os expositores contan cun programa de contactos con compradores profesionais que lles permite axilizar a súa axenda durante os días de feira.



A Axencia colaborou na participación dos elaboradores das 5 denominacións de orixe galegas de viño así como dos augardentes e licores tradicionais de Galicia nesta feira, que se celebra bianualmente. Esta colaboración tradúcese asumindo o custo do solo de feira necesario.

Ademais o departamento de promoción da calidade alimentaria da Axencia coordina aos consellos reguladores do viño e augardentes no desenvolvemento dun contrato redactado e consensuado por eles para establecer as condicións que deberán rexer na



realización dos traballos de servizos necesarios para o deseño, organización, montaxe, desmontaxe, transporte e funcionamento dun posto dos viños de Galicia no certame feiral.

O espazo dispoñible estivo no mesmo pavillón e situación respecto a anos anteriores aínda que se tratou de buscar un deseño de xeito que todas as empresas co expositoras poidan ter un lugar atractivo para expoñer os seus produtos. O espazo é de 320 metros cadrados no pavillón 4 denominado OSIRIS.

A empresa adxudicataria foi DEMOSTRA, cun atractivo deseño vangardista e gran experiencia na xestión deste tipo de eventos ao ter sido adxudicataria do contrato para asistir tamén na anterior edición de FENAVIN.

Na localización citada agrupáronse un total de 42 postos que se identificaron coa súa D.O. correspondente ademais da marca GALICIA. Algún dos postos acolleron a mais dunha adega como é o caso do posto aos viños de indicación xeográfica de Galicia que acudiron por primeira vez a esta feira nun posto agrupado para sete pequenas adegas.

Para dar mais realce aos viños galegos os visitantes da zona de Galicia tiveron acceso a un túnel do viño onde tiveron cabida os viños premiados na edición 2021 das catas dos viños de Galicia e tamén os augardentes e licores tradicionais que acadaron un premio na mesma cata.

Os consellos reguladores tiveron dun espazo para a promoción das súas denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas con viño xenérico promocional e todos os



expositores puideron ter os servizos precisos (xeo, lavado de copas, atención comidas) para dedicar todo o tempo posible a accións promocionais e comerciais, moi orientadas cara á exportación. O custe para a Axencia foi duns 9.000 €

FEVINO (Fundación Abanca, Ferrol, 30 de maio; e Cidade da Cultura, Santiago de Compostela, 14 e 15 de xuño)

O Salón Profesional do Viño, FEVINO 2022, chega á súa quinta edición en torno ao Camiño de Santiago, nese ano Xacobeo.



O programa, desenvolveuse en distintas xornadas, dando protagonismo á viticultura galega e aos augardentes de Galicia na súa inauguración o día 30 de maio no emblemático edificio de Afundación (Ferrol), e representando ás DO e IXP que percorren os distintos Camiños, como son o Camiño Inglés, Francés ou o Portugués durante os días 14 e 15 de xuño, na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.





Trátase dun evento que reuniu a centos de profesionais e que estivo acompañado de actividades enriquecedoras como formacións, catas de viños nacionais e internacionais e a presenza de figuras influentes do mundo do viño. Ademais, nesta edición especial, Fevino celebrou o seu consolidado galardón "Guardianes del Vino" premiando a figuras que promoveran a viticultura galega.

A Axencia Galega de Calidade Alimentaria, coa colaboración dos Consellos Reguladores dos viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia, participou neste certame o día 30 de maio no espazo de Ferrol cun túnel onde se expuxeron e deron a degustar os viños, augardentes e licores premiados cos "acios" e os "potes" na edición 2021 das "Catas de Galicia". Tamén haberá unha cata destes viños impartida pola "Master of Wine" Sarah Jane Evans.

Os días 14 e 15 de xuño no espazo da Cidade da Cultura a Agacal montou tamén un espazo de túnel e cata por en valor os viños galegos ante os visitantes profesionais, facéndoos conscientes da súa importancia e do seu alcance. Para iso, o deseño e distribución do espazo, convidou ao visitante a percorrer o posto para descubrir e catar os produtos expostos (viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia), converténdose nunha experiencia sensorial única. Unha grande oportunidade para coñecer a calidade e diversidade destas producións.

O custe total dos eventos ascendeu a 49.083,65 €

SALIMAT (Recinto feiral de Silleda, 2 ao 5 de xuño)

A presenza da Consellería do Medio Rural a través da Axencia nesta 25 edición de Salimat Abanca centrouse en favorecer a participación das pequenas e medianas empresas do ámbito agroalimentario galego, ofrecéndolles unhas condicións económicas moi vantaxosas.

Foron 34 empresas de diferentes sectores produtivos (queixos, xeados, viños, conservas, repostería, etc), a maioría acollidas a un indicativo de calidade, que cunha aportación de 150 + IVE, contaron cun espazo modular (proporcionado pola propia organización feiral) de 6 m2 identificado con Galicia e que puideron personalizar coa súa imaxe corporativa.





As empresas participantes foron as seguintes:

- Granxa Pegullal S.A.
- Bodegas Gomez Sanmartin Sl
- Nuria Calo Ramos
- Casa Castro S C
- Sofragal S Coop Galega
- Forno Da Ermida Sl
- Aceites Figueiredo Slu
- Queixos Castelo De Brañas S.L.
- Lacto Baltar S.L
- Adegas Terra De Asorei, S.L.
- Torres Augusti,S.L.
- Mariano Nicolas Garcia SLU
- Kalinka Lagazós Sl
- Silvans, S.C.
- Fornos De Naveira, SL
- Quesos La Montaña De Entrimo S.L
- Coop Ptres Campo Capela
- Veigas De Sabugueiro Sl
- Vermuteria De Galicia S.L
- Pablo Casanova Iturralde
- Bodega Gil Armada S.L.
- Irene Outeda Bos
- Granxa Louran S.L.
- María José Tallón García
- Tierra Trabajo Y Tradicion 3t Sat
- Atlantic Blending Co. S.L.
- Traloagro Sl
- Sat Queinaga N° 871 Xuga
- Adegas Ardan Sl/Pilares De Belesar Slu
- Embutidos Suarna S.L
- Hospederia Monasterio Poio
- Asociación Adegas Ixp Ribeiras Do Morrazo
- Gallegas De Nata
- Vinigalicia

Como novidade nesta edición, a Agacal tivo un completo programa de actividades durante os catro días da feira onde se amosaron os produtos galegos con indicativo de calidade nunha aula de cata propia. Os diferentes produtos degustáronse en distintas preparacións



para os profesionais e o público en xeral, e tamén tiveron a oportunidade de coñecerlos máis en profundidade a través dos relatores que participaron nas actividades.

O custe total do evento foi de 61.459,45 €.

VALORACIÓN

SALIMAT é un referente histórico, pioneiro das feiras do sector agrogandeiro en Galicia, e aínda que pasou por anos de esmorecemento, nesta edición xa libres das restricións da pandemia, observouse un aumento do interese das empresas e da súa satisfacción polo volume de negocio. O espazo utilizado pola Agacal estivo moi próximo ao ocupado pola Consellería do Mar cos seus produtores así coma ao lugar reservado ás cooperativas, polo que se formou unha atractiva zona para os visitantes da feira.

Forum Gastronómico (Expocoruña, A Coruña, 25 a 27 de setembro)

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria estivo presente no Fórum Gastronómico coa presenza de 30 empresas co expositoras. Ademais, contou cun espazo para actividades gastronómicas, a Aula de Experiencias, e un túnel do viño onde houbo máis de 70 referencias de viños, augardentes e licores galegos.

Un total de 30 empresas co expositoras estiveron presentes no espazo da Consellería do Medio Rural no Forum. Unha representación de produtores variados, adegas, queixerías, xeados, galletas, mel, etc. Cada unha destas empresa dispuxo dun espazo personalizado de 6 m² repartidos en 5 illas de 36 m² (postos do 110 ao 139).

Actividades na Aula de Experiencias

Na Aula de Experiencias programáronse para os tres días unha serie de actividades dirixidas por persoal dos consellos reguladores e da Axencia. As actividades foron catas degustación de produtos galegos con indicativo de calidade e varios showcookings nos que fanse preparacións culinarias usando estes produtos, dirixidas por profesionais do mundo da restauración.





Nalgunhas destas actividades participaron produtores que obtiveron premio nas últimas Catas de Galicia. Presentarán e falarán do seu produto que tamén poderá degustarse.



Dentro das actividades programadas houbo unha presentación da plataforma en liña Experiencias de Calidade na que se fixo unha demostración dos contidos e como navegar pola páxina.

O día 27 presentouse o selo de calidade Artesanía Alimentaria e fíxose entrega de acreditacións por

parte do director da Agacal a tres produtores. Houbo unha degustación elaborada con estes produtos para todos os asistentes.



Colaboración actividades na Ágora e Taller do Fórum

Domingo 25

- Ternera Gallega Suprema sustentabilidade do campo á mesa.
Alberto Lareo (Nós) & Luís Vázquez (patrocinada por IXP Ternera Gallega) (Taller)
- Cata de Viños premiados nas Catas de Galicia 2022.
Estefanía Rodríguez, sumiller & David Seijas, sumiller e enólogo (Ágora)
(patrocinada por Consellería do Medio Rural)

Luns 26

- Cata de queixos de Galicia.
Adrián Pellejo (Formaje, Madrid)
Presenta Marcos González (Axencia Galega da Calidade Alimentaria)
(patrocinada por Consellería do Medio Rural)- (Ágora)

Martes 27

- Vacún Maior galego de calidade.
Héctor López (España) & Luís Vázquez (IXP Vaca Gallega/ BueyGallego).
(patrocinada por Consellería do Medio Rural)
Presenta Jorge Guitián (Taller)



Listaxe de empresas co expositoras

- A Factoría Ecolóxica, S.L. (The Bio Factory)
- Adegas Menduiña S.L. (Cervexa Menduiña)
- Adegas Terra De Asorei S.L.
- Adegas Terrae Sl
- Ailala - Ailalelo SL (Coto De Gomariz)
- Amarelante S. Coop. Galega
- Bodegas Casal De Armán, S. L. U. (Casal de Armán)
- Bodegas Godeval
- Casa Castro S C (Borboriño Xeados)
- Central Lechera Gallega S.A
- Conservas Do Tamega S.L. (Baronceli Agricultura Orgánica)
- Coop Ptres Campo Capela
- Granxa Pegullal S.A.
- Kalinka Lagazós Sl (Cervexa Toupiña)
- Lácteos O Casal, S.L.
- Lacto Baltar S.L (Casa Baltar)
- Lucia Afonso Fernandez (Sovoral)
- Mariano Nicolas Garcia SLU (Productos La Mulata)
- Nuria Calo Ramos (As Camposeiras)
- Pazo De Valdomiño S.A.
- Pilar Alonso Montes (Xacobleas)
- Precoalvi, S.L. (Croketasd')
- Queixeria Prestes, S.L.
- Queixos Castelo De Brañas S.L. (Queixos Castelo)
- Sat Queinaga N° 871 Xuga (Queinaga)
- Seoane Corral, Elias (Apia Natura)
- Silvans, S.C. (Galletas Xianas)
- Torres Augusti,S.L.
- Traloagro Sl (Traloagro)
- Vinos y Bodegas Gallegas S.A.U. (Bodegas Gallegas)

O custe total da acción foi de 48.860,90 €.

VALORACIÓN

Trátase dunha feira moi importante para o sector agroalimentario con edicións en Barcelona e A Coruña. Aínda máis para as pequenas empresas galegas ás que temos que axudar a posicionarse e profesionalizarse nun sector crucial en Galicia. Este ano a aposta



foi moi importante con moita visibilidade (degustacións, talleres, showcooking con figuras importantes, promoción da plataforma web etc).

Creación dunha plataforma para a para a promoción e venda on line dos produtos de calidade (B42)

Esta tarefa está intimamente relacionada coa indicada como B32: Mellora da web "Experiencias de calidade". A dita plataforma on line está integrada na citada web e comezou a funcionar durante este ano 2022. En concreto, anunciouse o inicio do seu funcionamento o día 6 .07.2022, durante a entrega de premios das catas dos viños, as augardentes e os licores de Galicia, nas instalacións desta Axencia en Sergude-Boqueixón.



Ao final do ano o volume de vendas aínda era moi pouco relevante. O número de produtos dispoñibles é escaso e fai falla un traballo de comunicación intenso para que as cifras de vendas se vaian aproximando ás expectativas xeradas.

Participación en "mercados singulares" e outros circuítos curtos de comercialización (B43)

Como novidade, no exercicio 2022, activouse a "Medida de apoio para a cooperación horizontal e vertical entre os axentes da cadea de subministro para a creación e o desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais e para actividades de promoción nun contexto local relacionado co desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais (medida 16.41 do PDR)para a súa xestión a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.



As actuacións amparadas neste medida abranguen accións de cooperación, nas que a Axencia actúa como axente impulsor da cooperación entre produtores primarios e/ou micro empresas de transformación de produtos agrarios, amparados por algún indicativo de calidade diferenciada, para a creación, mellora, promoción e consolidación de cadeas curtas de distribución e mercados locais.

As actuacións subvencionables, intensidade de axuda do 100 %, inclúen:

- a) Actividades de cooperación vertical e/ou horizontal orientadas a crear, mellorar, promocionar e consolidar cadeas curtas de distribución.
- b) Actividades de recuperación e fomento de mercados locais.
- c) Actividades de cooperación para a subministración e venda directa de produtos amparados por indicativos de calidade en colectividade como comedores escolares, residencias, hospitais, etc..

Entre os criterios de selección dos proxectos cabe destacar o carácter innovador, o número de axentes participantes, os ámbitos de actividade e os plans de comunicación e divulgación.

O orzamento programado como gasto público total desta medida ata o ano 2025 é de 1.600.000 €. Trátase de actuacións do Capítulo VI e, por regra xeral, serán executadas por un terceiro, formalizándose esa relación xurídica a través de calquera medio válido en Dereito: contrato, encargo a medio propio, convenio, etc. As actividades financiadas serán contratadas pola Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia xa que serán actuacións directas da Administración pública a través do Capítulo VI nas que na maioría dos casos a Axencia carece de medios propios para a súa realización. O Tesouro da Xunta de Galicia anticipa o pago dos investimentos e recibe posteriormente o reembolso, procedente do Feader e dos fondos da Administración Xeral do Estado, polo Organismo Pagador.

No exercicio 2022 pagáronse cinco expedientes, dentro do proxecto para promocionar e consolidar as cadeas curtas de distribución, cun investimento total de 66.295,90 €. Na táboa seguinte recóllese a información básica de cada un deses cinco proxectos.

ACTUACIÓN	EXPEDIENTE	ADXUDICATARIO	PAGADO 22
REALIZACIÓN E EDICIÓN DE VÍDEOS DOS VIÑOS PREMIADOS PARA A WEB www.experienciasdecalidade.gal	16412022CC-01	TADEL DIGITAL SLL	14.701,50
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DAS CATAS E DEGUSTACIÓNS DO STAND PROMOCIONAL DA WEB/PLATAFORMA (www.experienciasdecalidade.gal)	16412022CC-02	MOVING LOGISTIC COOKING SL	18.029,00



DESEÑO, REALIZACIÓN, MONTAXE E DESMONTAXE DO STAND PROMOCIONAL DA WEB/PLATAFORMA (www.experienciasdecalidade.gal)	16412022CC-03	ESCENOSSET SL	17.545,00
ELABORACIÓN DE CAIXAS EN CARTON PARA A PROMOCIÓN DE 31 EXPERIENCIAS DE CALIDADE	16412022CC-04	CUSTOSET SL	7.502,00
REALIZACIÓN DE 22 EXPOSITORES NA II MOSTRA GALICIA ETIQUETA CALIDADE	16412022ML-01	ESCENOSSET SL	8.518,40
TOTAL			66.295,90 €

Realización de outras accións de carácter comercial (B44)

II Mostra Galicia Etiqueta Calidade (Hotel Monumento San Francisco, Santiago de Compostela, 26 a 28 de outubro)



Entre os días 26 e 28 de outubro celebrouse a II edición da Mostra Galicia Etiqueta Calidade. Este ano e como novidade quíxose facer un foro no que se trataron de por en contacto empresas de distinta dimensión que elaboran produtos con distintivos de calidade galegos, con axentes da grande distribución, canle HORECA e tamén dos sectores artesán, ecolóxico e tendas gourmet, así como de colectividade. Todo isto co propósito de amosar os produtos, debater sobre as fortalezas e debilidades dos distintos sectores e ver que aspectos de teñen que mellorar e con que estratexias se poden acadar os novos retos.

Así o día 26 centrouse a mostra na distribución e o canle HORECA, participando na exposición unha vintena de empresas alimentarias de certa entidade e tendo lugar varias mesas redondas e un almorzo con expertos da distribución e con emprendedores e casos de éxito.

Xa no día 27 acudiron 24 pequenas empresas e os debates centráronse nas pequenas producións de calidade e na venda a través de canles gourmet, ecolóxicos e tamén a colectividade.

O día 28 presentáronse os "Embaixadores 2023 Galicia Etiqueta Calidade", recoñecendo a unha serie de persoeiros e profesionais o seu labor a prol da difusión e a posta en valor dos produtos agroalimentarios galegos de calidade.



O conselleiro do Medio Rural entregou os galardóns e tamén clausurou a mostra nun almorzo de “Experiencias de Calidade”.

O custe total deste evento foi duns 133.000 €



Incrementar o número de operadores e o valor da produción amparada por figuras de protección da calidade diferenciada (B5)

Realización de accións de acompañamento e titorización (B51)

En relación coa Artesanía Alimentaria, en 2022 fixéronse reunións e visitas a operadores en distintos ámbitos territoriais, totalizándose 19 operadores que recibiron titorización para incorporación a esta figura de calidade diferenciada.

Realizáronse reunións de acompañamento orientadas á incorporación de operadores de Artesanía Alimentaria nos seguintes sectores/productos e o número de operadores de cada unha:

- Elaboración de manteiga artesá (2)
- Elaboración de zumes artesáns (1)
- Elaboración de conservas e derivados da helicultura artesá (1)
- Elaboración e o envasado de hidromel artesán (1)
- Elaboración de conservas vexetais (14)

Realización de accións formativas (B52)

En 2022, dende o Departamento de Protección da Calidade Diferenciada coordináronse un total de 9 accións formativas. Estas accións deron formación en Artesanía Alimentaria a un total de 132 alumnos. Destas, 4 foron organizadas por este departamento asociadas



ao Plan de Transferencia 2022. No seguinte cadro recóllese un resumo dos principais datos destas accións:

Título da actividade	Localización/Edición	Datas e número de horas	Número de alumnado
Artesanía alimentaria: elaboración de produtos de confeitaría, pastelería, bolaría e repostaría.	CIFP Paseo das Pontes R/San Pedro de Mezonzo, 4 A Coruña	22/11/2022 7 horas	15
Artesanía alimentaria: elaboración de conservas vexetais	CIFP Paseo das Pontes R/San Pedro de Mezonzo, 4 A Coruña	24/11/2022 7 horas	14
Artesanía alimentaria: elaboración de sidra	Pazo de Quián Sergude, Boqueixón A Coruña	28/11/2022 7 horas	13
Artesanía alimentaria: elaboración de produtos cárnicos	Casa da Cultura R/M. Ángel Blanco, 20 Antas de Ulla Lugo	29/11/2022 7 horas	13

Ademais, o citado departamento organizou 5 cursos de formación con fondos propios, coas seguintes temáticas:

Título	Edición	Data/horas	Experiencias invitadas (exemplos)	Número de alumnado
Xornada técnica de Artesanía Alimentaria: "Cervexa artesá".	Vigo Xunta de Galicia - Edificio administrativo	Xoves, 19 de maio 10:00-13:00 horas	Cervexa Artesá " Toupiña". Lalín. A	21
Sidra e mel.	Boqueixón Pazo de Quián, Sergude	Xoves, 9 de xuño 11:00-13:00 horas	IXP Mel de Galicia.	17
Conservas vexetais- marmeladas, produtos desecados de orixe vexetal, e infusións e condimentos .	A Coruña Delegación provincial da Xunta de Galicia- Edificio Administrativo de Monelos (Salón de actos)	Martes, 21 de xuño 11:00-13:00 horas	Conservas e marmeladas "As Camposeiras". Oleiros.	8
Produtos de confeitaría, pastelería, bolaría e repostaría.	Pontevedra Edificio do GDR Pontevedra- Morrazo	Xoves 7 de xullo 11:00-13:00 horas	Pastelería "Estilo". Melide.	13
Lácteos: Queixo, requieixo, xeados.	Lugo Delegación provincial da Xunta de Galicia	Martes 18 de setembro 10:00-13:00 horas	Aula de Produtos Lácteos. USC.	18

Outras actividades formativas financiadas polo Feader

Por outra banda, o Departamento de Promoción da Calidade Alimentaria organizou catro cursos de formación; todos deles con fondos Feader e coas seguintes temáticas:

- Talleres prácticos de formación para vacún de leite ecolóxico (36 horas).
- Formación en vacún ecolóxico de carne (8 horas).
- Formación en horta ecolóxica (8 horas).
- Formación para a produción de arando ecolóxico (32 horas)



Realización de estudos e traballos técnicos (B53)

Neste capítulo, no ano 2022 compútanse os seguintes traballos:

- Asistencia técnica para sensibilización e divulgación de actividades e producións con calidade diferenciada (artesanía alimentaria) e elaboración de normas técnicas de artesanía alimentaria.
- Asistencia técnica para a formación do persoal para execución de programas de control e certificación en Artesanía Alimentaria.
- Servizo de apoio técnico nos labores de control e certificación.

Convocatoria e xestión das axudas para os gastos de participación dos operadores nas figuras de protección da calidade diferenciada (B54)

O 29 de marzo de 2022 publicouse no DOG a "Resolución do 17 de marzo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR362A)".

Son axudas incluídas no PDR 2014-2020 que financian aos agricultores e gandeiros os gastos derivados da súa pertenza ás distintas figuras de protección da calidade alimentaria (denominacións de orixe, indicacións xeográficas e agricultura ecolóxica). Están financiadas con fondos Feader, do Ministerio e da Xunta. A súa finalidade é fomentar a participación dos agricultores e gandeiros en figuras de protección da calidade, como as denominacións de orixe, as indicacións xeográficas ou a agricultura ecolóxica, mediante a contribución ao financiamento dos custos fixos que esta participación ocasiona. A contía da axuda pode chegar ata o 100 % dos gastos subvencionables realizados, sen superar os 3.000 euros anuais por explotación, durante un período máximo de cinco anos.

Na convocatoria 2022, de forma coherente cas anteriores, foron subvencionables os gastos imputables á campaña anual comprendida entre o 1 de maio de 2021 e o 30 de abril de 2022.

A convocatoria 2022 tivo unha dotación orzamentaria de douscentos mil euros (200.000 €). Como se pode ver no cadro adxunto, aprobáronse 700 solicitudes das 1058 presentadas (esgotouse o orzamento para atender ás solicitudes presentadas e foi necesario aplicar os criterios de concorrencia competitiva e denegar as solicitudes que non acadaron a puntuación mínima de corte).

Tendo en conta o anterior aprobáronse 700 expedientes de oito programas de calidade diferentes, cun importe total de 199.938,98 € e pagouse un importe xustificado de 193.361,19 €



Programa de calidade	Solicitudes presentadas	Solicitudes aprobadas	Importe aprobado (€)	Importe pagado GPT (€)
DO Valdeorras	1	0	0	0
DO RÍAS BAIXAS	1	0	0	0
DO RIBEIRA SACRA	1	0	0	0
DO MONTERREI	1	1	219,98	219,98
IXP Mel de Galicia	25	13	2.303,75	2.303,75
IXP Ternera Gallega	644	342	59.978,00	58.055,00
Agricultura Ecolóxica	347	309	134.376,25	129.862,46
IXP Vaca e Boi De Galicia	37	35	3.061,00	2.920,00
TOTAL 2020	1058	700	199.938,98	193.361,19

Promoción da realización de accións de cooperación entre consellos reguladores para a promoción conxunta (B55)

No ano 2022 podemos computar dúas accións de cooperación entre consellos reguladores para a promoción conxunta.

Unha delas foi a presenza en Fenavin en Ciudad Real, evento do que xa demos conta cando nos referiamos anteriormente cando abordamos a tarefa B41, participación en feiras e outros eventos comerciais. Como se dixo daquela, a Axencia, ademais de correr co custo do solo feiral, coordinou a presenza baixo unha identidade común, dos cinco consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas así como a do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.

A segunda acción é a sinatura dun acordo de cooperación entre a Axencia e a totalidade dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario (26) para impulsar a plataforma de venda directa on-line de produtos galegos de calidade, "Galicia Experiencias de Calidade. Os consellos reguladores participan en representación dos produtores primarios e/ou micro empresas de transformación de produtos agrarios, co obxectivo de impulsar a plataforma de venda directa on-line para que esta chegue a consolidarse como unha canle de distribución curta e unha canle de venda alternativa para os produtos das empresas participantes. A cooperación abarca funcións relacionadas co impulso da plataforma a través da cooperación entre a Axencia e os produtores primarios e/ou micro empresas de transformación de produtos agrarios amparados polos distintos indicativos de calidade diferenciada, por mediación dos consellos reguladores.

Aínda que en termos cuantitativos o número de accións realizadas nesta tarefa sexa escaso, en termos cualitativos hai que poñer en valor a sinatura deste acordo de cooperación, necesario para o financiamento da plataforma con fondos do Feader a través da medida 16.41 que comezou a xestionar a Axencia neste ano. O acordo é de gran



importancia para o impulso desta plataforma de venda directa entre empresas elaboradoras e persoas consumidoras finais dos produtos galegos de calidade.



Investigación: actividades centralizadas

A Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria xestionou na anualidade 2022 as convocatorias de axudas de PROXECTOS PILOTO en concorrencia competitiva, submedida 16.20 do PDR de Galicia 2014-2020, correspondentes ás convocatorias en execución dos anos 2020, 2021 e 2022.2

Convocatorias capítulo VII	Nº solicitudes pago	Total crédito convocatoria	€ 2022
PP 2020-2022	17	2.320.000,00	447.927,01
PP 2021-2023	19	2.250.000,00	1.167.279,24
PP 2022-2024	11	2.401.315,00	270.339,08
TOTAL	47	6.971.315,00	1.885.545,33

Recibíronse 45 novas solicitudes de axuda presentadas ó abeiro da convocatoria 2022 da orde de axudas pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, (código de procedemento MR331A); das cales se aprobaron 11 por un importe total de algo menos de 1.700.000 € (cunha intensidade de axuda do 80%).

Propuxéronse para o pago 47 solicitudes de pagamento no ano 2022 (17 da convocatoria 2020, 19 da convocatoria 2021 e 11 da convocatoria 2022) por importe de 1.885.545,33 €.

Iniciouse a preparación e tramitación da convocatoria para o ano 2023 da orde de axudas pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, mais o axustes orzamentarios do último período do ano 2022 fixo que finalmente esta convocatoria sexa preciso convocala xa baixo criterios PEPAC 2023-2027 (código de procedemento MR331A), polo que os inicios do 2023 precisarán dun importantísimo esforzo para adaptar a convocatoria e os criterios de selección ao novo escenario.

Os expedientes da convocatoria de proxectos piloto xestionados a través desta convocatoria de axudas foron os seguintes:



Proxecto	Beneficiario	Titulo	Convocatoria	Orzamento
FEADER 2020/004A	TRES FUCIÑOS SCG	EMPLEO DE FRACCIONES DE GRASA DE CERDO CELTA PARA LA OBTENCIÓN DE PRODUCTOS CÁRNICOS DIFERENCIALES	2020	96.244,57
FEADER 2020/005A	COOPERATIVAS OURENSANAS S.C.G.	MELLORA DO BENESTAR ANIMAL NA PRODUCCIÓN ECOLÓXICA DE CARNE DE PORCO: COMPETENCIA, XOGUETES E EXTRACTOS DE PLANTAS	2020	180.049,70
FEADER 2020/012A	LEBASTE S.C	APROVEITAMENTO DE SUBPRODUTOS DA INDUSTRIA DA OLIVA PARA A OBTENCIÓN DE PRODUTOS CÁRNICOS	2020	111.125,00
FEADER 2020/020A	UNIÓN DE COOPERATIVAS AGACA	SISTEMA DE AXUDA A DECISIÓN PARA A LOCALIZACIÓN DE NOVAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS	2020	149.625,00
FEADER 2020/027A	AMARELANTE SCG	DESENVOLVEMENTO DE NOVOS PRODUTOS DA DIETA ATLÁNTICA DERIVADOS DA CASTAÑA	2020	89.000,00
FEADER 2020/034A	JOSE ANTONIO MARRA BOLAÑO	MANEXO DA REGA POR GOTEJO POR MEDIO DAS TIC NO CULTIVO DE PATACA NA LIMIA	2020	56.985,00
FEADER 2020/040A	PATATAS Y CEBOLLAS GANDARA SC	RESPUESTAS INNOVADORAS PARA MEJORAR LA PRODUCTIVIDAD AGRÍCOLA Y COMERCIAL DE LA PATATA DE CONSERVACIÓN	2020	77.500,00
FEADER 2020/044A	CEA PAN, S.L.	RECORVO: REVALORIZACIÓN DO MILLO CORVO PARA A ELABORACIÓN DE PRODUTOS ARTESÁNS DE PANADERÍA	2020	107.404,80
FEADER 2020/048A	AGRUPACIÓN APÍCOLA DE GALICIA	INNOVACION NO PROCESO PRODUTIVO PARA UNHA APICULTURA SUSTENTABLE	2020	127.197,19
FEADER 2020/049A	MARÍA JOSE TALLÓN GARCÍA	OPTIMIZACIÓN DOS PROCESOS DE DESHIDRATACIÓN DE FROITAS E HORTALIZAS MEDIANTE TECNOLOXÍAS RENOVABLES	2020	61.595,40
FEADER 2020/056A	CECOAGRO CENTRAL DE COMPRAS, S.L.	INCORPORACIÓN DE MILLO ALTO OLEICO E MILLO CORVO NA PRODUCCIÓN DE CARNE DE PORCO CELTA DE CALIDADE DIFERENCIADA	2020	150.000,00
FEADER 2020/057A	MANUEL ÁNGEL CURRÁS OLIVEIRA	DESENVOLVEMENTO DUN SISTEMA DE VISIÓN ARTIFICIAL PARA CLASIFICACIÓN DA CALIDADE DE ARANDOS DUNHA PEQUENA EXPLOTACIÓN	2020	81.052,00
FEADER 2020/058A	Veigas de Sabugueiro SL	O SABUGUEIRO COMO RECURSO ALIMENTARIO. UNHA APOSTA SAUDABLE	2020	117.840,91
FEADER 2020/059A	BODEGAS MARTIN CODAX SAU	VITIOZON: MANEXO INTEGRADO DA VIÑA MEDIANTE APLICACION DE AUGA OZONIZADA EN PULVERIZACION	2020	179.499,65
FEADER 2020/063A	A MAN DE PRADO S.L.U.	ELABORACIÓN SOSTIBLE DE PANEIS AUTOPORTANTES DE PLANTAS VIVAS PARA XARDINERÍA VERTICAL	2020	101.595,01
FEADER 2020/066A	LABORATORIO INTERPROFESIONAL GALEGO DE ANÁLISE DO LEITE (LIGAL	UNHA NOVA TECNOLOXÍA PARA A TRAZABILIDADE DA ORIXE ALIMENTARIA DE MOSTRAS DE LEITE DE VACA	2020	175.696,82
FEADER 2020/071A	BIO-ALIMENTACIÓN COLOMBIA S.L	DESEÑO E ELABORACIÓN DE PRODUTOS DE PANADERÍA MÁIS SAUDABLES CON BASE DE FARIÑAS AUTÓCTONAS E PANELA	2020	101.655,00
FEADER 2021/001A	VIÑA COSTEIRA S COOP GALEGA	VIÑ@SoStible - VALORIZACIÓN DE RESIDUOS VITIVINÍCOLAS NA ELABORACIÓN DE VIÑOS SOSTIBLES	2021	187.499,13
FEADER 2021/002A	LIGAL	LEME: NOVAS TECNOLOXÍAS PARA ESTIMACIÓN DAS EMISIÓNS ENTÉRICAS DE METANO EN VACAS DE LEITE	2021	184.914,10




FEADER 2021/006A	CUME DO AVIA S.COOP.GALEGA	EIRAVINE: DESENVOLVEMENTO DE PROTOCOLO DE RECUPERACIÓN DE VIÑEDO ECOLÓXICO OPTIMIZANDO A SÚA LONXEVIDADE E SUSTENTABILIDADE	2021	87.103,41
FEADER 2021/016A	ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO RURAL ODEGA	SENSORSOIL	2021	134.908,82
FEADER 2021/019A	GALIPLANT ORNAMENTAL SL	EVALUACIÓN COMO AGENTE DE BIOCONTROL DEL EXTRACTO OBTENIDO A PARTIR DEL RESIDUO DEL PENSADO DE SEMILLAS DE CAMELIAS SP EN LA EXTRACCIÓN DE ACEITE	2021	78.945,00
FEADER 2021/023A	QUEIZUAR SL	VALNASOM - VALORIZACIÓN DA NATA DE SORO MEDIANTE A PRODUCCIÓN DE MANTEIGA PREMIUM	2021	187.500,00
FEADER 2021/026A	ORBALLO INNOVACIONES FORESTALES, S.L.	EMPLEO DE MODELOS MATEMÁTICOS EN PRODUTOS NUTRACÉTICOS A BASE DE TE E LÚPULO	2021	187.075,00
FEADER 2021/028A	QUEIXERIA PRESTES, SL	VALORIZACIÓN DEL SUERO DE QUESERÍA Y DESARROLLO DE NUEVOS PRODUCTOS FUNCIONALES	2021	76.491,97
FEADER 2021/035A	CONSERVAS DO TAMEGA SL	REVALORIZACIÓN DE HUERTA ECOLÓXICA HACIA ALIMENTOS MÍNIMAMENTE PROCESADOS	2021	88.130,00
FEADER 2021/038A	ASOC SECTORIAL FORESTAL GALEGA-ASEFOGA	APIXEN	2021	187.500,00
FEADER 2021/053A	GALINSECT, S.L.	BIOPROINSECT - Bioprocesado de insectos para la obtención de productos de valor añadido	2021	181.468,56
FEADER 2021/058A	MILHULLOA, SDAD COOP GALEGA	CARACTERIZACIÓN DE BOTÁNICOS PARA DESENVOLVER COSMÉTICOS ECO BIACTIVOS	2021	29.950,00
FEADER 2021/064A	ECOCELTA GALICIA SL	SISTEMA MODULAR DE VERMIGESTIÓN DE PURINES PARA SU VALORIZACIÓN COMO FERTILIZANTE . ACRÓNIMO "AGROPURÍN"	2021	151.256,47
FEADER 2021/066A	UNIÓN DE COOPERATIVAS AGACA	POSTA EN VALOR DA FABA DE LOURENZÁ: SANIDADE DA SEMENTE, CULTIVO E COMERCIALIZACIÓN	2021	136.834,00
FEADER 2021/070A	MADERA PLUS CALIDAD FORESTAL SL	NEMATODO-SCREEN: INFRARROJO CERCANO PARA SELECCIONAR POR SUSCEPTIBILIDAD AL NEMATODO	2021	149.592,38
FEADER 2021/071A	PROYECTO MIÑA TERRA, S.L.	OPTIMIZACIÓN DA DIETA DE CEBO NAS DIFERENTES CATEGORÍAS DA RAZA CACHENA	2021	187.500,00
FEADER 2021/072A	PORTO-MUIÑOS, S.L.	ALGATERRA: Novos insumos agrícolas para a mellora de cultivos en ecolóxico elaborados con algas mariñas de Galicia	2021	182.964,40
FEADER 2021/076A	HIFAS FORESTA, S.L	GREENCASTANEA. PRODUCCIÓN CASTIÑEIRO MICORRIZADO INVITRO E SELECCIÓN INTRAVARIETAL DE VARIEDADES IXP	2021	187.500,00
FEADER 2021/080A	INNOGANDO S.L.	PASTOREO 4.0: AVALIACIÓN DAS FUNCIONALIDADES DUN SISTEMA DE MONITORIZACIÓN DO GANDO EN PASTOREO CON INTELIXENCIA ARTIFICIAL	2021	53.152,53
FEADER 2022/001A	O RUALDI S.L	DENSENVOLVEMENTO DE NOVOS PRODUTOS CÁRNICOS DE PORCO CELTA SEN ADITIVOS ARTIFICIAIS	2022	146.974,15



FEADER 2022/004A	PANADERIA DA CUNHA, S.L.	MELLORA DO CULTIVO ECOLÓXICO DE TRIGO AUTÓCTONO	2022	100.718,00
FEADER 2022/005A	AGRONOVO ECOLOXIA, S.L	INCREMENTO DA EFICIENCIA EN GANDERIAS DE RUMIANTES E VALORIZACIÓN DOS SEUS PRODUTOS	2022	149.816,17
FEADER 2022/008A	COMUNIDADE DE REGANTES DE ANTIOQUIA	AFORRO NA AUGA DE REGA E OUTROS INSUMOS MEDIANTE NOVAS TECNOLOXÍAS	2022	109.600,36
FEADER 2022/009A	ANAY674MB, S.L	EXPLOTACIÓN DO POTENCIAL DE GARDA DUN TERROR HISTÓRICO DO RIBEIROCON CULTIVO SUSTENTABLE DO VIÑEDO	2022	122.435,00
FEADER 2022/010A	A MAN DE PRADO, S.L	XARDÍN VERTICAL CON PLANTA VIVA, MONTABLE E MONITORIZADO MEDIANTE APP MOVIL POLO USUARIO	2022	179.999,99
FEADER 2022/017A	SEMENTARES, S.L.	AS VARIEDADES AUTÓCTONAS COMO ALIMENTOS FUNCIONAIS A PARTIR DE CULTIVOS SUSTENTABLES	2022	187.499,50
FEADER 2022/022A	COOP. VITIVINICOLA AROUSANA S COOP GALEGA	VIÑOXS – ITINERARIOS INNOVADORES EN CRIANZAS OXIDATIVAS DE VIÑOS GALEGOS	2022	145.810,74
FEADER 2022/027A	A MILPA DO SALNES S.COOP.GALEGA	PRODUCCIÓN DE FARIÑA DE MILLO NIXTAMALTIZADA A PARTIR DE RECURSOS GENÉTICOS AUTÓCTONOS DE GALICIA	2022	187.500,00
FEADER 2022/029A	UNIONS AGRARIAS - UPA	ENERXIGANDO:PLATAFORMA WEB ADOCIÓN DE MODELOS ENERXÉTICOS INNOVADORES EN EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS	2022	187.500,00
FEADER 2022/035A	ADEGAS VALMIÑOR, S.L.	TRATAMENTOS FITOSANITARIOS EN VIÑEDO CON RPA NA D.O. RIAS BAIXAS EN DOUS SISTEMAS DE CONDUCCIÓN E NA VARIEDADE ALBARIÑO	2022	180.000,00

**II FORO DE INNOVACIÓN
PRODUCTIVA DO
SECTOR AGRARIO**

Lugar: Auditorio 2, Edificio Cinc
Cidade da Cultura
10 febreiro



**AXENCIA GALEGA DA
CALIDADE ALIMENTARIA**



O 10 de febreiro organizouse na cidade da cultura o 2º Foro de Innovación Productiva do Sector Agrario no que se presentaron 16 proxectos piloto de desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal. Este foro permitiu dar publicidade ás actuacións e principais resultados obtidos dos proxectos financiados na convocatoria 2019 e que finalizaron e se xustificaron na anualidade 2021.

Así mesmo, desde a Área de Formación, Innovación e Investigación agraria xestiónanse tamén as convocatorias de axudas de GRUPOS OPERATIVOS, submedida 16.1 do PDR de Galicia 2014-2020, recuperándose na anualidade 2022 unha das convocatorias que suscita maior interese no ámbito da innovación agraria por parte do sector e que dende a convocatoria do



2018 non puidera volver a convocarse.

Convocatorias capítulo VII	Nº solicitudes pago	Total crédito convocatoria	€ 2022
GO 2022-2024	25	6.127.330,00	3.676.398,00

Recibíronse 69 solicitudes de axuda presentadas ó abeiro da convocatoria 2022 da orde de axudas pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o apoio de proxectos dos grupos operativos, da Asociación Europea da Innovación (AEI) desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, (código de procedemento MR331B), das cales se aprobaron 25 por un importe total de 4.297.384,54 € (cunha intensidade de axuda do 100%).

Propuxéronse para o pago 25 solicitudes de pagamento dos proxectos da convocatoria 2022-2024.

Durante a anualidade 2022 iniciouse todo o procedemento para a tramitación da convocatoria para o ano 2023 da orde de axudas pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o apoio de proxectos dos grupos operativos, da Asociación Europea da Innovación (AEI) desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, (código de procedemento MR331B). Non obstante, o axustes orzamentarios do último período do ano 2022 fixo que finalmente esta convocatoria sexa preciso convocala xa baixo criterios PEPAC 2023-2027 (código de procedemento MR331B), polo que os inicios do 2023 precisarán dun importantísimo esforzo para adaptar a convocatoria e os criterios de selección ao novo escenario. Os expedientes da convocatoria de grupos operativos xestionados a través desta convocatoria de axudas foron os seguintes:

Proxecto	Solicitante	Título	Convocatoria	Orzamento
FEADER 2022/001B	MARCOS OTERO SL	GO MILLOPRECISO: AGRICULTURA DE PRECISIÓN CON MILLO FORRAXEIRO EN GALICIA	2022	180.000,00
FEADER 2022/007B	FUNDACIÓN JUANA DE VEGA	DIXITALIZACION DA CADEA DE VALORDA IXP TERNERA GALLEGA	2022	176.329,19
FEADER 2022/010B	FUNDACION CENTRO TECNOLÓXICO DE EFICIENCIA E SOSTENIBILIDADE ENERXÉTICA	APROAVI - APROVEITAMENTO INTEGRAL DA POLLINAZA PARA A MELLORA DA SOSTENIBILIDADE E COMPETITIVIDADE DO SECTOR AVÍCOLA	2022	179.600,45



FEADER 2022/011B	MONET TECNOLOGIA E INNOVACIÓN, S.L	GO PLASMOWINE: MOMENTO OPTIMO DE APLICACION DOS TRATAMENTOS CONTRA O MILDUM PARA MINIMIZAR RESIDUOS EN VIÑO.	2022	179.999,99
FEADER 2022/014B	VIVEROS LÓPEZ VID, S.L	PLANTAVID: PRODUCCIÓN DE PLANTA DE VIDE REISTENTE Á PODREDUMBRE BRANCA DA RAIZ	2022	179.917,41
FEADER 2022/015B	SEICA SEO, S.L.	NOVOS APROVEITAMENTOS DE ENMENDAS OBTIDAD DE RESIDUOS PORCINOS E FORESTAIS PARA A MELLORA DA CALIDADE DOS SOLOS	2022	179.935,82
FEADER 2022/017B	PAZO DE VILANE, S.L	GO FUNTRAPA: FUNGOS PARASITICIDAS PARA A TRANSICIÓN DE GANDEIRIAS A REXIMENES PASTORÍS	2022	180.000,00
FEADER 2022/022B	XAGOAZA PINASTER, S.L	REXINERSIA: ACCIONS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR RESINEIRO GALEGO	2022	173.466,75
FEADER 2022/023B	COOPERATIVA VITIVINÍCOLA AROUSANA	GREENSOILVIN-OBTENCIÓN DE VIÑOS SOSTIBLES E DE CALIDADE MEDIANTE ESTRATEXIAS ALTERNATIVAS NA XESTIÓN DA FERTILIDADE.	2022	179.993,21
FEADER 2022/024B	TRAGSSA. Empresa de transformación Agraria S.A	GO DELICAS - DESEÑO DE ELICITADORES DE DEFENSA EN CASTIÑEIRO DO PAIS	2022	179.947,27
FEADER 2022/027B	ENXEÑERÍA FORESTAL ASEFOR, SL	BIOMAS CO2	2022	135.396,96
FEADER 2022/028B	ASOCIACIÓN ESCUELA FAMILIAR AGRARIA FONTEBOA	TERRACTIVA	2022	177.644,29
FEADER 2022/029B	FEDERACIÓN DE RAZAS AUTÓCTONAS DE GALICIA	IMPLEMENTACION DUNHA FERRAMENTA DE XESTIÓN TECNICO-ECONÓMICA PARA AS GANDARIAS DE MORENAS GALEGAS	2022	179.920,00
FEADER 2022/030B	VEIGAS DE SABUGUEIRO, S.	MELLORA DO CULTIVO DE DA ESPECIE AUTÓCTONA DE SABUGUEIRO PARA A OBTENCIÓN DE EXTRACTOS RICOS EN COMPOTOS BIOACTIVOS	2022	179.764,08
FEADER 2022/037B	AGRUPACION PARA O DESENVOLVEMENTO E FORMACIÓN SECTOR APÍCOLA GALEGO	MELLORA DA SOSTENIBILIDADE APÍCOLA MEDIANTE O USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS E CONSERVACIÓN DA ABELLA E LOCAL	2022	179.990,15
FEADER 2022/040B	MONET TECNOLOGIA E INNOVACIÓN, S.L	GO REGAVID – FERRAMENTA DE XESTIÓN DE REGA QUE EVALÚA NECESIDADES HÍDRICAS ACTUAIS DO VIÑEDO E PREDICE FUTURAS	2022	180.000,00
FEADER 2022/044B	ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS - AGACA	PLAN DE ACCIÓN PARA A MELLORA DA SOSTENIBILIDADE DAS PRODUCCIÓN S CÁRNICAS GALEGAS	2022	145.600,00
FEADER 2022/045B	UNIÓN LEITEIRA GALEGA	SISTEMA DE DIÁGNÓSTICO INTEGRAL PORTABLE	2022	177.440,07
FEADER 2022/048B	SERVITEC MEDIOAMBIENTE, S.L	COGOMELOS + INCREMENTO DA PRODUTIVIDADE MICOLÓXICA DOS PIÑEIRAS GALEGOS	2022	179.996,95
FEADER 2022/051B	PATATAS Y CEBOLLAS GANDARA, S.C	INFLUENCIA DE FACTORES AGRONÓMICOS, ALMACENAMIENTO E FRITURA SOBRE O POTENCIAL DE FORMACIÓN DE ACRILAMIDA EN PATACA	2022	120.706,20
FEADER 2022/058B	INERGIAS SOSTENIBLES RESIFOREST, S.L	REVALORIZACIÓN DE DOS PIÑEIRAS GALEGOS A TRAVÉS DA CALIDADE DA RESINA – GO PICARE	2022	178.090,00



FEADER 2022/061B	AVELINO SANTANA GARCÍA	AGRICULTURA DE PRECISIÓN PARA UN MEDIO NATURAL RENTABLE E SOSTIBLE	2022	179.052,90
FEADER 2022/062B	ASOCIACIÓN AGRARIA DE GALICIA	CEBA EN GALICIA: OPTIMIZACIÓN E PROTOCOLIZACIÓN DUN SISTEMA DE ENGORDE DE BECERROS FRISÓNS RENDIBLE E REPLICABLE	2022	178.632,33
FEADER 2022/066B	ALVARO RODRIGUEZ EIRAS, S.L	NIRS4CUSTOM, INVESTIGACIÓN PARA O DESENROLO INNOVADOR DE UN PROTOTIPO EQUIPADO COA TECNICA NIRS PARA ANALIZAR...	2022	179.657,00
FEADER 2022/068B	XESTIÓN AGROGANDEIRA E NATUREZA, S.L	VACÚN DE CARNE A PASTO: IDENTIFICACIÓN E FOMENTO DE MANEXOS GANDEIROS ECONÓMICA E AMBIENTALMENTE MAIS SUSTENTABLES	2022	136.303,52

Por outra parte, no mesmo ámbito da submedida 16.20 coordínanse as actividades desenvoltas como ACCIÓNS DE COOPERACIÓN, nas que participan como promotores principais os centros de investigación dependentes da Axencia.

En total se xestionaron 27 accións de cooperación correspondentes ás convocatorias 2020 e 2021 que no seu conxunto supoñen un orzamento para o período 2020 a 2023 de 3.536.109,26 € dos que 920.115,49 foron aprobados para a anualidade 2022.

Recursos xenéticos agrarios

Desde a Área de Formación, Innovación e Investigación agraria iniciouse a planificación para o desenvolvemento do Plan de Conservación dos Recursos Xenéticos Agrarios, submedida 10.2.3 do PDR de Galicia 2014-2020, na cal se define un plan Marco de actuación xunto cun plan de controis a levar a cabo. Asemade, se elaborou unha circular de programación-xestión onde se establecen as bases da convocatoria, na que a Administración actúa como promotora directa dos programas de conservación dos recursos xenéticos en risco de erosión xenética e incluso extinción, a través dos seus centros de I+D+i con competencias agrícolas e gandeiras orientadas á conservación e estudo dos recursos xenéticos agrarios e gandeiros. Destinase un montante orzamentario de 1.600.000 € para a súa execución, dos que 754.000 € son comprometidos a través da circular de xestión para as anualidades 2023 a 2025.

Tamén se levou a cabo a actualización e posta en funcionamento da plataforma informática (AXUTF) para a tramitación e o control administrativo das solicitudes.

Recursos xenéticos forestais

Desde a Área de Formación, Innovación e Investigación agraria iniciouse a planificación para o desenvolvemento do Plan de Conservación dos Recursos Xenéticos Forestais, submedida 15.21 do PDR de Galicia 2014-2020, na cal se define un plan Marco de actuación xunto cun plan de controis a levar a cabo e se elaborou unha circular de programación-xestión onde se establecen as bases da convocatoria, na que a Administración que actúa como promotora directa dos programas de conservación dos recursos xenéticos en risco



de erosión xenética e incluso extinción, a través dos seus centros de I+D+i con competencias orientados á conservación e estudo dos recursos xenéticos forestais. Destinase un montante orzamentario de 811.000 € para a súa execución, dos que 507.383,33 son comprometidos a través da circular de xestión para as anualidades 2023 a 2025.

Investigación agropecuaria

C1	Valoración nutricional de forraxes e produción de leite
C11	Alimentación de precisión do gando vacún de leite
C12	Mitigación do impacto ambiental nos sistemas de produción de leite
C13	Identificar a presenza de compostos bio activos no leite de vacún en resposta ao sistema de produción. Rastrexabilidade da procedencia alimentaria. Diferenciación da produción leiteira
C14	Redución da dependencia proteica nos sistemas de produción de leite. Rotacións forraxeiras ecolóxicas e convencionais.
C15	Análise estrutural e obtención de índices da sostibilidade das explotacións leiteiras galegas
C2	Vacún de carne e outros herbívoros (ovino, caprino e equino)
C21	Caracterización dos sistemas produtivos e de calidade da carne
C22	Produción de carne na IXP Ternera Gallega Suprema en base a pasto
C23	Desenvolvemento dunha liña de selección de características maternais e estudo das súas calidades produtivas
C24	Calidade da carne e das canais procedentes de cebo de vacas e bois
C25	Sistemas produtivos de carne en poboacións de bovino de razas autóctonas galegas ou doutras de interese, incluídos os cruzamentos
C26	Caracterización produtiva das distintas razas e cruces e calidade da carne de ovino nos sistemas produtivos galegos
C27	Sistemas de produción de carne de cordeiro adaptados ao territorio
C28	Definición dos parámetros de crecemento e de calidade da carne da raza Cabra Galega nos sistemas produtivos galegos
C3	Calidade nutricional e seguridade alimentaria/ambiental de sistemas produtivos agrarios sustentables
C31	Mitigación/avaliación do impacto ambiental derivado do uso de praguicidas nos sistemas agrarios extensivos
C32	Mellora da calidade e da seguridade alimentaria nos procesos produtivos agrarios: Uso avanzado da espectrometría de masas de alta resolución e de metodoloxías "omics" asociadas, para investigar a calidade e seguridade alimentaria en procesos produtivos agrarios
C4	Conservación e mellora de Recursos Fitoxenéticos Agrarios.
C41	Conservación do Banco de Xermoplasma do CIAM. Multiplicación, conservación e caracterización da colección de especies pratenses conservadas no CIAM
C42	Instalación de campos de multiplicación para creación de semente das variedades pratenses creadas no CIAM
C43	Rexistro de novas variedades de trigo, para sustentar a IXP Pan Galego



C44	Avaliación de novas variedades españolas de cereais de inverno
C45	Selección de trigos seme-ananos de base xenética autóctona
C46	Produción de trigo en ecolóxico
C47	Caracterización de gliadinas e gluteninas LMW da colección de trigos autóctonos
C48	Caracterización agronómica de centeos da colección do CIAM
C49	Avaliación agronómica de variedades comerciais de millo forraxeiro
C410	Multiplicación e conservación de variedades locais e liñas puras de millo (<i>Zea mays</i> L.) conservadas no Banco de Xermoplasma do CIAM
C411	Avaliación agronómica de material xenético procedente do cruzamento de liñas obtidas a partir de cruces de material autóctono de millo para forraxe
C412	Avaliación de variedades locais de millo branco (variedades autóctonas) para obtención dun híbrido sintético para o uso na industria fariñeira
C413	Desenvolvemento do material xenético do millo adaptado a Galicia e Norte de España. Selección de híbridos sintéticos asistida por marcadores moleculares SSR en caracteres (rendemento, valor nutritivo e biomasa) do millo en gran e forraxeiro, para o seu uso en sistema ecolóxico
C414	Mantemento do Banco de Xermoplasma de hortícolas
C415	Ensaio de variedades de horta
C419	Mellora das condicións de conservación do Banco de Xermoplasma de froiteiras do CIAM
C420	Accións específicas sobre as coleccións de maceiras, pereiras e cerdeiras
C421	Posta en valor da colección de maceiras destinada á industria alimentaria
C422	Diagnose da situación actual da fruticultura en Galicia
C5	Fertilización de cultivos forraxeiros e medio ambiente
C51	Incremento da eficiencia na utilización de nutrientes dos fertilizantes nos cultivos forraxeiros. Reciclado de fertilizantes orgánicos
C52	Mitigación do cambio climático mediante o sequestro de carbono e a redución nas emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI: N ₂ O, CO ₂ e CH ₄)
C53	Redución da volatilización do amoníaco e da contaminación das augas nas explotacións gandeiras de vacún
C54	Seguimento, preservación e mellora da fertilidade do solo: aspectos químicos e biolóxicos
C55	Aplicación das TIC, intelixencia artificial e a agricultura de precisión
C6	Helmintíases e protozooses dos ruminantes en Galicia
C61	Obtención de estadios parasitarios e produtos biolóxicos derivados.
C62	Optimización do control das parasitoses reducindo ao mínimo o uso de medicamentos
C7	Enfermidades bacterianas e víricas da cabana gandeira
C71	Posta en marcha dunha unidade de investigación para o estudo de enfermidades bacterianas e víricas
C72	Estudo de enfermidades animais bacterianas e víricas que afectan ao gando vacún en Galicia



C8	Biología Molecular/Biotecnología Vexetal	
C81	Apoio a liña de produción de horta	
C82	Busca de alelos agronómicos beneficiosos nos ecotipos autóctonos de trigo	
C83	Selección de híbridos sintéticos asistida por marcadores moleculares SSR en caracteres (rendemento, valor nutritivo e biomasa) do millo en gran e forraxeiro, para o seu uso en sistema ecolóxico	
C84	Estudos moleculares para a detección temperá de oídio en lúpulos.	
C85	Detección de Fito plasmas en froiteiras da colección do CIAM	
C9	Unidade de transferencia de resultados da investigación	
C91	Publicación dunha revista de divulgación do CIAM	
C10	Mellora xenética animal	
C101	Posta en marcha dunha unidade de mellora xenética	
C102	Desenvolvemento de programas de mellora xenética	

TAREFA	2021	2022	2023	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2022	ACUMULADO
C11					Nº NIRS	4	1	2
C12					Método	1	0	0
C13					Método	1	1	1
C14					Δ%PB	2 %	En proceso	En proceso
C15					Nº informes	2	1	1
C21					Proxectos	2	1	2
C22					Proxectos	1	2	2
C23					Proxectos	1	0	1
C24					Proxectos	2	0	1
C25					Proxectos	2	0	1
C26					Proxectos	2	0	0
C27					Proxectos	2	1	1
C28					Nº informes	3	1	1
C31					Nº transfer	4	1	1
C32					Publicacións	3	1	2
C41					Kg semente	150/var	150	150
C42					Kg semente	100	100	100
C43					Nº var	5	0	5
C44					Nº var	30	5	10
C45					Nº liñas	80	20	40
C46					Nº ensaios	8	2	4
C47					Nº extracción	300	60	60
C48					Multiplificacións	40	0	10
C49					Publicacións	4	1	2
C410					Nº liñas	40/40	10/10	20/20
C411					Publicacións	4	0	1
C412					Publicacións	4	0	1
C413					Publicacións	1	0	0
C414					Nº var	30	10	20
C415					Mellora xen	15	0	9
C419					Nº accesións	125/90/22	60/40/0	60/40/0
C420					Nº var	125/90/22	60/40/0	60/40/0
C421					Proposta	1	0	1
C422					Nº informes	1	1	1
C51					Publicacións	7	2	4
C52					Publicacións	7	2	4
C53					Publicacións	5	2	3
C54					Proxectos	3	1	2
C55					Accións TT	2	0	1
C61					Publicacións	3	1	2



C62		Publicacións	3	1	2
C71		Unidade	1	1	1
C72		Proxectos	6	1	3
C81		Nº SSRs	10	0	0
C82		Publicacións	7	7	7
C83		Liñas puras	3	0	0
C84		Publicacións	1	0	0
C85		Detección-iden	1/1	1/1	1/1
C91		Publicacións	8	2	4
C101		Creación	2022	2022	v
C102		Liñas	2	2	2

Centro de investigacións agrarias de Mabegondo

Correspóndelle a este centro o exercicio das funcións de investigación, innovación e transferencia, especialmente en todas as materias agrarias, incluídas a agricultura, a gandaría e os aproveitamentos do medio natural, desde os puntos de vista da produción, da conservación e mellora xenética, da sanidade e o benestar, e da industria agroalimentaria, de xeito compatible co medio e a biodiversidade agraria e no contexto dunha economía baixa en carbono.

Correspóndenlle tamén a este centro a coordinación e a dirección das seguintes unidades integradas orgánica e funcionalmente na Axencia:

- a) O Banco de Recursos Fitoxenéticos Agrarios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A Estación Experimental de Gandaría de Montaña de Marco da Curra.
- c) A Estación Experimental Agrogandeira da Pobra do Brollón.
Galician Pinus pinaster breeding program to control pinewood nematode	Raquel Díaz	Webinar Pine Wilt Disease: recent advances in molecular analyses and breeding approaches. 30 junho 2022
Problématique autour de la sélection de matériel génétique résistant au nématode	Raquel Díaz	Symposium sur La recherche au service de la résilience et de la bioéconomie du Pin maritime: Contribution du projet européen B4EST. 6 juillet 2022
Forest Genetic Resources for Future Resilient Forests	Raquel Díaz	All-IUFRO Conference 2022. Forests in a Volatile World – Global Collaboration to Sustain Forests and Their Societal Benefits. IUFRO. Viena, 23 september 2022

Estación de viticultura e enoloxía de Galicia (EVEGA)

Dentro das actividade de transferencia e formación desde a EVEGA desenvóléronse 18 actividades para as que foron aprobados un total de 44.822,51 €.

ACTIVIDADES DE TRANSFERENCIA

PROTOCOLO	ACTIVIDADE	TÍTULO	UNIDADE	AXUDA
TT2022/1/58	Campo de demostración	Cálculo, rexistro e compensación da pegada de carbono da Evega para o ano 2021	EVEGA	6582,8
TT2022/098	Xornada técnica	Boas prácticas na viticultura sustentable	EVEGA	1694,11
TT2022/094	Xornada técnica	As estratexias de sustentabilidade ambiental na vitivinicultura	EVEGA	1746,74
TT2022/097	Xornada técnica	Novas aportacións ao desenvolvemento da viticultura galega	EVEGA	1651,37
TT2022/099	Campo de ensaio	Selección clonal: Selección principal de variedades autóctonas. Campaña 2022 (seguimento 7º ano). Avaliación de clons de Brancellao fronte ao oídio mediante a utilización de organismos de biocontrol <i>Ampelomyces quisqualis</i>	EVEGA	7924
TT2022/100	Campo de ensaio	Xeometría de plantación en castes autóctonas galegas. Campaña 2022 (seguimento 7º ano)	EVEGA	6714
TT2022/101	Campo de ensaio	Sistemas de condución da vide e a incidencia de enfermidades da madeira (seguimento 4º ano). Afinidade por <i>Trichoderma</i>	EVEGA	6439
TT2022/102	Campo de ensaio	Influencia de diferentes técnicas de produción de planta no desenvolvemento vexetativo-productivo en	EVEGA	8752,2



		campo de 10 variedades autóctonas (seguimento 3º ano)		
TT2022/104	Campo de ensaio	Estudo do potencial enolóxico e organoléptico de 10 variedades autóctonas para a elaboración de viños rosados (seguim. 7º ano)	EVEGA	4209.00
TT2022/105	Campo de ensaio	Resposta das variedades autóctonas galegas á produción integrada e ecolóxica do viñado (seguim. 6º ano)	EVEGA	4479.00
TT2022/106	Campo de ensaio	Deseño experimental dun novo sistema de condución con catro tipos de poda para a optimización dos tratamentos fitosanitarios e o estudo comparativo como portaenxerto da variedade Folla Redonda (<i>Vitis</i> sp de conservación vexetal), resistente á Armilaria/Rosellinia, nas variedades viníferas Albariño e Espadeiro (seguim. 7º ano)	EVEGA	4875.00
TT2022/108	Elaboración de material divulgativo	Monográfico nº 12 Evega: Sintomatoloxía das enfermidades do viñado galego en imaxes	EVEGA	1690
FC2022F136002	Curso Formación	Elaboración de viños e derivados	EVEGA	3630.36
FC2022F136003	Curso formación	Identificación e control de pragas e enfermidades da vide. Curso práctico	EVEGA	1628,29
FC2022F132008	Curso Formación	Viticultura. Técnicas de cultivo	EVEGA	3400.02
FC2022F132007	Taller práctico	Poda da vide	EVEGA	1366.54
FC2022F132005	Taller práctico	Xestión de redes nas empresas vitivinícolas	EVEGA	817.40
FC2022F132006	Taller práctico	Ferramentas para iniciar a internacionalización nas empresas vitivinícolas	EVEGA	825.43

PUBLICACIÓNS

TÍTULO	AUTOR	REFERENCIA
Influence of vintage, geographical location and agricultural management on yeast populations in Galician grape musts (NW Spain)	David Castrillo, Pilar Blanco	<i>OENO One</i> DOI: https://doi.org/10.20870/oeno-one.2022.56.4.4898
Wine yeast selection in the Iberian Peninsula: <i>Saccharomyces</i> and non- <i>Saccharomyces</i> as drivers of innovation in Spanish and Portuguese wine industries.	Morata, A., Arroyo, T., Bañuelos, M.A., Blanco, P. et al	Critical reviews in Food Sci and Nutrition https://doi.org/10.1080/10408398.2022.2083574
Impacto dos lévedos autóctonos na composición e perfil sensorial de viños Treixadura	D. Castrillo, E. Rabuñal, N. Neira e P. Blanco	Agroexpres 4: 9-11.
Anthocyanin profile of Galician endangered varieties. A tool for varietal selection	Díaz-Fernández, Á.; Díaz-Losada, E.; Moreno, D.; Esperanza Valdés Sánchez, M.	Food Research International DOI: 10.1016/j.foodres.2022.110983
Approach to the Chemotaxonomic Characterization of Traditional Cultivation Grape Varieties through Their Varietal Aroma Profile	Díaz-Fernández, Á.; Díaz-Losada, E.; Cortés-Diéguez, S.	Foods. DOI: 10.3390/foods11101427
Diversity among Traditional Minority Red Grape Varieties According to Their Aromatic Profile	Angela Diaz Fernandez; Emilia Diaz Losada; Sandra Cortés-Diéguez	Agronomy DOI: 10.3390/agronomy12081799
Non-Anthocyanin Compounds in Minority Red Grapevine Varieties Traditionally Cultivated in Galicia (Northwest Iberian Peninsula), Analysis of Flavanols, Flavonols, and Phenolic Acids	Ángela Díaz-Fernández, Emilia Díaz-Losada, Anxo Vázquez-Arias, Anna Puig Pujol, Daniel Moreno Cardona and María Esperanza Valdés-Sánchez.	Plants 2023, 12, 4. DOI:10.3390/plants12010004
O viño tostado	JM Casares Gándara, M. Castro González, M.C. do Souto	Monográfico nº 9 Evega
Sintomatoloxía das enfermidades do viñado galego en imaxes		Monográfico nº 12 Evega



PRENSA		
DATA	TÍTULO	MEDIO
22/07/22	Las tintas gallegas se apuntan a los rosados	La voz de Galicia
09/08/22	"Ferviña, ferramentas para mellorar a fertilización do viñado"	Campo galego
02/06/2022	Acción Evega no pedrazo en Sober	Varios ¹
21/08/2022	Curso Control de plagas e enfermidades	Varios ¹
07/11/2022	Curso elaboración viños e derivados	Varios ¹
29/07/2022	Xornada sobre avances no sector	Varios ¹
15/11/2022	Xornada Boas prácticas na viticultura sustentable	Varios ¹
24/11/2022	Taller de poda	Varios ¹
10-11/11/2022	Accións Evega en Xantar 2022	Varios ¹
15/12/2022	Presentación monográfico Tostado	Varios ¹

OUTRAS ACTIVIDADES 2022	
Teses dirixidas	2
Tribunais de selección	4
Tribunais teses doutorais	2
Tribunal avaliación proxectos alumnos bacharelato (IES Ramón Cabanillas – Cambados)	3
Asistencia a xornadas/webinars/seminarios/congresos	16
Asesoramento científico-técnico	170
Charlas/conferencias impartidas	6
Visitas técnicas	1
Reunións científicas	18
Revisión de manuscritos para revistas científicas	6
Informes/memorias de investigación	24
Prácticas IES Ramón Cabanillas - Cambados	28
Participación na cata de viños, augardentes e licores tradicionais de Galicia	2
Cata dirixida a alumnos IES Ramón Cabanillas - Cambados	2
Cata proxecto MINORVIN	1
Catas proxecto VITIOZON	1
Poñentes en Curso de elaboración de viños e derivados	1
Poñentes no curso de viticultura da EVEGA (Ourense)	3
Poñentes no curso de IDENTIFICACIÓN E CONTROL DE PRAGAS E ENFERMIDADES DA VIDE. CURSO PRÁCTICO	2
Boletíns de avisos fitosanitarios	14
Prácticas IES Ribeiro	4
Alumnos en prácticas	3

Capacidade analítica

G2	Liñas estratéxicas do LAFIGA
G21	Ampliar a oferta analítica
G22	Ampliar o alcance na acreditación en alimentos
G23	Ampliar o alcance da acreditación en bebidas
G27	Acreditar ensaios en sanidade vexetal para dar resposta a requirimentos legais a curto prazo

¹ Xornais en papel (La Región, La Voz de Galicia, Faro de Vigo, O Sil); Xornais dixitais (Campo galego, La Alacena Roja); Redes Sociais



TAREFA	2021	2022	2023	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2022	ACUMULADO
G21					Δ (2020)	10%		
G22					Ano	2022		
G23					Ano	2022	2021	v
G27					Ano	2022		

Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia (LAFIGA)

O Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, LAFIGA, é o encargado da realización de análises alimentarias e agrarias, sendo, nestes aspectos, o laboratorio de referencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Realiza análises físico-químicas de alimentos, bebidas, fertilizantes, augas de rega, alimentación animal e solos. Correspóndelle, tamén, a función de ser o laboratorio de referencia da sanidade vexetal e das análises de residuos de pesticidas nos eidos agrario e alimentario.

LAFIGA: ANALÍTICAS REALIZADAS


	Mostras						Determinacións		
	2018	2019	2020	2021	2022	%Δ 2022-2021	2021	2022	%Δ 2022-2021
Alimentación Animal	783	870	759	741	690	-6,88	3.353	2.841	-15,27
Sanidade vexetal (SV)	8.760	10.480	13.056	14.275	15.146	6,10	16.620	21.276	28,01
Fertilizantes	560	563	584	514	644	25,29	3.014	3.327	10,38
Residuos pesticidas	1.081	772	603	643	541	-15,86	105.283	109.094	3,62
Solos	1.512	1.650	1.570	1.793	1.366	-23,81	27.525	31.310	13,75
Bebidas	2.385	2.457	1.629	1.847	2.065	11,80	12.344	17.190	39,26
Certificados exportación	886	864	435	601	495	-17,64	5.692	7.681	34,94
Total bebidas	3.271	3.321	2.064	2.448	2.560	4,58	18.036	24.871	37,90
Alimentos	361	222	256	234	248	5,98	1.034	1.607	55,42
Totais	16.328	17.878	18.892	20.648	21.195	2,65	174.865	194.306	11,12

SISTEMA DE CALIDADE

a) Cambios nas cuestións internas e externas pertinentes ao Laboratorio.

En abril 2022, coa apoio dunha encarga ao medio propio Tragsatec, o LAFIGA inicia unha nova liña de traballo en materia de sanidade vexetal: as análises para a detección do *Bursaphelenchus xylophylus*, nematodo da madeira do piñeiro. Desde o mesmo inicio da liña observouse un importante fluxo de mostras.

Mostras recibidas	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Total
Madeira	38	44	169	111	231	150	743
Vector	41	176	304	185	65	0	771
Total	79	220	473	296	296	150	1514



Amén desta liña e das análises de fertilizantes, en xeral, o número de mostras analizadas no resto de áreas aínda non recuperaron os niveis anteriores a 2020. Porén o notable incremento na sección de sanidade vexetal fai medrar substancialmente o número total de mostras analizadas. Cualitativamente, as análises que atinxen á *Tecia solanivora* fundamentaron a resolución da dirección xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias publicada, no DOG do 5 de xaneiro de 2023, pola que se prorrogan todas as medidas fito sanitarias para a erradicación e control desta peste da pataca, na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Cumprimento de obxectivos

En 2022 aumentouse o alcance da acreditación co análise do ácido cítrico en viño, método encimático e detección espectro fotométrica. Agora o procedemento de ensaio PELAFIGAVI20 inclúe como ensaios acreditados os ácidos acético, láctico, málico e cítrico.

Trala auditoría externa da Entidade Nacional de Acreditación, ENAC, en setembro de 2021, un dos obxectivos a cumprir para 2022 era a revisión das validacións dos procedementos de ensaio das bebidas e a revisión das características de desempeño dos procedementos de ensaio. Con esta revisión mellorouse substancialmente o cálculo da incerteza, que agora está en liña coas recomendacións da Resolución OIV-OENO 418-2013.

Como consecuencia da revisión das validacións dos ensaios de bebidas, tamén se actualizaron os controles de calidade internos e externos de todos os procedementos de ensaio acreditados de bebidas espirituosas e de viño.

c) Adecuación das políticas e procedementos

Os procedementos están en continua mellora, tanto de ensaio, coma os procedementos xerais. Tamén o resto de documentos do sistema de calidade.



En canto aos procedementos de ensaio, en 2022 modificáronse os seguintes:

PELAFIGABE26. Ácido sórbico e furfural nas bebidas espirituosas. Na expresión de resultados do furfural engadiuse gramos por hectolitro de alcohol absoluto, g/hl a.a. de acordo cun regulamento da Unión Europea.

PELAFIGABE04. Acidez volátil en bebidas espirituosas. Re estruturación e nova redacción do procedemento. Novos formatos: EBE0402, EBE0403, EBE0406, EBE0407, EVI0402, EVU0404 y EVI0407.

PELAFIGAVI04. Acidez volátil en viño. Novos formatos EVI0404 y EVI0407.

PELAFIGAVI29. Acidez volátil en viño por fluxo continuo segmentado, FCS. Preparación da disolución tampón e novo formato EVI2905.

PELAFIGAVI30. Azucres redutores en viño por FCS. Preparación da disolución tampón e novo formato EVI2905.

PELAFIGAVI31. Dióxido de xofre total en viño por FCS. Preparación da disolución tampón e novo formato EVI2905.

d) Temas pendentes de reunións de revisión anteriores.

Despois da auditoría de ENAC de setembro de 2021, revisáronse todas as validacións dos ensaios de bebidas. O obxectivo foi avaliar as características de desempeño dos procedementos de ensaio e mellorar o cálculo da incerteza, en liña coa Resolución OIV-OENO 418-2013. En 2022, revisáronse as validacións dos PE seguintes: BE01, BE03, BE04, BE05, BE10, BE12, BE26, VI02, VI03, VI04, VI10, VI14, VI15, VI17, VI18, VI23, VI25, VI28, VI29, VI30 y VI31. Emitíronse cada seu informe.

O cálculo da incerteza é completo ao facerse de acordo coa Resolución OIV-OENO, por unha banda; e, por outra ao calcularse por tramos de concentración en moitos dos procedementos de ensaio.

Como consecuencia da avaliación das características de desempeño dos procedementos de ensaio, PE, revisáronse e actualizáronse todos os controles de calidade internos e externos dos PE de bebidas espirituosas e de viño.

Noutra orde de cousas, os novos prezos privados do Laboratorio Agrario publicáronse no DOG do 06/04/2022, cunha corrección de erros no DOG do 20/07/2022.

e) Resultados das auditorías internas recentes.



En outubro-novembro 2022 se realizou a última auditoría interna. Practicáronse oito (8) auditorías verticais de procedementos de ensaio nas Seccións de Alimentos, Fertilizantes e Solos. Desenvolveuse tamén unha auditoría horizontal para revisar todos os rexistros do persoal e do equipamento. O equipamento inclúe equipos, material auxiliar, material volumétrico, patróns, materiais de referencia e reactivos. Nesta auditoría fíxose tamén unha revisión completa de todo o sistema de xestión da calidade. O informe final da auditoría é do 2 de xaneiro de 2023. O informe co tratamento das desviacións encontradas na auditoría é da mesma data. Todas as desviacións están pechadas.

f) Accións correctoras.

Durante 2022 abríronse 18 informes de traballos non conformes, INC. Todos os INC e o seu tratamento pódense considerar correctos (avaliación das causas, establecemento de accións correctivas, seguimento, avaliación da eficacia e peche).

g) Avaliacións por parte de organismos externos

O 23 de setembro de 2021 tivemos a última auditoría externa da Entidade Nacional de Acreditación, ENAC. Enviáronse catro plans de acción correctoras, PAC, para corrixir as desviacións encontradas. Tralo estudo e aprobación das accións correctoras, ENAC comunicou o acordo da comisión de acreditación o 4 de marzo de 2022. Nese documento, resolve manter e ampliar o alcance da acreditación nº 281/LE609 nos termos que recolle o Anexo Técnico Rev. 20 publicado na web www.enac.es

Así mesmo, participouse en ensaios inter laboratorio e inter comparativos:

Alimentos:

- Aceite: JUNAN06/2022-GSC, 10 mostras x 2 repeticións
- Produto cárnico: LGC estándar, 1 mostra, valor nutricional
- Prato precociñado: LGC estándar, 1 mostra, valor nutricional
- Café: LGC estándar, 1 mostra
- Bolaría repostería: LGC estándar, 1 mostra, valor nutricional
- Produto cárnico: LGC estándar, 1 mostra, hidroxiprolina
- Produtos do mar: conserva de peixe. Laboratorio Arbitral Agroalimentario, LAA, 1 mostra, metais pesados
- Produto vexetal: LAA, 1 mostra, metais pesados
- Graxa láctea: Laboratorio Agroalimentario de Santander, LAS GL/2022-GSC, 3 mostras x 2 repeticións
- Leite cru de vaca: LAS RM-1-2022-GSC, 3 mostras x 2 repeticións
- Leite cru de ovella e cabra: LAS RM-2-2022, 3 mostras x 2 repeticións



- Leite de vaca UHT: LAS UHT/2022-GSC, 3 mostras x 2 repeticións
- Queixo: LGC estándar, 2 mostras
- Mel: BIPEA, 5 mostras
- Mel: JUNAN 11/2022, GSC, 2 mostras x 2 repeticións

Bebidas:

- Auga: GSC, 1 x 2 mostras
- Alcohol: BIPEA, 20 mostras
- Bebida espirituosa: BIPEA, 10 mostras
- Bebida espirituosa: JUNAN 10/2022-GSC, 2 x 2 mostras
- Cervexa: LGC estándar, 4 mostras
- Mosto e zume: BIPEA, 4 mostras
- Sidra: BIPEA, 7 mostras
- Vinagre: BIPEA, 6 mostras
- Vinagre: JUNAN 09/2022-GSC, 3 x 2 mostras
- Viño: BIPEA, 16 mostras. LAA, 4 mostras (2x2). LAA, 3 mostras de ocratoxina A
- Viño: JUNAN 08/2022- GSC, 4 mostras x 2 repeticións
- Viño: GAB Sistemática-CERTIVIN 1 mostra

Alimentación animal

- Alimentación animal, PTS 13 BIPEA, 14 mostras
- Ensilado, PTS 22 BIPEA, 4 mostras
- Micotoxinas, PTS 31B BIPEA, 4 mostras
- Elementos traza, PTS 32C BIPEA, 4 mostras
- Metais pesados en pensos, ensaio de inter comparación LAA, 2 mostras

Fertilizantes:

- Abono inorgánico composto: BIPEA, 3 mostras
- Abono inorgánico simple: BIPEA, 1 mostra
- Abono inorgánico líquido; BIPEA, 1 mostra
- Abono orgánico e substratos: BIPEA, 5 mostras
- Abono orgánico mineral: BIPEA, 4 mostras
- Emenda mineral: LAA, 1 mostra
- Abono inorgánico simple: LAA, 4 mostras
- Abono orgánico: LAA, 2 mostras
- Abono orgánico mineral: LAA, 1 mostra

Residuos de pesticidas:



- EUPT SRM17, 1 mostra
- EUPT FV24, 1 mostra de tomate
- EURL CF16, 1 mostra torta de colza
- DGIICA-CAGPDS 01-2022 JUNAN, 4 mostras: tomate, melón, aguacate, fresa
- DGIICA-CAGPDS 02-2022 JUNAN, 2 mostras: solo, follas de vide

Sanidade vexetal

- *Phytophthora ramorum* 2022

Solos:

- Foliare: WEPAL, 16 mostras
- Terra: WEPAL, 16 mostras
- Terra: BIPEA, 10 mostras
- Terra: SECS Spanish Journal of Soil Science, 2 mostras

h) Cambios no volume e tipo de traballo no ámbito das actividades do laboratorio

Desde 2015 a tendencia do número de mostras é ascendente no laboratorio, sobre todo, polo aumento das mostras de sanidade vexetal. Cada ano se analizan máis mostras oficiais dos programas de vixilancia de organismos de corentena. En 2015 houbo 1.099 mostras de sanidade vexetal. En 2022 houbo 15.146 mostras en total.

Máis do 97% das mostras 2022 proceden dos programas oficiais de vixilancia de organismos de corentena coma: *Tecia solanivora*, *Tryoza eritreae* e *Candidatus liberibacter* (HLB), *Xylella fastidiosa*, *Fusarium circinatum* e *Bursaphelenchus xylophilus*. Deste último comezaron as actividades para a súa análise en abril de 2022.

O número de mostras de bebidas e o número de certificados de exportación seguen sendo baixos con respecto a 2019 e aos anos anteriores. Por exemplo: en 2019 analizáronse 340 mostras de cervexa (practicamente todas eran mostras para exportación) e en 2022 houbo 40 mostras en total. Outro exemplo: en 2019 analizamos 1.156 mostras de viño e en 2022 analizamos 969.

A demanda de análises de sanidade vexetal espérase que siga en aumento nos vindeiros anos. Por outra banda a posta en marcha de algunhas liñas de axuda que se prevén para 2023, aumentará tamén a demanda das análises de solos e de residuos de pesticidas, principalmente.



i) Retro alimentación dos clientes e do persoal.

O Laboratorio Agrario indaga na satisfacción dos clientes ao través das comunicacións por teléfono, correo electrónico ou mediante enquisas de satisfacción, que se realizan bianualmente. A última enviouse o 4 de outubro de 2022. Enviáronse un total de 483 enquisas que obtiveron apenas 79 respostas. As contestacións e as oportunidades de mellora suxeridas por eles rexístranse no informe da enquisa de satisfacción.

j) Reclamacións

Os clientes fixeron 9 reclamacións en 2022. Destas reclamacións derivaron 3 informes de non conformidade, INC. Todas as desviacións foron tratadas e resoltas adecuadamente para os clientes.

Resta pendente de desenvolvemento no programa informático de xestión da información das análises, LIMS, o cálculo automático da incerteza dos resultados das sustancias volátiles nas bebidas espirituosas cando se expresan en gramos por hectolitro de alcohol absoluto, g/hl a.a. De momento estanse atendendo todas as solicitudes. A incerteza calcúlase a man e comunícase por escrito.

k) Eficacia de calquera mellora complementada

A posta en marcha da rutina informática que calcule a incerteza das sustancias volátiles, como se mencionou no punto anterior, vai supor incluila automaticamente nos informes cos resultados analíticos.

A captura das pesadas das balanzas de precisión e granatarios nas follas de cálculo que se envorcan ao LIMS eliminou unha parte importante de erros de transcripción.

A simplificación no cadro de prezos privados que se desenvolveu en 2021 e 2022 permite actualizacións máis áxiles no futuro tanto na base de datos do sistema informático, LIMS, como na publicación dos mesmos no DOG.

Desde o 4 de febreiro de 2022 todos os clientes reciben a carta de pagamento en canto as análises están terminadas. Unha vez que se comproba a realización do pagamento, envíaselles os informes de resultados. A xestión dos non pagados resólvese de vez.

l) Adecuación dos recursos

Recursos humanos



Mantense a dificultade de cobertura dos postos do laboratorio, con 12 vacantes e a agravante do envellecemento do persoal.

Equipamento

No primeiro trimestre de 2023 terminaranse os procesos de contratación para a adquisición dos seguintes equipos:

- texturómetro-granulómetro para analizar a textura do solo
- un espectro fotómetro de emisión óptica con o plasma de acoplamento indutivo como fonte de ionización, ICP-AES, para analizar os elementos químicos nas mostras de alimentación animal, fertilizantes e solos
- un espectrómetro de masas con plasma acoplado indutivamente, ICP-MS, que permite a análise multi elemental para determinar e cuantificar a maioría dos elementos da táboa periódica ao nivel de partes por billón, ppb. Usarémolo nas mostras de alimentos e bebidas
- un equipo para analizar carbono nitróxeno e xofre en fertilizantes e solos
- un equipo termociclador en tempo real, tamén coñecido como analizador q-PCR. É o equipo usado en bioloxía molecular que permite realizar os ciclos de temperaturas necesarios para unha reacción en cadea da polimerasa e a amplificación do ADN dos organismos. Usarémolo nas análises do *Bursaphelenchus xylophylus* ou nematodo da madeira do piñeiro.

m) Resultados da identificación de riscos

O Laboratorio Agrario non posúe unha metodoloxía para a xestión do risco. Entendemos que un risco presente é que algúns clientes envíen mostras a outros laboratorios. As razóns para isto poden ser: a tardanza na emisión dos resultados pola falta de persoal, por avarías ou por falta de equipamentos; e, tamén a falta de acreditación nalgúns materiais e ensaios. Por estas razóns sería moi desexable acreditar ensaios na análise de auga, cervexa, sidra, nos residuos de pesticidas, en alimentación animal ou en fertilizantes orgánicos.

En calquera caso, os clientes están informados en todo momento, por correo-e e por teléfono, das circunstancias que poidan demorar a realización dalgúns ensaios.

O Laboratorio Agrario planifica accións para abordar oportunidades no futuro coma a ampliación do alcance de acreditación ou a ampliación da oferta analítica. Faino, por exemplo, participando en ensaios de aptitude/interlaboratorio/intercomparativo en alimentos, bebidas, fertilizantes orgánicos, residuos de pesticidas e durante os tres últimos anos en ensaios de aptitude en materia de sanidade vexetal (virus rugoso do



tomate, *Xylella fastidiosa* e *Candidatus liberibacter solanacearum* en 2021; e *Phytophthora ramorum* en 2022).

Considérase a posibilidade de prestar servizo a novos clientes que xa contactaron co LAFIGA: algunhas empresas de fertilizantes, a Asociación de Cervexeiros Artesanais de Galicia, os produtores de arandos e de aguacates ou varios elaboradores de marmeladas.

n) Resultados da garantía da validez dos resultados

O control de calidade funciona adecuadamente posto que os resultados das análises son bos. Así o demostran os resultados das participacións nos ensaios de aptitude, inter laboratorios e de inter comparación. Rutineiramente actualizamos os rexistros do control de calidade interno e as gráficas para visualizar erros e corrixir posible tendencias. Tamén actualizamos os resultados nos ensaios inter laboratorio que permiten a actualización do cálculo da incerteza dos ensaios.

Desde setembro 2021 hasta xuño 2022 revisáronse todas as validacións de todos os ensaios de bebida espirituosas e de viño.

o) Outros factores relevantes, como actividades de seguimento e formación

En 2022 foron recualificados 10 analistas de laboratorio.

Dentro das actividades de formación, o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia deu prácticas de empresa a 2 alumnas, unha do Grao de Nutrición Humana e Dietética e outra do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias.

Estación de viticultura e enoloxía de Galicia (EVEGA)

G1	Liñas estratéxicas do laboratorio EVEGA
G11	Posta a punto da determinación dos sulfitos do viño
G12	Acreditación para exportación de viños

TAREFA	2021	2022	2023	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2022	ACUMULADO
G11		→	→	→	Ano	2022	2022	v
G12		→	→	→	Ano	2022	2022	v

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia exerce función de laboratorio de análises en relación cos produtos relacionados coa vide e viño. A tal fin dispoñen de diversas acreditacións pola ENAC:

- Determinación de sulfitos: FCS e volumetría



- Parámetros habitualmente solicitados para as exportacións, incluído a Asia
- Determinación de metanol e grao alcohólico real en bebidas espirituosas

ANALÍTICAS DE LABORATORIO	
Servizos (nº de mostras viños analizadas)	5170
Servizos (nº demostras análise micro biolóxico viños)	5
Servizos (nº de ensaios)	41686
Servizos (nº de informes emitidos)	5170
Servizos (nº de certificados de exportación)	64
Servizos (nº mostras análise viroses)	100
Servizos (nº mostras análise identificación varietal)	5



Formación

H1	Ciclos superiores de formación profesional
H11	Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal
H12	Paisaxismo e Medio Rural
H13	Xestión Forestal e do Medio Natural
H14	Xestión Forestal e do Medio Natural e Paisaxismo e Medio Rural
H2	Ciclos medios de formación profesional
H21	Produción Agro ecolóxica (persoas adultas)
H22	Produción Agropecuaria
H23	Aproveitamento e Conservación do Medio Natural
H24	Xardinaría e floraría
H25	Xardinaría e floraría e produción agropecuaria
H3	Desenvolvemento dun programa de formación continua capaz de transferir ao sector os coñecementos mais recentes
H31	Certificados de profesionalidade
H32	Campos de demostración e ensaio
H33	Talleres de prácticas
H4	Establecemento de canles de colaboración permanentes entre os centros de formación e entidades terceiras.
H41	Colaboración con Concellos
H42	Colaboración con entidades agrarias asociativas
H43	Colaboración con empresas
H44	Colaboración con centros formativos nacionais e internacionais
H5	Desenvolvemento de novos programas de formación
H51	Creación da escola de emprendedores rurais
H52	Programas de especialización de formación profesional
H53	Curso de Aptitude Empresarial Agraria na modalidade semi presencial
H54	Aula de produtos lácteos

TAREFA	2021	2022	2023	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2022	ACUMULADO
H11					Δ (2020)	10 %	0 %	0 %
H12					Δ (2020)	10 %	10 %	20 %
H13					Δ (2020)	10 %	0 %	0 %
H14					Δ (2020)	10 %	0 %	0%
H21					Δ (2020)	10 %	0 %	10 %
H22					Δ (2020)	10 %	10 %	10 %
H23					Δ (2020)	10 %	10 %	10 %
H24					Δ (2020)	10 %	10	20 %
H25					Δ (2020)	10 %	0	0 %
H31					Δ (2020)	10 %	0	0 %
H32					Δ (2020)	10 %	0	10 %
H33					Δ (2020)	10 %	0	0 %
H41					Δ (2020)	10 %	10	20 %
H42					Δ (2020)	10 %	10	10 %
H43					Δ (2020)	10 %	10	10 %
H44					Δ (2020)	10 %	0	0 %



H51		Δ (2020)	10 %	0	0 %
H52		Δ (2020)	10 %	0	0 %
H53		Δ (2020)	10 %	0	10 %
H54		Δ (2020)	10 %	10	10 %

Actividades centralizadas

Xestión das entidades colaboradoras que imparten cursos de formación continua e transferencia de tecnoloxía

Mediante a Orde de 17 de marzo de 2009 da Consellería do Medio Rural, a Agacal xestiona as inscricións no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería del Medio Rural para a realización de actividades de formación continua e transferencia tecnolóxica en materia agraria. No Departamento de Formación tramítase este procedemento (MR330C) e todos os cambios que poidan xurdir relacionados con estas inscricións.

Cada ano as entidades inscritas neste rexistro solicitan autorización para impartir cursos. O procedemento asociado (MR 330D) tramítase desde o departamento. Este leva aparellado a análise dos contidos formativos (manuais técnicos), programacións así como a verificación da idoneidade do persoal docente asociado á acción formativa, entre outras tarefas. Con todo, o CFEA de Monforte apoia a labor técnica necesaria para a tramitación das autorizacións de cursos online de aplicador- manipulador de produtos fitosanitarios nos seus diferentes niveis e dos cursos de Aptitude Empresarial Agraria.

Autorización e rexistro de entidades que imparten cursos de formación en materia de benestar animal

O Decreto 60/2007, de 22 de marzo, regula os cursos de formación en materia de benestar animal, establece o procedemento de autorización das entidades de formación e crea o rexistro destas (DOG nº 67 del 4 de abril de 2007).

A tramitación do procedemento asociado (MR205A) realízase no Departamento de Formación. Este recibe as comunicacións previas dos diferentes cursos que organizan as entidades colaboradoras e del depende o control do seu bo funcionamento.

O Departamento de Formación apóiase no persoal técnico do CFEA de Monforte que realiza o estudo e aprobación dos manuais que deben achegar as entidades que queiran inscribirse. Este persoal tamén realiza a avaliación da plataforma de tele formación e os seus contidos, no caso dos cursos que se autorizan na modalidade on-line. Esta colaboración voluntaria por parte do CFEA é imprescindible pola falta de persoal especialista no departamento que permita levar a cabo esta tarefa de xeito autónomo.



Durante o ano 2022, e tendo en conta a carencia de persoal propio que poida realizar as tarefas de revisión de contidos, leváronse a cabo distintas conversas coa Dirección Xeral de Gandaría para lograr o apoio na avaliación de contidos en materia de benestar animal, como paso previo á homologación de especialidades formativas das entidades de formación. Esta colaboración fíxose efectiva durante o derradeiro trimestre do ano, recibíndose a principios de 2023 o primeiro informe elaborado desde esa Dirección Xeral.

Recoñecemento oficial dos certificados, carnés ou diplomas das persoas asistentes aos cursos e actividades impartidas polas entidades colaboradoras ou que foran realizados por diferentes unidades administrativas da Consellería, ben dentro do Plan de Formación ao Agro Galego, ben como programación propia dun CFEA.

Cada vez que unha entidade decide iniciar un curso, debe comunicalo a este departamento, identificando a persoa coordinadora, o persoal docente, a programación do curso coas datas e horas de celebración segundo a modalidade, instalacións onde se vai levar a cabo, remisión das pólizas de seguros das instalacións e de responsabilidade civil, entre outros aspectos. O persoal do Departamento de Formación avalía cada unha das solicitudes comprobando que se cumpran todos os requisitos establecidos pola norma de aplicación e emite un informe que traslada a entidade e que lle dá o visto bo para iniciar a actividade. Unha vez finalizado o curso e superada a proba de aptitude por parte do alumnado, a entidade xa está en disposición de presentar toda a documentación necesaria para solicitar a expedición dos certificados, diplomas, acreditacións e/ou carnés profesionais.

No departamento xestiónanse as solicitudes dos certificados, carnés e diplomas do alumnado que participa ben nos cursos organizados polas unidades administrativas da Consellería do medio Rural, sexan financiados ou non con fondos FEADER e dos que imparten tanto as entidades inscritas no rexistro de entidades colaboradoras como as inscritas no rexistro de entidades que imparten cursos de formación en materia de benestar animal.

Igualmente, expídense aquelas certificacións solicitadas polas persoas interesadas que versan sobre actividades formativas tanto realizadas en anos precedentes como as impartidas no ano en curso e precedentes.

Por último cabe salientar que coa finalidade de axilizar o trámite de expedición por parte das propias unidades administrativas da Consellería, durante o ano 2022 elaboráronse instrucións onde se recollía a documentación a achegar no momento de solicitar a expedición dos carnés de aplicador manipulador de produtos fitosanitarios e os certificados de competencia en materia de benestar animal, en representación das persoas que participan nas accións formativas encadradas no Plan anual de formación continua 2022. Perséguese deste xeito axilizar a súa tramitación e reducir, na medida do posible, a petición de emenda das solicitudes recibidas.



Realización de probas de aptitude ás persoas que realizan cursos habilitantes para o exercicio da actividade profesional

Como novidade, no ano 2022 adoptouse a decisión de centralizar a realización de probas de aptitude que permiten obter as distintas habilitacións que permiten o exercicio da actividade profesional, nos centros dependentes de Agacal. Nesta nova tarefa colaboran os 6 CFEAS así como o EVEGA. As razóns que motivaron a adopción desta decisión foron, entre outras, as seguintes:

- ✓ a limitada capacidade en medios persoais do departamento (dispón dunha única praza de xefatura de sección cuberta) que impide acudir a todas as probas de avaliación que realizan as entidades ao longo do ano e que, polo tanto, estaba derivando na realización de exames sen control por parte da Administración.
- ✓ a ausencia total de control por parte desta administración na realización de probas de aptitude en materia de benestar animal.
- ✓ a necesidade de garantir a equidade do nivel de esixencia da proba de avaliación, independentemente da entidade de formación escollida polo alumno para a realización da acción formativa, así como a adquisición duns contidos mínimos por parte dos usuarios nas materias realizadas.

Isto levou aparelado unha importante carga de traballo, especialmente para o persoal de SSCC, coa realización de:

- tarefas de coordinación cos responsables dos centros colaboradores de AGACAL (CFEAS e EVEGA), para o establecemento das horas e datas de realización de exames e determinación en cada caso do aforo dispoñible;
- o seguimento das comunicacións e control exhaustivo da relación de alumnos/as que as entidades prevén que van a realizar o curso así como as súas modificacións con carácter previo ao inicio de cada acción formativa;
- tarefas de comprobación previas á realización das probas de aptitude nas que se determinan os alumnos/as que cumpran, entre outras obrigas, coa porcentaxe de horas obrigatorias establecidas para cada acción formativa para poder ter dereito a realización de dita proba;
- elaboración e actualización de modelos de exame diferenciados para cada convocatoria e tipoloxía de curso;



- remisión aos centros colaboradores do departamento de formación dos modelos de exames referidos e das actas onde se relacionan os alumnos que efectivamente teñen dereito á realización das probas de aptitude;
- recepción e corrección das probas anteditas;
- remisión ás entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural das Actas finais cos resultados obtidos polos alumnos/as de cada entidade, na proba de aptitude, como paso previo ao inicio da solicitude de expedición de certificados, acreditacións ou carnés profesionais.

Cabe salientar que durante o ano 2022, un total de 1.567 persoas se matricularon nas distintas accións formativas ofertadas polas entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural. Do total de matriculados, 1.305 persoas realizaron as probas de aptitude nos centros AGACAL, como paso previo á obtención da habilitación para o exercicio da súa actividade profesional. Con todo, 179 non superaron a proba de aptitude en primeira convocatoria. Cabe salientar o enorme esforzo realizado por parte do persoal do departamento para levar a cabo esta tarefa non exenta de dificultades. Con esta actuación, acádase o obxectivo de garantir a equidade do nivel de esixencia da proba de avaliación, independentemente da entidade de formación escollida polo alumno para a realización da acción formativa así como a adquisición duns contidos mínimos por parte dos usuarios. Ademais este esforzo permitiu incrementar ata o 100% o control sobre a realización e supervisión das probas de aptitude. Cómpre lembrar que, ata o 2022, a supervisión destas probas nas accións formativas en materia de benestar animal era inexistente.

Autorización das entidades que imparten cursos de capacitación do persoal que traballa con animais para a experimentación e outros fins científicos, incluídas a docencia. MR560A

AGACAL a través do seu Departamento de Formación é competente para autorizar as actividades de formación en materia de experimentación animal do persoal dos centros de cría, subministradores e usuarios, e homologar os cursos impartidos por entidades doutras Comunidades Autónomas. Igualmente é a responsable da emisión dos certificados de capacitación e do seu mantemento, do persoal en materia de experimentación animal, de conformidade coas esixencias recollidas na Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, pola que se establecen os requisitos de capacitación que debe cumprir o persoal que manexe animais utilizados, criados ou fornecidos con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia (BOE núm. 78, de 1 de abril de 2015).

Expedición de certificados de acreditación da competencia para o persoal que traballa con animais para a experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.



O Departamento é responsable nesta materia, da expedición de certificados para as categorías seguintes: coidado dos animais (categoría a), eutanasia dos animais (categoría b), realización dos procedementos (categoría c), deseño dos proxectos e procedementos (categoría d), supervisión *in situ* (categoría e) e veterinario designado (categoría f).

Con respecto á autorización de entidades e certificacións indicadas cabe sinalar que a súa correcta execución implica, entre outras tarefas, a revisión de memorias de contidos, Plans de formación, ferramentas de aprendizaxe, e Traballos Baixo Supervisión realizados polos solicitantes das distintas categorías de capacitación. A materia sobre a que versan, tanto as autorizacións como as capacitacións, esixe a presenza no departamento de persoal altamente especializado que acredite os coñecementos e destrezas necesarias para desempeñar de xeito autónomo as funcións recollidas na Orde ministerial ECC/566/2015, de 20 de marzo relacionadas co manexo de animais empregados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos. Actualmente o departamento dispón una xefatura de sección correspondente á escala de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas, así como unha Xefatura de departamento pertencente a mesma escala con formación universitaria adicional en Enxeñería de Montes. As ditas titulacións no son, en absoluto, as indicadas para validar as competencias referidas, polo que cómpre dotar ao departamento na próxima RPT dunha escala apropiada ás funcións a desempeñar nesta materia.

Co obxecto de facilitar ás persoas interesadas a presentación das súas solicitudes, redactouse, remitiuse e publicouse na páxina Web da oficina virtual da Consellería do Medio Rural una instrución cuxa finalidade era a de:

- Establecer os criterios que debe de seguir o órgano competente para a resolución de solicitudes de capacitación nas funcións anteditas
- Describir os procedementos para:
 - Solicitar a capacitación inicial;
 - comunicar a dispoñibilidade para albergar Traballos Baixo Supervisión por parte dos centros usuarios;
 - Solicitar a validación das capacitacións en experimentación animal obtidas noutros países;
 - Solicitar a validación das antigas capacitacións en experimentación animal consonte o derogado Real decreto 1201/2005 do 10 de outubro, sobre protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos;
- Poñer a disposición dos interesados formularios tipo que permitan unificar, na medida do posible, as solicitudes e o cumprimento dos requirimentos esixidos na normativa de aplicación, reducindo desde modo os requirimentos de emenda.



Expedición de certificados de mantemento da acreditación da competencia para o persoal que traballa con animais para a experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia.

A validez das capacitacións en materia de experimentación descrita no apartado anterior é de 8 anos.

Coa publicación da Orde ministerial ECC/566/2015, de 20 de marzo, emitíronse durante aquel ano máis de 1.300 certificados de capacitación, cuxa renovación debe realizarse antes do 02.04.2023.

A súa tramitación e expedición esixe unha revisión da adecuación á estándares dos contidos da documentación achegada cun importante grao de complexidade. En concreto é precisa a revisión e correspondente validación, desde o punto de vista técnico, daquelas actividades de formación continua ou outras accións que garantan a mellora e posta ao día das habilidades e coñecementos adquiridos polo persoal. Entre as accións e actividades realizadas polos solicitantes que o persoal técnico do departamento debe avaliar, encádranse as seguintes: docencia ou asistencia a cursos, seminarios, talleres ou xornadas científicas; estancias autorizadas en centros de investigación ou outras actividades análogas que se determinen desde a Agacal a proposta dos técnicos encargados; adquisición de novas habilidades no centro de traballo ou en outros centros;

Por todo o anterior e co fin de garantir unha avaliación equitativa das diferentes accións achegadas polas persoas interesadas xunto coas solicitudes de mantemento da súa capacitación foi preciso limitar e establecer uns criterios obxectivos que permitisen tramitar os expedientes coa maior coherencia posible, dada a diversidade de actividades a valorar. Para o logro deste obxectivo elaborouse e publicouse durante 2022 unha instrución dirixida a:

- Establecer os criterios que cómpre seguir polo órgano competente para a resolución das solicitudes de mantemento de capacitación para o manexo de animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia;
- Describir o procedemento a seguir polas persoas interesadas en solicitar o mantemento de capacitación;
- Poner a disposición dos interesados formularios tipo que permitisen unificar, na medida do posible, as solicitudes e o cumprimento dos requirimentos esixidos na normativa de aplicación, reducindo, ao mesmo tempo a necesidade de requirimentos de emenda;



Igualmente, e mediante a publicación da instrución antedita, suxeriuse aos interesados a realización das peticións cunha anterioridade de hasta 8 meses á finalización do período de vixencia das capacitacións, coa finalidade de evitar a recepción masiva de solicitudes durante os 3 meses anteriores ao 02.04.2023.

Durante 2022 recibíronse e resolvéronse as primeiras solicitudes de renovación esperadas.

Atención ao público:

O Departamento de Formación dedica unha parte moi importante da xornada laboral a dar información a través do correo electrónico e de chamadas telefónicas. As chamadas proceden fundamentalmente de entidades colaboradoras, oficinas agrarias da Consellería, dos CFEA e de particulares que piden información sobre temas relacionados cos cursos que se imparten e as certificacións que se expiden. No ano 2022, xestionáronse máis de 8.100 consultas das que, entorno a 1.700, foron contestadas vía telemática.

Desenvolvemento da plataforma FOAGRO

Os traballos realizados na plataforma ao longo de 2022 pódense agrupar en tres eixos diferentes:

- a) Posta en marcha diferentes melloras relacionadas co emprego diario da plataforma. Deuse solución aos diferentes problemas que día a día foron xurdindo derivados do seu manexo, tales como erros na validación de determinados campos necesarios para a xestión de entidades, cursos e alumnado, así como outros relacionados coa expedición de carnés profesionais que impedían o correcto funcionamento da aplicación; incorporáronse, entre outros, novos campos e filtros que permiten na actualidade unha xestión máis sinxela da información recompilada na plataforma.
- b) Desenvolvemento e posta en marcha do formulario de entrada de datos na páxina Web de Medio Rural para permitir aos usuarios solicitar accións formativas dentro do Plan de Formación Continua 2022. O formulario iniciou a súa andadura no mes de marzo de 2022. Durante o transcurso do ano fóronse emendando aqueles problemas propios da posta en marcha dunha nova ferramenta, recabando e implementando as melloras suxeridas polos distintos usuarios do formulario. O obxectivo pretendido de deixar atrás o anterior sistema de recollida de solicitudes a través dun formulario en papel ou dixital non editable, permitiu unha xestión moito máis áxil e eficaz das solicitudes recibidas. Durante o ano 2021, mais de 170 solicitudes, foron tramitadas manualmente, tendo que xestionar coas persoas interesadas tanto as accións formativas desexadas como o lugar elixido para a súa realización. Elimináronse polo tanto e deste modo os problemas derivados da incompleta ou incorrecta cobertura de información necesaria para a tramitación de solicitudes por parte das persoas



interesadas. Nunha fase posterior, sería interesante desenvolver na plataforma os procesos necesarios para a xestión directa das solicitudes por parte das persoas coordinadoras das accións formativas. Permitíndolles o acceso á plataforma poderán xestionar ás solicitudes recibidas sen intermediarios e proceder a súa validación, preselección de alumnos e posterior matrícula. Igualmente é precisa a integración FOAGRO-CUAGRO e viceversa para:

- a importación en Cuagro, (plataforma empregada na xestión do Plan de formación continua), dos datos persoais dos alumnos solicitantes de accións formativas.
- recepción en Foagro dos usuarios que superen con éxito as accións formativas e teñan dereito á obtención de carnés, diplomas ou certificados.

Con todo, esta última actuación pospúxose no tempo dada a enorme necesidade de ampliar as funcionalidades e ferramentas da plataforma relacionadas co desenvolvemento descrito a continuación.

- c) Por último, o terceiro eixo de actuación na plataforma baséase no incremento de funcionalidades da plataforma FOAGRO, en paralelo co desenvolvemento dunha nova normativa que unifique a multitude de procedementos atendidos desde o departamento e, ao mesmo tempo, simplifique a documentación a eles asociada. O uso da dita aplicación límitase na actualidade a cursos de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios nas súas distintas versións. A día de hoxe non está integrada con sede electrónica e non conta con follas de control onde quede reflectida a rastrexabilidade das solicitudes e a validación de cada procedemento. Preténdese ademais que esta plataforma constitúa unha ferramenta de xestión do rexistro de entidades de formación en materia de benestar animal de modo que abarque todos os procedementos contemplados na normativa específica, así como os que non dispoñen de procedemento habilitado. En último lugar será preciso incorporar á aplicación a xestión de datos relacionados con cursos de Aptitude Empresarial Agraria ou cursos en materia forestal, actualmente xestionados en diversos arquivos de cálculo. Durante o ano 2022, iniciouse o desenvolvemento da plataforma para a xestión dos expedientes que, en materia de benestar animal, xestiona o departamento. Este desenvolvemento, contemplou a creación de formularios e anexos tipo, modelos de requirimentos, resolucións, comunicación de inicio, entre outros sub-procedementos coas súas listas de verificación asociadas necesarias para a correcta rastrexabilidade das solicitudes.



Redacción dunha resolución que substitúa a orde de entidades colaboradoras:

Durante o ano 2022 iniciouse a redacción dun novo borrador da resolución que pretende substituír a Orde do 17 de marzo de 2009. Aínda que durante o ano 2021 elaborouse un primeiro borrador, este quedouse obsoleto por non recoller todas as necesidades ás que é preciso dar resposta. A nova resolución pretende simplificar o procedemento actual. Entre os aspectos máis destacables, salienta a eliminación da autorización anual, xa que esta queda perfectamente suplida a través dos procedementos de homologación da especialidade formativa e o de comunicación de inicio do curso. Crea novos procedementos que non existen na actualidade e axusta os tempos e a documentación a achegar con cada un dos procedementos ao estipulado na lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica. O deseño dos procedementos e sub-procedementos ten por obxecto a súa posta a disposición na sede electrónica coa que a aplicación FOAGRO deberá integrarse para lograr o envorcado automatizado de todos os datos que acompañen a solicitude inicial así como aso distintos fitos que constitúen o procedemento desde a inscrición da entidade no rexistro ata a emisión dos diplomas, carnés profesionais ou certificados derivados, pasando polos procesos de homologación de accións formativas e comunicación de inicio de cursos.

Actualización das instrucións para a correcta interpretación da normativa:

No ano 2021 elaboráronse diferentes instrucións coa finalidade de resumir a forma de tramitación e a documentación asociada aos distintos procedementos xestionados desde o departamento e relacionados coa docencia de accións formativas e expedición dos certificados, acreditacións ou carnés profesionais. Perséguese deste xeito axilizar a súa tramitación e favorecer a comprensión da numerosa normativa que regula os procedementos xestionados desde o departamento.

Durante o ano 2022, realizáronse certos axustes dirixidos a simplificar aínda máis a presentación de solicitudes por parte das persoas interesadas e a tramitación dos procedementos desde o departamento. Isto levouse a cabo a través da posta a disposición das persoas interesadas de anexos tipo que permiten axilizar e uniformar a achega de documentación. Deste xeito procúrase que o contido das solicitudes sexa claro, conciso e completo reducindo en consecuencia a necesidade de remitir continuos requirimentos ás persoas solicitantes.

Igualmente incluíronse as novas datas e lugares de celebración das probas de avaliación para o seguinte ano, 2023.

En concreto, actualizáronse e completáronse as seguintes instrucións:

- Instrucións nas que se describen os pasos que deben seguir as entidades de formación homologadas para impartir cursos nas distintas áreas de coñecemento, detallando a forma de tramitación e a documentación asociada aos procedementos de



comunicación, previa ao inicio de cada acción formativa e da solicitude de expedición de carnés profesionais, certificacións e diplomas oficiais, por parte da Administración pública.

- Instrucións onde se describe o funcionamento do sistema de formación nas modalidades de teleformación e aula virtual (esta última moi demandada polas entidades de colaboración e incorporada como novidade en 2021). En concreto, describen o procedemento de homologación que deben seguir as entidades colaboradoras ou de formación que figuran inscritas no rexistro da Consellería do Medio Rural que desexen impartir os cursos, seguindo as directrices marcadas na súa normativa de aplicación.

As instrucións foron publicadas, xunto ás instrucións sinaladas, na páxina Web da Consellería do Medio Rural. Igualmente, foron remitidas ás entidades actualmente inscritas nos rexistros xestionados polo departamento.

Novas accións formativas na plataforma de teleformación de Agacal, xestionada polo CFEA de Monforte de Lemos.

Durante o ano 2022, tiveron lugar distintas actuacións dirixidas a dotación de accións formativas de calidade e adaptadas aos novos tempos, na plataforma de teleformación de Agacal. A súa finalidade é implantar un sistema de formación que faga máis atractiva e sinxela a adquisición de coñecementos por parte dos alumnos, mediante a posta a disposición de contidos virtuais de calidade. En concreto, leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Finalización do contrato menor que rexe a posta en marcha na plataforma de teleformación xestionada a través do CFEA de Monforte de dous cursos en materia de benestar animal. O seu obxectivo é proporcionar aos profesionais do sector gandeiro os certificados exhibibles pola normativa que regulan as súas actividades, coa finalidade de poder exercelas cando sexa preceptivo e contar coa pertinente acreditación de formación específica. En concreto, preténdese proporcionar a formación esixida segundo o Decreto 60/2007 do 22 de marzo, polo que se regulan os cursos de formación en materia de benestar animal a persoal de explotacións, condutores/as e cuidadores/as. A acción formativa púxose en marcha no segundo trimestre do ano, formando a máis de 60 persoas do sector primario.
- Inicio, tramitación e finalización do contrato menor dirixido á posta en marcha na plataforma de teleformación dos contidos e ferramentas necesarias para a impartición do curso de formación para o persoal que traballa nas explotacións de porcino ao obxecto de dar cumprimento ás esixencias en materia de formación estipuladas no Real decreto 306/2020, de 11 de febreiro, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas, e modifícase a



normativa básica de ordenación das explotacións de gando porcino. O curso comezou a súa andaina no último trimestre do ano, permitindo a formación de máis de 40 persoas.

- Inicio e tramitación do contrato menor dirixido á posta en marcha na plataforma de teleformación dos contidos e ferramentas necesarias para a impartición do curso de formación para o persoal que traballa nas explotacións avícolas ao obxecto de dar cumprimento ás esixencias en materia de formación estipuladas no Real decreto 637/2021 de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas. O curso implementarase na plataforma durante o primeiro trimestre de 2023 o que permitirá ofertar a acción formativa no Plan de Formación Continua deste mesmo ano.
- Avaliación e análise doas actuais opcións existentes na actualidade no mercado para a posta en marcha na plataforma de teleformación dunha nova acción formativa encamiñada a obtención do certificado de competencia obrigatorio do persoal que traballa nas explotacións de gando bovino. A formación nesta materia responde ás esixencias do Real Decreto 1053/2022, do 27 de decembro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas bovinas. Na actualidade está pendente iniciar a tramitación dun contrato menor que permita a súa implantación. Igualmente, xurde a necesidade de creación na plataforma de novos contidos, actualizados e clasificados, para impartir o curso de Incorporación á Empresa Agraria, esixidos como requisito para ser beneficiario das axudas á incorporación de xoves ao sector primario.

Coordinación dos CFEA:

O Departamento de Formación actúa como coordinador dos 6 CFEA da Agacal. Desde a creación da Axencia foi incluíndo máis funcións no intento de mellorar a coordinación, de servir de apoio aos centros, de manter unha coherencia entre todos no funcionamento, na xestión do persoal, no reparto de recursos.

A mediados de 2020 o departamento deixou de ter persoal para a realización destas tarefas, polo que foron asumidas desde a propia Xefatura do Departamento. Esta situación continúa igual na actualidade. Cabe sinalar que, ao longo do ano 2021 e derivado desta situación, reduciuse a carga que a xefatura do departamento tiña en materia de inversións materiais nos centros (capítulo VI) e de intermediación e coordinación nas coberturas de persoal interino funcionario e laboral, tarefa esta última que supoñía unha dedicación moi intensa pola dita xefatura.

As principais funcións relacionadas cos CFEA atendidas durante o ano 2022 desde o Departamento de Formación en coordinación coa xefatura de Área e a Xerencia de Agacal, son as indicadas a continuación:



- apoio aos centros na xestión e tramitación con SSCC da documentación técnica e administrativa dos contratos de servizos;
- participación nas mesas de contratación para a licitación de servizos conxuntos dos centros;
- redacción e tramitación da convocatoria para ofertar prazas de residencia e comedor de catro dos 6 centros xestionados (comunicación continuada coa asesoría xurídica, intercambio de impresións cos centros para a mellora da convocatoria, incorporación de suxestións recibidas, etc.). Elaboración e tramitación das resolucións de adxudicación de prazas derivadas do procedemento, xestión e tramitación de modificacións da convocatoria durante o proceso xa en marcha, notificacións aos interesados, redacción de resolucións de recursos de alzada, etc.;
- tramitación dos expedientes de devolución dos importes correspondentes aos prezos públicos polos servizos de residencia;
- traslado da oferta en formación regrada e intercambio de información coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dando resposta as súas peticións;
- apoio diario á dirección dos CFEA na resolución das incidencias que se producen no seu funcionamento. Atención continuada ás súas demandas e traslado, xestión de peticións recibidas e solución de problemas cotiás;
- apoio nas labores de captación de alumnos por parte daqueles centros con menor demanda (elaboración e deseño de estratexias de captación, preparación de contidos para incorporar en presentacións, edición de vídeos promocionais, etc.);
- apoio na continuidade ao Ciclo Medio Dual en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural no CFEA Pedro Murias: xestión de forma directa a subscripción de convenios de colaboración con empresas para poder ofertar prazas, asistencia ás entrevistas de selección de alumnos polas empresas, etc. Colaboración directa nas tarefas de captación de alumnos, actividades de divulgación e publicidade do centro;
- impulso e coordinación da implantación de 3 novos ciclos de FP Dual nos centros de Guísamo, Sergude e Pedro Murias:
 - Gandaría e asistencia en sanidade animal
 - Xardinería e floraría
 - Producción agro ecolóxica



- implantación de novas accións formativas na Plataforma de teleformación xestionada desde o CFEA de Monforte. Redacción de documentos técnicos para a tramitación de contratos, avaliación de ofertas, adxudicación de contratos, seguimento da execución, certificación de boa execución e posta en marcha dos novos contidos na Plataforma dixital:
 - curso de capacitación en materia de benestar animal do persoal de explotacións gandeiras (segundo os contidos incluídos no Anexo I e II do Decreto 60/2007 de 22 de marzo)
 - curso de capacitación en materia de benestar animal para condutores/as e coidadores/as de vehículos de estrada de transporte de animais vivos (segundo os contidos incluídos no Anexo I e III do Decreto 60/2007 de 22 de marzo)
 - curso de formación para o persoal que traballe con gando porcino (segundo os contidos incluídos no RD 306/2020 de 11 de febreiro)
 - curso de formación para o persoal que traballe con gando avícola (segundo os contidos incluídos no RD 637/2021 de 27 de xullo). Posta en marcha no primeiro trimestre de 2023
- reunións de coordinación entre os diferentes centros;
- proxectos europeos Erasmus+. Contratación de servizos para a busca de empresas para a realización por parte do alumnado da FCT no estranxeiro. Redacción de documentos técnicos para a tramitación de contratos, avaliación de ofertas, adxudicación de contratos, seguimento e certificación da boa execución. Recopilación da documentación necesaria para a tramitación contable dos importes Erasmus+. Coordinación de reunións informativas entre a empresa de servizos e os alumnos. Asistencia na resolución de problemas derivados da xestión dos programas. Proposta de melloras para a eficacia na xestión;
- coordinación das probas de aptitude para a obtención das certificacións, acreditacións e carnés profesionais, elaboración e proposta do calendario anual para a súa realización, remisión das actas coa relación de alumnos a examinar, remisión dos modelos de exame a empregar en cada proba segundo a tipoloxía de curso, apoio na resolución de posibles dúbidas antes, durante e unha vez finalizadas as probas;
- tramitación de solicitudes e resolucións de autorización ou denegación para o uso das instalacións dos CFEA;
- participación na organización e desenvolvemento do acto de clausura do curso 2021/2022 dos CFEA.



ACTIVIDADES	2022
INSCRIPCIÓN/HOMOLOGACIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS (EC)	
Inscripción de novas entidades MR330C (formación todas as modalidades excepto Benestar animal)	8
Inscripción de novas entidades MR 205A (benestar animal)	0
Homologación de novas especialidades formativas (Benestar animal)	5
AUTORIZACIÓN PARA A IMPARTICIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN POR EC	
Aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios (MR203A)	104
Incorporación á empresa Agraria (IEA; MR330D)	16
Formación en materia forestal	2
XESTIÓN DA COMUNICACIÓN DE INICIO E SEGUIMENTO DE CURSOS IMPARTIDOS POR EC	
Nº Cursos de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios	56
Realización de exames polo Dpto. formación (fitosanitarios)	56
Nº de alumnos/as examinados (Fitosanitarios)	824
Nº cursos IEA y curso forestal	6
Realización de exames polo Dpto. formación (cursos IEA)	9
Nº de alumnos/as examinados (IEA)	49
Nº Cursos benestar animal	47
Realización de exames polo Dpto. Formación (BA)	47
Nº de alumnos/as examinados (Benestar animal)	480
EMISIÓN DE CARNÉS/CERTIFICADOS/DIPLOMAS DE ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN	
Nº carnés de fitosanitarios emitidos	5.384
Certificados de profesionalidade (validacións)	62
Títulos de formación regradada	297
Validación de certificados emitidos en outra CCAA	31
Tramitación de renovacións	3.109
Tramitación de duplicados por perda	490
Corrección de erros	834
Cursos de entidades/xunta	1.395
Nº certificados/acreditacións benestar animal	655
BA en explotacións	288
BA en transporte	320
Persoal que traballa en explotacións porcinas	47
Persoal que traballa en explotacións avícolas	0
Expedición de certificados de capacitación inicial para o persoal que traballa con animais de experimentación	277
Categoría a	58
Categoría b	98
Categoría c	94
Categoría d	14
Categoría e	12
Categoría f	1
Expedición de certificados de mantemento da capacitación para o persoal que traballa con animais de experimentación	62
Categoría a	8
Categoría b	16
Categoría c	22
Categoría d	13
Categoría e	2
Categoría f	1
Expedición doutros certificados	509
Certificados Fitosanitarios (para	84
IEA	401
Docentes	18
Cursos varios (poda, vitivinicultura, etc.)	6
OUTROS	
Autorizacións de cursos de Animais de Experimentación	0
DISTRIBUCIÓN DE SOLICITUDES DE FORMACIÓN DENTRO DO PROGRAMA DE FC	427
Distribución manual de solicitudes del plan de formación	0*
DISTRIBUCIÓN DE SOLICITUDES DE FORMACIÓN IEA	380



Actividades dos centros de formación

ACTIVIDADES DE FORMACIÓN REGRADA

Os Centros de Formación e Experimentación Agroforestal da AGACAL realizaron durante o 2022 as seguintes actividades nas que tiveron un total de 506 alumnos:

FORMACIÓN REGRADA						
CFEA	ANO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MULLERES	HOMES	TOTAL
GUÍSAMO	2021/2022	ZMAGA03	XARDINERÍA E FLORARÍA (RÉXIME MODULAR – SEMIPRESENCIAL)	48	38	86
GUÍSAMO	2021/2022	ZSAGA02	PAISAXISMO E MEDIO RURAL (RÉXIME MODULAR – SEMIPRESENCIAL)	62	74	136
SERGUDE	2021/2022	CSAGA03	GANDARÍA E ASISTENCIA EN SANIDADE ANIMAL	34	11	45
SERGUDE	2021/2022	ZMAGA01	PRODUCCIÓN AGROECOLÓXICA	11	7	18
SERGUDE	2021/2022	CMAGA04	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	0	32	32
SERGUDE	2021/2022	CMAGA02	PRODUCCIÓN AGROPECUARIA	11	25	36
P. MURIAS	2021/2022	MAGA04	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1	7	8
BECERREÁ	2021/2022	CMAGA04	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2	17	19
BECERREÁ	2021/2022	CSAGA01	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	9	31	40
LOURIZÁN	2021/2022	CMAGA04	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	6	34	40
LOURIZÁN	2021/2022	CSAGA01	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	12	34	46
MONFORTE*	-	-	-	-	-	-

*CFEA MONFORTE DE LEMOS : Non realiza actividades de formación regrada

Durante o curso académico 2021/2022 realizáronse un total de 128 visitas que completaron a formación do alumnado, aos centros de destino recollidos na seguinte táboa:

FORMACIÓN REGRADA-VISITAS					
CFEA	CÓDIGO	DENOMINACIÓN CICLO	DESTINO	Nº VISITAS	Nº ASISTENTES
GUÍSAMO		Todos os ciclos	CIAM	1	12
GUÍSAMO		Todos os ciclos	LAFIGA	1	12
GUÍSAMO		Todos os ciclos	CAMPOS DEPORTIVOS DO DEPOR	1	15
GUÍSAMO		Todos os ciclos	AGROFLOR	1	12
GUÍSAMO		Todos os ciclos	FRAGAS DO EUME	1	11
GUÍSAMO		Todos os ciclos	ORBALLO	1	15
GUÍSAMO		Todos os ciclos	OS BIOSBARDOS	1	10
SERGUDE	CSAGA03	Gandaría e asistencia sanidade animal 1º	GRANXA DE NAIS DE NUDESA (O PINO)	1	21
SERGUDE	CSAGA04	Gandaría e asistencia sanidade animal 1º	CIAM	1	21



SERGUDE	CSAGA05	Gandaría e asistencia sanidade animal 2º	GRANXA CASAL VILAR (O FORTE-BOQUEIXÓN)	1	17
SERGUDE	CSAGA06	Gandaría e asistencia sanidade animal 1º	MVC DE CARBALLO- FRIOL E EXPLOTACIÓN DE PORCO CELTA EN VILALBA	1	21
SERGUDE	CSAGA07	Gandaría e asistencia sanidade animal 2º	MATADOIRO DE BANDEIRA	1	17
SERGUDE	CSAGA08	Gandaría e asistencia sanidade animal 2º	GANXABAR-COOP. GRILLE-CUMA XALLAS BARCALA	1	20
SERGUDE	CSAGA09	Gandaría e asistencia sanidade animal 1º	SAT BUSTO- CORZÓN	1	21
SERGUDE	CSAGA10	Gandaría e asistencia sanidade animal 2º	CENTRO HÍPICO MARCO DAS PÍAS-LASAPAGA	1	20
SERGUDE	CSAGA11	Gandaría e asistencia sanidade animal 2º	GRANXA DO SOUTO" E GRANXA "A CAXIGUEIRA	1	20
SERGUDE	ZMAGA01	Produción agroecolóxica a e b	EXPLOTACIÓN DE PORCO CELTA EN VILALBA	1	12
SERGUDE	ZMAGA02	Produción agroecolóxica b	CPI CARDENAL QUIROGA PALACIOS	4	5
SERGUDE	ZMAGA03	Produción agroecolóxica b	GRANXAS ECOLÓXICAS DE LOUSADA	1	6
SERGUDE	ZMAGA04	Produción agroecolóxica a e b	CONSERVAS-AULA DA TERRA	1	5
SERGUDE	ZMAGA05	Produción agroecolóxica b	GRANXA "EO DOS MENECS	1	6
SERGUDE	ZMAGA06	Produción agroecolóxica a	RANCHO MARTIÑO	1	6
SERGUDE	ZMAGA07	Produción agroecolóxica a e b	PRODUCCIÓN DE HUERTA ECOLÓXICA LABRECUS	1	9
SERGUDE	ZMAGA08	Produción agroecolóxica a e b	VIVEIRO MARCOS ANTONIO	1	9
SERGUDE	ZMAGA09	Produción agroecolóxica b	GANDEIRIA LIMIÁ DE MOARES	1	5
SERGUDE	ZMAGA10	Produción agroecolóxica a e b	VIVEIRO PLANTAMUS	1	9
SERGUDE	ZMAGA11	Produción agroecolóxica a e b	CIFP SOMESO	1	7
SERGUDE	ZMAGA12	Produción agroecolóxica b	GANDEIRIA PEAR	2	5
SERGUDE	ZMAGA13	Produción agroecolóxica b	ARQUEIXAL	1	3
SERGUDE	ZMAGA14	Produción agroecolóxica a e b	A CASA CURISCAZA	1	10
SERGUDE	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural 1º	EFA AREIRO, CIF LOURIZÁN, MISIÓN BIOLÓXICA DE GALICIA (CSIC) E PISCIFACTORÍA DE CARBALLEDO	1	13
SERGUDE	CMAGA05	Aproveitamento e conservación do medio natural 1º	TECOR "O CASTELO" (BOQUEIXÓN)	2	13
SERGUDE	CMAGA06	Aproveitamento e conservación do medio natural 2º	ESTACIÓN DE CAPTURA DE XIMONDE	1	17
SERGUDE	CMAGA07	Aproveitamento e conservación do medio natural 1º e 2º	MADERAS COSTIÑA S.L.	1	35
SERGUDE	CMAGA08	Aproveitamento e conservación do medio natural 2º	MUSEO DE HISTORIA NATURAL LUIS IGLESIAS	1	18
SERGUDE	CMAGA02	Produción agropecuaria 1º	CIAM	1	20
SERGUDE	CMAGA03	Produción agropecuaria 2º	EXPLOTACIÓN DE RUBIA GALEGA SUPREMA - CEBADEIRO BECERROS "REINOS"	1	15
SERGUDE	CMAGA04	Produción agropecuaria 1º e 2º	GANXABAR	2	18
SERGUDE	CMAGA05	Produción agropecuaria 2º	GALIÑEIRO AUTOCONSUMO, E CRIADEIRO PALOMAS MENSAXEIRAS	1	15



SERGUDE	CMAGA06	Produción agropecuaria 2º	GRANXA LUIS CASAL RODRÍGUEZ	1	18
SERGUDE	CMAGA07	Produción agropecuaria 1º	GRANXA A ESPERANZA	1	18
SERGUDE	CMAGA08	Produción agropecuaria 2º	A CASA GRANDE DE XANCEDA	1	19
SERGUDE	CMAGA09	Produción agropecuaria 2º	A GANDEIRIA PEAR	1	19
P. MURIAS	MAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural dual	PARQUE NATURAL DO XURÉS	1	7
P. MURIAS	MAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural dual	PISCIFACTORÍA DE RIORTORTO	1	8
P. MURIAS	MAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural dual	TRABALLOS DE RECUPERACIÓN DO CAUCE DO RÍO EO, CONSELL DE M AMBIENTE	1	8
P. MURIAS	MAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural dual	PUNTO DE AUGA E TRABALLOS FORESTAIS DO DISTRITO DE A MARIÑA	1	8
P. MURIAS	MAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural dual	IES DE FOZ, CELEBRACIÓN DÍA DA ÁRBORE	1	8
P. MURIAS	MAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural dual	IES PORTA DA AUGA. RIBADEO, A REALIZAR TRABALLOS FORESTAIS NAS SÚAS INSTALACIÓNS	2	8
P. MURIAS	MAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural dual	SAIDAS A FINCA DE BANTEGAL CEDIDA AO CENTRO	6	8
P. MURIAS	MAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural dual	COOPERATIVA CLUN	1	6
P. MURIAS	MAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural dual	LABERINTO COSTA DA MARIÑA	1	6
P. MURIAS	MAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural dual	MADERAS BARCIA	1	8
BECERREÁ	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	VIVEIROS MAÑENTE	1	19
BECERREÁ	CSAGA01	Xestión forestal e do medio natural	VIVEIROS MAÑENTE	1	40
BECERREÁ	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	DESBROCES CARRONZA	1	19
BECERREÁ	CSAGA01	Xestión forestal e do medio natural	DESBROCES CARRONZA	1	40
BECERREÁ	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME	1	19
BECERREÁ	CSAGA01	Xestión forestal e do medio natural	PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME	1	40
BECERREÁ	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	CASA DO MEL	1	40
BECERREÁ	CSAGA01	Xestión forestal e do medio natural	CASA DO MEL	1	40
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	SAÍDA FORMATIVA RÍO LOIRA (MARÍN). PESCA ELÉCTRICA SERVIZO CONSERVACIÓN DA NATUREZA. 2 CM	2	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	SAÍDA RESTAURACIÓN DE RIBEIRA 2 CM	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	2 CM_PRÁCTICA CUADRILLA INCENDIOS	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	2CM _ VISITA BASE HELITRANSPORTADA DO CAMPIÑO	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	SAÍDA RÍO REPOB PISCICOLA 2 CM	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	2CM_SAÍDA RÍO GAFOS COA ASOCIACION VAIPOLORÍO	1	20



LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	2CM_TRABALLOS NO MVMC S.ANDRÉS PARA PREPARAR ACTIVIDADE DE EDUCACIÓN AMBIENTAL	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	2CM_ACTIVIDADE PLANTACIÓN COS ALUMNOS DE 5º E 6º PRIMARIA DO COLEXIO A CARBALLEIRA	2	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	1CM- SAÍDA ENTIDAD LOCAL MENOR ARCOS DA CONDESA	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	SAÍDA FORMATIVA COMPLEXO INTERMAREAL UMIA-O GROVE 2 CM	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	ESCOLA DE ENXEÑERÍA FORESTAL DE PONTEVEDRA 2 CM	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	1CM_DEMOSTRACIÓN TRABALLOS EN ALTURA CAMPIÑO	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	2CM-SAÍDA FORMATIVA MONTE ALOIA-GÁNDARAS DE BUDIÑO	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	SAÍDA FORMATIVA ARBO- A FREIXA. 2 CM	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	2CM-INVESTIGACIÓN DE LUMES	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	2CM- DEPUTACION DE PONTEVEDRA DEMO DAY DEPOEMPRENDE	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	1CM_MISIÓN BIOLÓXICA (CSIC)	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	1CM_ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA DE AREEIRO	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	1CM-1CS_SAÍDA AO RÍO ULLA E ÁS PESQUEIRAS	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	1CM_SEQUEIRO DE CARBALLO	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	1CM_SAÍDA FORMATIVA ENCE_VIVEIRO FIGUEIRIDO	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	1CM CABO ORTEGAL_COMPLEXO XEOLÓXICO	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	1CM_VIVEIRO DE MACEDA DE TRAGSA	1	20
LOURIZÁN	CMAGA04	Aproveitamento e conservación do medio natural	CLAUSURA CURSO SERGUDE_AGACAL	1	20
LOURIZÁN	CMAGA05	Aproveitamento e conservación do medio natural	PISCIFACTORÍA 2 CM. JUAN	1	20
LOURIZÁN	CMAGA06	Aproveitamento e conservación do medio natural	GALIFOREST	1	9
LOURIZÁN	CSAGA01	Xestión forestal e do medio natural	IES PONTECALDELAS TRABALLOS DE RESTAURACIÓN DE ZONA QUEIMADAS AO REDOR DO CENTRO	3	20
LOURIZÁN	CSAGA02	Xestión forestal e do medio natural	SAÍDA RESTAURACIÓN DE RIBEIRA 2 CS. XESTIÓN PISCICOLA	1	20
LOURIZÁN	CSAGA03	Xestión forestal e do medio natural	1CS_CHARLA SOBRE CONTROL DE CORTADEIRA CIF LOURIZÁN EN BARRO_MEIS	1	20
LOURIZÁN	CSAGA04	Xestión forestal e do medio natural	SAÍDA FORMATIVA INVENTARIO PISCÍCOLA 2 CS. RÍO LOIRA	1	20



LOURIZÁN	CSAGA05	Xestión forestal e do medio natural	SAÍDA 4 DÍAS CAUREL 2CS	1	20
LOURIZÁN	CSAGA06	Xestión forestal e do medio natural	SAÍDA RÍO LÉREZ. FREZADEROS.	1	20
LOURIZÁN	CSAGA07	Xestión forestal e do medio natural	SAÍDA 2 CS ELM ARCOS DA CONDESA	1	20
LOURIZÁN	CSAGA08	Xestión forestal e do medio natural	PISCIFACTORÍA CARBALLEDO. 2 CS. XESTIÓN PISCÍCOLA	1	20
LOURIZÁN	CSAGA09	Xestión forestal e do medio natural	1CS_ACTIVIDADE COS ALUMNOS DE 6ºEP DO CEIP A CARBALLEIRA SOBRE BIODIVERSIDADE	1	20
LOURIZÁN	CSAGA10	Xestión forestal e do medio natural	SAÍDA FORMATIVA UMIA-O GROVE 2_ 2CS.	1	20
LOURIZÁN	CSAGA11	Xestión forestal e do medio natural	UNIVERSIDADE_1CS	1	20
LOURIZÁN	CSAGA12	Xestión forestal e do medio natural	2CS-SAÍDA FORMATIVA MONTE ALOIA-GÁNDARAS DE BUDIÑO	1	20
LOURIZÁN	CSAGA13	Xestión forestal e do medio natural	SAÍDA FORMATIVA ARBO- A FREIXA._ 2 CS	1	20
LOURIZÁN	CSAGA14	Xestión forestal e do medio natural	ACTIVIDADE DE 1CS NO OUTEIRO DA HEDRA - POZA DA RÉGUEIRA	1	20
LOURIZÁN	CSAGA15	Xestión forestal e do medio natural	2CS_INVESTIGACIÓN DE LUMES	1	20
LOURIZÁN	CSAGA16	Xestión forestal e do medio natural	2CM_VISITA GUIADA PREDIO LOURIZÁN CO COLEXIO SAGRADO CORAZÓN	1	20
LOURIZÁN	CSAGA17	Xestión forestal e do medio natural	1CS_MISIÓN BIOLÓXICA. (CSIC)	1	20
LOURIZÁN	CSAGA18	Xestión forestal e do medio natural	1 CS_ESTACIÓN FITOPATOLOXICA AREEIRO	1	20
LOURIZÁN	CSAGA19	Xestión forestal e do medio natural	1CS INPECCION GÁNDARELA CO ROAGA	1	20
LOURIZÁN	CSAGA20	Xestión forestal e do medio natural	1CS_SAÍDA AO RÍO ULLA E ÁS PESQUEIRAS	1	20
LOURIZÁN	CSAGA21	Xestión forestal e do medio natural	1CS_SEQUEIRO CARBALLO	1	20
LOURIZÁN	CSAGA22	Xestión forestal e do medio natural	1CS_SAÍDA FORMATIVA ENCE_VIVEIRO FIGUEIRIDO	1	20
LOURIZÁN	CSAGA23	Xestión forestal e do medio natural	1CS CABO ORTEGAL	1	20
LOURIZÁN	CSAGA24	Xestión forestal e do medio natural	1CS_VIVERO MACEDA TRAGSA	1	20
LOURIZÁN	CSAGA25	Xestión forestal e do medio natural	CLAUSURA CURSO SERGUDE_AGACAL	1	20

ACTIVIDADES DE FORMACIÓN CONTINUA

Desde os CFEAS foron promovidas un total de 174 actividades de formación continua financiadas cun importe total de 305.939,43 € nas que participaron un total de 3.176 alumnos.

FORMACIÓN CONTINUA

CFEA	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE	Nº ALUM
GUÍSAMO	FC2022F115001	SEGURIDADE NOS TRABALLOS DE ARBORICULTURA. TÉCNICAS DE TREPA.	5280	18
GUÍSAMO	FC2022F115002	SEGURIDADE NOS TRABALLOS DE ARBORICULTURA. TALA E	2712	14



APEO CONTROLADO DE ÁRBORES CON TÉCNICAS DE TREP.A.				
GUÍSAMO	FC2022F115003	PEQUENAS INSTALACIÓNS DE REGA: COMPOÑENTES, REPLANTEO E MONTAXE	2535	14
GUÍSAMO	FC2022F115004	ENXERTA DE PRIMAVERA - OLLO VELANDO	3087	13
GUÍSAMO	FC2022F115005	ENXERTA DE VERÁN - OLLO DURMIDO	3087	12
GUÍSAMO	FC2022F115007	O ARTE FLORAL COMO MOTOR DINAMIZADOR DA PRODUCCIÓN DE FLOR CORTADA EN GALICIA.	2550,96	20
GUÍSAMO	FC2022F115008	TALLER TEMÁTICO SOBRE MANTEMENTO DE MAQUINARIA E ÚTILES DE XARDINARÍA E ARBORICULTURA	2005,56	19
GUÍSAMO	FC2022F115010	PRIMEIROS AUXILIOS EN EL SECTOR AGROFORESTAL	1146,5	17
GUÍSAMO	FC2022F115011	TALLER DE NOVAS ALTERNATIVAS PRODUTIVAS NO SECTOR DA HORTA E AS SÚAS PRIMEIRAS TRANSFORMACIÓNS	1719	11
GUÍSAMO	FC2022F115014	TÉCNICAS AVANZADAS DE TALA, TRONZADO E DECOTADO DE ÁRBORES. MANTEMENTO DA MOTOSERRA	4770	15
GUÍSAMO	FC2022F115015	TRABALLOS DE DESBROCE, TALA, E OUTROS TRABALLOS MEDIOAMBIENTAIS EN TERREOS CON RISCO DE CAÍDA A DISTINTO NIVEL (TALUDES)	4020	12
GUÍSAMO	FC2022F115016	TALLER TEMÁTICO SOBRE XARDINARÍA ECOLÓXICA E CONTROL BIOLÓXICO	1581,37	20
GUÍSAMO	FC2022F115020	DRONS NO SECTOR AGROFORESTAL E AGRICULTURA DE PRECISIÓ	3385	11
GUÍSAMO	FC2022F115021	ASPECTOS BÁSICOS DO MANTEMENTO E MANEXO DO TRACTOR E DOS APEIROS	1810	11
GUÍSAMO	FC2022F115023	MANEXO DE MÁQUINAS-FERRAMENTAS ELÉCTRICAS NUN TALLER DUNHA EXPLOTACIÓN AGROFORESTAL	2870	14
GUÍSAMO	FC2022F115024	PRODUCCIÓN DE COGOMELOS SOBRE TRONCOS DE MADEIRA DE CASTIÑEIRO E CARBALLO	1735	21
GUÍSAMO	FC2022F115025	INICIACIÓN Á AGRICULTURA ECOLÓXICA	2505	11
SERGUDE	FC2022F115026	INICIACIÓN AO CULTIVO DE COGUMELOS, INTRODUCCIÓN A MICOLOXÍA SILVESTRE.	1817,88	21
SERGUDE	FC2022F115027	PERMACULTURA E TÉCNICAS DA AGRICULTURA ORGÁNICA.	2121,13	10
SERGUDE	FC2022F115028	CULTIVO DE PLANTAS E FROITOS VERMELLOS (FRAMBUESA, MORA, GROSELLA E ARÁNDANOS)	1309,99	10
SERGUDE	FC2022F115029	APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL BÁSICO	2749,7	21
SERGUDE	FC2022F115031	FRUTICULTURA ECOLÓXICA	2189,02	10
SERGUDE	FC2022F115033	CONSERVACIÓN DE ALIMENTOS VEXETAIS ECOLÓXICOS	2439,4	11
SERGUDE	FC2022F115034	CULTIVOS DE OUTONO/INVERNO NA HORTA ECOLÓXICA	2472,5	10
SERGUDE	FC2022F115035	CULTIVOS DE VERÁN NA HORTA ECOLÓXICA	4744,5	10
SERGUDE	FC2022F115036	MELLORAR OS BENEFICIOS DA PRODUCCIÓN DE CARNE	1004,86	12
SERGUDE	FC2022F115037	MELLORA DOS BENEFICIOS DA PRODUCCIÓN DE LEITE	1004,86	12
SERGUDE	FC2022F115038	INICIACIÓN Á APICULTURA ECOLÓXICA	2006	12
SERGUDE	FC2022F115039	INICIACIÓN Á APICULTURA	2005,88	15
SERGUDE	FC2022F115040	SÁBADOS COAS ABELLAS-PRIMAVEIRA	2341,5	13
SERGUDE	FC2022F115041	SÁBADOS COAS ABELLAS-VERÁN	2192,36	14
SERGUDE	FC2022F115042	SÁBADOS COAS ABELLAS-OUTONO/INVERNO	961,13	17
SERGUDE	FC2022F115043	PLANTAS MEDICINAIS E AROMÁTICAS.INTRODUCCIÓN O CULTIVO.	1366,64	17
SERGUDE	FC2022F115044	A RECOLECCIÓN E MANIPULACIÓN DAS PLANTAS MEDICINAIS E AROMÁTICAS.	758,12	11
SERGUDE	FC2022F115046	LABOREO E ESCARDA MECÁNICA: CONDICIONANTES, PRL E APEIROS	1800,71	11
SERGUDE	FC2022F115048	BENESTAR ANIMAL: BENESTAR ANIMAL: MÓDULO XERAL, PERSOAL DE EXPLOTACIÓNS E CONDUTORES/AS E COIDADORES/AS.	2018,69	13
SERGUDE	FC2022F115049	PODOLOXÍA BÁSICA EN GANDO VACÚN	3265,97	10
SERGUDE	FC2022F115050	A APLICACIÓN DE MEDIDAS PREVENTIVAS DOS ATAQUES DE LOBO NAS EXPLOTACIÓNS DE GANDO EN EXTENSIVO E SEMIEXTENSIVO	884,64	10
SERGUDE	FC2022F115051	MANEXO DE FORRAXES EN VACÚN DE LEITE	816,98	10



SERGUDE	FC2022F115052	ESPECIES VEXETAIS MULTIFUNCIONAIS EN AGROECO	1327,4	11
SERGUDE	FC2022F115053	BEBIDAS ECOLÓXICAS VEXETAIS E PROBIÓTICAS. OBRADOIRO PRÁCTICO	1533,97	11
SERGUDE	FC2022F115054	BIOCONSTRUCCIÓN	1588,64	10
SERGUDE	FC2022F115055	INICIACIÓN Á TRANSFORMACIÓN DO LEITE. ELABORACIÓN DE PRODUTOS LÁCTEOS	4825,35	15
SERGUDE	FC2022F115056	INICIACIÓN Á ANÁLISE SENSORIAL DE QUEIXOS GALEGOS CON DOP	1603,4	16
SERGUDE	FC2022F115057	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA Á ANÁLISE SENSORIAL DOS QUEIXOS GALEGOS CON DOP	1603,4	10
SERGUDE	FC2022F115058	INTRODUCCIÓN Á MELLORA REPRODUTIVA E INSEMINACIÓN ARTIFICIAL EN GANDO VACÚN	2859,7	14
SERGUDE	FC2022F115059	APROXIMACIÓN AO COIDADADO DO PÉ EQUINO. FERRAXE	3684,34	16
SERGUDE	FC2022F115061	CÁLCULO E ANÁLISE DO CUSTE DE PRODUCCIÓN DO LECHE	911,8	22
SERGUDE	FC2022F115062	TALLER DE COIDADADOS E PODA DO OLIVO	2793,77	13
SERGUDE	FC2022F115063	TALLER DE CATA DE ACEITE DE OLIVA VIRXE EXTRA (AOVE)	3006,14	15
SERGUDE	FC2022F115064	SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL. ELABORACIÓN DE PRODUTOS DE LIMPEZA ECOLÓXICOS	2677,9	15
SERGUDE	FC2022F115065	PRODUCCIÓN AGROECOLÓXICA DE SEMENTES HORTÍCOLAS APROVEITANDO O MONTE. OBRADOIRO DE PLANTAS MEDICINAIS: RECOÑECIMENTO, TRATAMENTO E PREPARACIÓN	2555,6	20
SERGUDE	FC2022F136001	RECUPERACIÓN DA CESTERÍA EN MONDARIZ	7106,64	12
PEDRO MURIAS	FC2022F127004	PRINCIPIOS DE PODOLOXÍA EN PEQUENOS RUMIANTES	795	12
PEDRO MURIAS	FC2022F127009	BENESTAR ANIMAL NO TRANSPORTE	1090	21
BECERREA	FC2022F115067	INICIACIÓN Á APICULTURA	2154	15
BECERREA	FC2022F115068	PERFECCIONAMENTO EN APICULTURA	2850	15
BECERREA	FC2022F115069	CALIDADE DO MEL EN LABORATORIO	1490	15
BECERREA	FC2022F115070	USO COSMÉTICO DA CERA DE ABELLA	1200	15
BECERREA	FC2022F115071	NUTRICIÓN E ALIMENTACIÓN APÍCOLA	1292,2	15
BECERREA	FC2022F127021	TALLER DE TÉCNICAS DE GABEO, DESPRAZAMENTOS E TRABALLOS EN ALTURA NAS ÁRBORES.	2630,74	12
BECERREA	FC2022F127022	CRÍA E REPOBOACIÓN DE PERDIZ (ALECTORIS RUFA)	3190,04	20
BECERREA	FC2022F127023	OS COGUMELOS COMO RECURSO DOS NÓSOS MONTES	3160,04	20
BECERREA	FC2022F127024	OS COGUMELOS COMO RECURSO DOS NÓSOS MONTES	3160,04	20
BECERREA	FC2022F127025	PRODUCCIÓN DE SETA SILVESTRE: MICORRIZACIÓN	4190,04	20
BECERREA	FC2022F127026	QGIS PARA O ÁMBITO AGROFORESTAL. NIVEL BÁSICO	3106,48	12
BECERREA	FC2022F127027	APLICACIÓN CARTOGRÁFICAS EN TELÉFONO MÓBIL PARA O ÁMBITO AGROFORESTAL. CURSO PRÁCTICO	3190,48	15
BECERREA	FC2022F127028	NUTRICIÓN E ALIMENTACIÓN APÍCOLA	1320,7	15
BECERREA	FC2022F127029	CALIDADE DO MEL EN LABORATORIO	1722,4	15
BECERREA	FC2022F127030	XESTIÓN E FISCALIDADE DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS E GANDEIRAS	1358,4	15
BECERREA	FC2022F127031	O CULTIVO DO CASTIÑEIRO COMO ESPECIE MELÍFERA	1525,6	15
BECERREA	FC2022F127032	REPRODUCCIÓN APÍCOLA E CRÍA DE RAÍÑAS	2828	15
BECERREA	FC2022F127033	RECICLAXE DA CERA DE ABELLA	1381,2	15
BECERREA	FC2022F127034	MELLORA XENÉTICA E SELECCIÓN DE ABELLA LOCAL "NEGRA AUTÓCTONA" GALEGA.	1481,2	15
BECERREA	FC2022F127035	INICIACIÓN Á APICULTURA	2779,3	15
BECERREA	FC2022F127036	A SEGURIDADE NO MANEXO DA MAQUINARIA AGROFORESTAL	1955	12
BECERREA	FC2022F127037	REPRODUCCIÓN NO GANDO VACÚN	3739,3	12
BECERREA	FC2022F127038	REPRODUCCIÓN NO GANDO VACÚN	3739,3	12
BECERREA	FC2022F127039	MANEXO, MANTEMENTO E SEGURIDADE NO EMPREGO DA MOTOSERRA	6914,88	12
BECERREA	FC2022F127040	ARRANXO DE PEZUOS NO GANDO VACÚN	5181,9	12
BECERREA	FC2022F127041	USO COSMÉTICO DA CERA DE ABELLA	1291,2	15



BECERREA	FC2022F127042	XESTIÓN DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS: FISCALIDADE E CONTABILIDADE	2295,3	15
BECERREA	FC2022F127043	INICIACIÓN Á APICULTURA	2094,7	15
BECERREA	FC2022F127044	RECICLAXE DA CERA DE ABELLA	1302	15
BECERREA	FC2022F127045	O APROVEITAMENTO DO CASTIÑEIRO PARA FROITO	1832,4	15
BECERREA	FC2022F127046	TÉCNICAS DE APROVEITAMENTO RESINEIRO	5279,72	12
BECERREA	FC2022F127047	MÉTODO DE PICA SOBRE CORTIZA CON ESTIMULACIÓN	4184,72	12
BECERREA	FC2022F127048	ALTERNATIVAS DE XESTIÓN Ó MINIFUNDIO FORESTAL	4377,72	12
MONFORTE	FC2022F127049	APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL BÁSICO	1870	30
MONFORTE	FC2022F127050	APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL BÁSICO	1870	30
MONFORTE	FC2022F127051	APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL CUALIFICADO. CURSO PONTE	1690	20
MONFORTE	FC2022F127052	APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL CUALIFICADO. CURSO PONTE	1708,97	21
MONFORTE	FC2022F127053	SEGURIDADE E SAÚDE NO SECTOR DA AGRICULTURA E GANDEIRIA	569	21
MONFORTE	FC2022F127054	SEGURIDADE E SAÚDE NO SECTOR DA AGRICULTURA E GANDEIRIA	569	23
MONFORTE	FC2022F127055	SEGURIDADE E SAÚDE NO SECTOR DA AGRICULTURA E GANDEIRIA	569	20
MONFORTE	FC2022F127056	SEGURIDADE E SAÚDE NO SECTOR DA AGRICULTURA E GANDEIRIA	569	20
MONFORTE	FC2022F127057	AGRICULTURA DIXITAL CON DRONS	699,29	20
MONFORTE	FC2022F127058	AGRICULTURA DIXITAL CON DRONS	671,74	21
MONFORTE	FC2022F127059	AGRICULTURA DIXITAL CON DRONS	592,6	23
MONFORTE	FC2022F127060	TRATAMENTOS AÉREOS CON DRONS EN SANIDADE VEXETAL	1013,89	21
MONFORTE	FC2022F127061	TRATAMENTOS AÉREOS CON DRONS EN SANIDADE VEXETAL	986,34	22
MONFORTE	FC2022F127062	TRATAMENTOS AÉREOS CON DRONS EN SANIDADE VEXETAL	986,34	20
MONFORTE	FC2022F127063	TRATAMENTOS AÉREOS CON DRONS EN SANIDADE VEXETAL	907,2	22
MONFORTE	FC2022F127064	ESTRATEGIAS DE VENDA PARA O SECTOR AGROALIMENTARIO	634	27
MONFORTE	FC2022F127065	ESTRATEGIAS DE VENDA PARA O SECTOR AGROALIMENTARIO	592	21
MONFORTE	FC2022F127066	ESTRATEGIAS DE VENDA PARA O SECTOR AGROALIMENTARIO	584,2	20
MONFORTE	FC2022F127067	ESTRATEGIAS DE VENDA PARA O SECTOR AGROALIMENTARIO	584,2	19
MONFORTE	FC2022F127068	ESTRATEGIAS DE VENDA PARA O SECTOR AGROALIMENTARIO	584,2	20
MONFORTE	FC2022F127069	CREA O TEU PLAN DE MARKETING DIXITAL.	591,2	22
MONFORTE	FC2022F127070	CREA O TEU PLAN DE MARKETING DIXITAL.	598,2	22
MONFORTE	FC2022F127071	CREA O TEU PLAN DE MARKETING DIXITAL.	584,2	20
MONFORTE	FC2022F127072	CREA O TEU PLAN DE MARKETING DIXITAL.	584,2	20
MONFORTE	FC2022F127073	CREA O TEU PLAN DE MARKETING DIXITAL.	654,2	30
MONFORTE	FC2022F127074	PLATAFORMA ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA. CERTIFICADO DIXITAL. USO DO SIXPAC.	569	21
MONFORTE	FC2022F127075	PLATAFORMA ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA. CERTIFICADO DIXITAL. USO DO SIXPAC.	569	20
MONFORTE	FC2022F127076	PLATAFORMA ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA. CERTIFICADO DIXITAL. USO DO SIXPAC.	569	20
MONFORTE	FC2022F127077	PLATAFORMA ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA. CERTIFICADO DIXITAL. USO DO SIXPAC.	569	20
MONFORTE	FC2022F127078	PLATAFORMA ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA. CERTIFICADO DIXITAL. USO DO SIXPAC.	609	30
MONFORTE	FC2022F127079	GANDERÍA INTENSIVA: ASPECTOS PRODUTIVOS E DE MANEXO PARA A SÚA CORRECTA ALIMENTACIÓN	569	20
MONFORTE	FC2022F127080	GANDERÍA INTENSIVA: ASPECTOS PRODUTIVOS E DE MANEXO PARA A SÚA CORRECTA ALIMENTACIÓN	569	20
MONFORTE	FC2022F127081	TALLER PRÁCTICO DE CONSULTA DO ROPMF, INTERPRETACIÓN E BUSCA DOS LMR E MANEXO DO CADERNO DE EXPLOTACIÓN.	599	19
MONFORTE	FC2022F127082	TALLER PRÁCTICO DE CONSULTA DO ROPMF, INTERPRETACIÓN E BUSCA DOS LMR E MANEXO DO CADERNO DE EXPLOTACIÓN.	599	23



MONFORTE	FC2022F127083	TÉCNICAS DA AGRICULTURA ORGÁNICA APLICADAS Á FRUTICULTURA E OUTROS CULTIVOS	713	24
MONFORTE	FC2022F127084	TÉCNICAS DA AGRICULTURA ORGÁNICA APLICADAS Á FRUTICULTURA E OUTROS CULTIVOS	698,7	17
MONFORTE	FC2022F127090	MANEXO SUSTENTABLE DAS INSTALACIÓNS DE PORCINO, AVÍCOLA E CUNÍCOLA, CO FIN DE CONSEGUIR UN AFORRO ENERXÉTICO.	574,7	18
MONFORTE	FC2022F127091	MANEXO SUSTENTABLE DAS INSTALACIÓNS DE PORCINO, AVÍCOLA E CUNÍCOLA, CO FIN DE CONSEGUIR UN AFORRO ENERXÉTICO.	574,7	19
MONFORTE	FC2022F127092	INSTALACIÓNS TÉRMICAS RENOVABLES APLICADAS AO SECTOR AGRARIO	602,7	24
MONFORTE	FC2022F127093	INSTALACIÓNS TÉRMICAS RENOVABLES APLICADAS AO SECTOR AGRARIO	581,7	21
MONFORTE	FC2022F127094	INSTALACIÓNS TÉRMICAS RENOVABLES APLICADAS AO SECTOR AGRARIO	574,7	16
MONFORTE	FC2022F127095	BENESTAR ANIMAL NA EXPLOTACIÓN	1220	30
MONFORTE	FC2022F127096	BENESTAR ANIMAL NO TRANSPORTE	1276	32
MONFORTE	FC2022F127097	CURSO DE CAPACITACIÓN PARA O PERSOAL DE GRANXAS DE GANDO PORCINO (RD 306/2020)	1020	20
MONFORTE	FC2022F127098	CURSO DE CAPACITACIÓN PARA O PERSOAL DE GRANXAS DE GANDO PORCINO (RD 306/2020)	1132	24
MONFORTE	FC2022F127100	TÉCNICA DE INSEMINACIÓN ARTIFICIAL EN GANDO VACÚN	3022	18
MONFORTE	FC2022F127102	PRODUCCIÓN DE FORRAXES E ALIMENTACIÓN DO GANDO	575,65	25
MONFORTE	FC2022F127103	PRODUCCIÓN DE FORRAXES E ALIMENTACIÓN DO GANDO	575,65	21
MONFORTE	FC2022F127104	PRODUCCIÓN DE CARNE E MANEXO DO GANDO	639	29
MONFORTE	FC2022F127105	PRODUCCIÓN DE CARNE E MANEXO DO GANDO	624,66	27
MONFORTE	FC2022F127106	PERMISO DE QUEIMA E USO DO LUME. VISIÓN PRÁCTICA	611,56	20
MONFORTE	FC2022F127107	MODELOS SILVÍCOLAS EN GALICIA. BOAS PRÁCTICAS FORESTAIS	611,56	25
MONFORTE	FC2022F127108	BENESTAR ANIMAL: WELFARE QUALITY	608,9	22
MONFORTE	FC2022F127109	BENESTAR ANIMAL: WELFARE QUALITY	693	32
MONFORTE	FC2022F127110	A IMPORTANCIA DAS INSTALACIÓNS PARA UN BO MANEXO	608,9	22
MONFORTE	FC2022F127111	A IMPORTANCIA DAS INSTALACIÓNS PARA UN BO MANEXO	608,9	32
MONFORTE	FC2022F127112	SANIDADE E BENESTAR ANIMAL. RELACIÓN DIRECTA CO RENDEMENTO PRODUTIVO NA GANDERÍA INTENSIVA	568,62	20
MONFORTE	FC2022F127113	SANIDADE E BENESTAR ANIMAL. RELACIÓN DIRECTA CO RENDEMENTO PRODUTIVO NA GANDERÍA INTENSIVA	568,62	21
MONFORTE	FC2022F127115	AVICULTURA ARTESANAL COA RAZA GALIÑA DE MOS E COMERCIALIZACIÓN DAS SÚAS PRODUCIÓNS	996	34
MONFORTE	FC2022F127117	APLICACIÓN DE TRATAMENTOS FITOSANITARIOS CON DRONS EN VIÑEDO	1365,84	16
MONFORTE	FC2022F127118	GANDERÍA EXTENSIVA: INTRODUCCIÓN Á ALIMENTACIÓN. NECESIDADES E TIPOS ALIMENTOS PARA O GANDO	568,62	21
MONFORTE	FC2022F127119	GANDERÍA EXTENSIVA: INTRODUCCIÓN Á ALIMENTACIÓN. NECESIDADES E TIPOS ALIMENTOS PARA O GANDO	568,62	19
MONFORTE	FC2022F127120	GANDERÍA EXTENSIVA: MODELO PRODUTIVO SOSTIBLE E DE CALIDADE. RELEVANCIA PARA O CLIMA E O TERRITORIO. PERSPECTIVAS DE FUTURO	568,62	20
MONFORTE	FC2022F127121	GANDERÍA EXTENSIVA: MODELO PRODUTIVO SOSTIBLE E DE CALIDADE. RELEVANCIA PARA O CLIMA E O TERRITORIO. PERSPECTIVAS DE FUTURO	568,62	19
MONFORTE	FC2022F127122	XESTIÓN TÉCNICO ECONÓMICA DAS EXPLOTACIÓNS DE GANDARÍA EXTENSIVA	576,6	21
MONFORTE	FC2022F127123	XESTIÓN TÉCNICO ECONÓMICA DAS EXPLOTACIÓNS DE GANDARÍA EXTENSIVA	576,6	20
MONFORTE	FC2022F127124	XESTIÓN TÉCNICO ECONÓMICA DAS EXPLOTACIÓNS DE GANDARÍA EXTENSIVA	576,6	21
MONFORTE	FC2022F127125	XESTIÓN TÉCNICO ECONÓMICA DAS EXPLOTACIÓNS DE GANDARÍA EXTENSIVA	576,6	20
MONFORTE	FC2022F127126	XESTIÓN TÉCNICO ECONÓMICA EN EXPLOTACIÓNS VACÚN DE LEITE	608,14	26



MONFORTE	FC2022F127127	XESTIÓN TÉCNICO ECONÓMICA EN EXPLOTACIÓNS VACÚN DE LEITE	608,14	20
MONFORTE	FC2022F127128	XESTIÓN TÉCNICO ECONÓMICA DAS EXPLOTACIÓNS DE GANDARÍA SEN TERRA	576,6	18
MONFORTE	FC2022F127129	XESTIÓN TÉCNICO ECONÓMICA DAS EXPLOTACIÓNS DE GANDARÍA SEN TERRA	576,6	22
MONFORTE	FC2022F127130	XESTIÓN TÉCNICO ECONÓMICA DAS EXPLOTACIÓNS DE CULTIVOS, FRUTICULTURA, VITIVINICULTURA E APICULTURA	576,6	20
MONFORTE	FC2022F127131	XESTIÓN TÉCNICO ECONÓMICA DAS EXPLOTACIÓNS DE CULTIVOS, FRUTICULTURA, VITIVINICULTURA E APICULTURA	576,6	31
MONFORTE	FC2022F127132	INICIACIÓN Á APICULTURA	2919,86	18
MONFORTE	FC2022F127133	CONTROL INTEGRADO DE VARROA: GROOMING, VSH E COMPORTAMENTO HIXIÉNICO.	2314,86	16
MONFORTE	FC2022F127134	VESPA VELUTINA E OUTRAS ENFERMIDADES DAS ABELLAS	2019,86	15
MONFORTE	FC2022F127135	CARACTERÍSTICA FÍSICO-QUÍMICAS DO MEL. A IXP MEL DE GALICIA. CATA DE MELES.	1472	23
MONFORTE	FC2022F127136	TALLER PRÁCTICO CREACIÓN DUNHA MARCA DE AOVE	3205,88	24
MONFORTE	FC2022F127137	TALLER PRÁCTICO CATA DE AOVE	3340	33
MONFORTE	FC2022F127138	TALLER PRÁCTICO PODA DE OLIVO	2807,51	35
MONFORTE	FC2022F127139	PRINCIPIOS DE PODOLOXÍA EN PEQUENOS RUMIANTES	1046,36	25
MONFORTE	FC2022F127147	RENOVACIÓN DE APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS NIVEL CUALIFICADO	1774,87	20
MONFORTE	FC2022F127148	RENOVACIÓN DE APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS NIVEL CUALIFICADO	1774,87	20
MONFORTE	FC2022F127149	RENOVACIÓN DE APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS NIVEL CUALIFICADO	1774,87	20

O CFEA de Monforte inclúe dentro da súa oferta formativa os módulos do curso esixible de Aptitude Empresarial Agraria para aquelas persoas que soliciten unha axuda a primeira incorporación de xoves. En total, durante o ano 2022, impartiu un total de 142 módulos nos que participaron 2.439 alumnos.

ACTIVIDADES DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA

Promovéronse 20 actividades de transferencia tecnolóxica cun importe próximo aos 94.000 €.

ACTIVIDADES DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA

CFEA	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE	ALUM
GUÍSAMO	2022-030	CAMPO DEMOSTRACIÓN: PRODUCCIÓN DE FIEITOS CON FINS MEDIOAMBIENTAIS E ORNAMENTAIS	7239	
GUÍSAMO	2022-031	CAMPO DEMOSTRACIÓN: PRODUCCIÓN DE SEMENTE DE VARIEDADES AUTÓCTONAS DE TOMATE E PEMENTO EN ECOLÓXICO	11499	
GUÍSAMO	2022-032	CAMPO DE DEMOSTRACIÓN: TÉCNICAS DE REXENERACIÓN DE SOLOS	5828,14	
GUÍSAMO	2022-033	CAMPO DE ENSAIO: PRODUCCIÓN DE CÁNABO E LIÑO	8149,5	
GUÍSAMO	2022-035	CAMPO DE ENSAIO ESTUDO DE CASTES AUTÓCTONAS DE MAZÁ DE SIDRA EN PRODUCCIÓN ECOLÓXICA SOBRE DIFERENTES PATRÓNS E VALORACIÓN ENOLÓXICA (SEGUIM. 8º ANO)	3257,29	
GUÍSAMO	2022-036	XORNADA DE PORTAS ABERTAS PARA A PRESENTACIÓN DAS ACTIVIDADES DE EXPERIMENTACIÓN E ENSAIO DO CFEA DE GUÍSAMO	870	11
PEDRO MURIAS	TT2022F127062	CAMPO DE DEMOSTRACIÓN DE 17 VARIEDADES DE TOMATE AUTOCTONOAS EN ECOLÓXICO	1970,67	
PEDRO MURIAS	TT2022F127059	ELABORACIÓN DE QUEIXO DE TETILLA E ARZÚA ULLOA	12315	



ACTIVIDADES DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA

		CON LEITE CRU, LEITE CRU CON FERMENTOS, E CON LEITE PASTEURIZADO		
PEDRO MURIAS	TT2022F127061	VARIETADES DE PEMENTO EN CULTIVO ECOLÓXICO, BAIXO INVERNADOIRO	2065,67	
BECERREA	TT2022/043	IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DE PLANTACIÓNS DE CASTIÑEIRO PARA FROITO	1185	20
BECERREA	TT2022/044	RECUPERACIÓN E POSTA EN PRODUCCIÓN DE SOUTOS VELLÓS	2615	20
BECERREA	TT2022/045	MACEIRAS PARA A PRODUCCIÓN DE MAZÁS PARA SIDRA	966,5	20
BECERREA	TT2022/046	CONSTRUCCIÓN DE CERCADOS CINEXÉTICOS	2596,5	20
BECERREA	TT2022/047	O USO DA PROCESADORA FORESTAL. DESEMBOSQUE E XESTIÓN DOS RESTOS DE CORTA	2514,96	20
BECERREA	TT2022/048	DESTOCAMENTO DE PARCELAS FORESTAIS E ACONDICIONAMENTO DO TERREO	1750	20
BECERREA	TT2022/049	MACEIRAS PARA SIDRA (SEGUIM. 3º ANO)	2194,97	20
BECERREA	TT2022/050	VARIETADES TRADICIONAIS DE CASTIÑEIRO PARA FROITO. (SEGUIMENTO)	3408,25	20
BECERREA	TT2022/051	MELLORES CLONS DE CASTIÑEIRO PARA MADEIRA A PLANTAR NA GALICIA INTERIOR: ENSAIO DE BECERREÁ (CONTINUACIÓN)	11311,95	20
MONFORTE	TT2022/054	IDENTIFICACIÓN DE VARIETADES E CLONS DE VIDE DE CULTIVO TRADICIONAL GALEGO (SEGUIMENTO)	10554	10

ACTIVIDADES COLABORATIVAS

CENTRO	ENTIDADE/ORGANISMO COLABORADOR
GUÍSAMO	CURSO DE VITICULTURA E ENOXÍA AVANZADO/FUNDACIÓN JUANA DE VEGA
GUÍSAMO	CURSO DE FRUTICULTURA/FUNDACIÓN JUANA DE VEGA
GUÍSAMO	XOGOS FLORAIS O. BETANZOS/ASOCIACIÓN CULTURAL PESQUEDELLAS DE BETANZOS
GUÍSAMO	SEGUIMENTO DO XARDÍN DIDÁCTICO DE FIEITOS AUTÓCTONOS NO PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME/ASOCIACIÓN PARA A CUSTODIA DO BOSQUE ATLÁNTICO BETULA
GUÍSAMO	COLABORACIÓN CO PROGRAMA FORMATIVO DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA DE XARDINERÍA E VIVEIRISMO DO CEE MARÍA MARIÑO DA CORUÑA/CEE MARÍA MARIÑO DA CORUÑA
GUÍSAMO	PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA EDUCANDO NA BIOSFERA/RESERVA DA BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO
GUÍSAMO	RECEPCIÓN DE VISITAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS
GUÍSAMO	IES FRAGAS DO EUME-FPINNOVA: OBTENCIÓN DE BEBIDAS A PARTIRES DE CASTES TRADICIONAIS DE MAZÁS DA COMARCA EUME-ORTEGAL
GUÍSAMO	IES PASEO DAS PONTES-DIVULGACION CARACTERÍSTICAS AGRONÓMICAS E CULINARIAS DE DIFERENTES HORTÍCOLAS
GUÍSAMO	PARTICIPACIÓN DEMOSTRATIVA GALIFOREST
GUÍSAMO	CONCELLO PONTECESO-PARTICIPACIÓN NA FEIRA DA FABA DE PONTECESO
GUÍSAMO	ASOCIACIÓN MACEIRA E SIDRA/CONCELLO ESTRADA- PARTICIPACIÓN NA FEIRA DA SIDRA DA ESTRADA
GUÍSAMO	ASOCIACIÓN DE MULLERES DE INSUA-VILALBA-CULTIVO E USOS LIÑO TRADICIONAL
GUÍSAMO	GREENALIA POWER MIÑÓN-REPRODUCCIÓN DRYOPTERIS GUANCHICA
SERGUDE	HOSPITAL VETERINARIO ROF CODINA
SERGUDE	OFICINAS AGRARIAS COMARCAIS MEDIO RURAL
SERGUDE	PURAGA
SERGUDE	ASOCIACIÓN DE CRIADORES CABALO PURA RAZA GALEGA
SERGUDE	CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



CENTRO	ENTIDADE/ORGANISMO COLABORADOR
PEDRO MURIAS	FINCA O COSTAL
PEDRO MURIAS	CESION FINCA DE BANTEGAL
PEDRO MURIAS	CIFP PORTA DA AUGA , PARA PRACTICAS DOS ALUMNOS
PEDRO MURIAS	IES RIBADEO
PEDRO MURIAS	IES FOZ
PEDRO MURIAS	ASOCIACIÓN DE APICULTORES DE RIBADEO
PEDRO MURIAS	CONCELLO DE RIBADEO, MERCADOS
PEDRO MURIAS	CONCELLO DE VEGADEO
PEDRO MURIAS	EMPRESA ROUCO FORESTAL
PEDRO MURIAS	DISTRITO FORESTAL VI A MARIÑA
PEDRO MURIAS	DSITRITO AMBIENTAL A MARIÑA
PEDRO MURIAS	CONSELLO REGULADOR FABA DE LOURENZÁ
PEDRO MURIAS	ASOCIACION PRODUCTORAS A SUCADOIRA
PEDRO MURIAS	LUGOMADERA
PEDRO MURIAS	FORESTAL HOSINTRA S.L.
BECERREA	IES BECERREA
BECERREA	FORESTAL ROUCO
BECERREA	CARRONZA SL
BECERREA	CASA DO MEL
BECERREA	IXP CASTAÑA DE GALICIA
BECERREA	MUVICLA
BECERREA	FUNDACION JUANA DE VEGA
MONFORTE	DISTTRITO FORESTAL VIII TERRA DE LEMOS
MONFORTE	OFICINAS AGRARIAS COMARCAIS MEDIO RURAL
MONFORTE	CONFEDERACIÓN DE REGANTES VAL DE LEMOS
MONFORTE	SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA
MONFORTE	ISSGA "A TUA VIDA SEN VOLTAS"
MONFORTE	HG&T REVISTA GALEGA DE HOSTALARIA,GASTRONOMÍA E TURISMO
MONFORTE	DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO
MONFORTE	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA
MONFORTE	OBRADOIRO DUAL DE CASTRO CALDELAS VIII
LOURIZÁN	ROAGA (LABORATORIO AMBIENTAL)
LOURIZÁN	ISSGA
LOURIZÁN	DEPUTACION DE PONTEVEDRA
LOURIZÁN	IES JOHAN CARBALLEIRA
LOURIZÁN	IES PONTECALDELAS
LOURIZÁN	ETS ENXEÑERÍA FORESTAL PONTEVEDRA
LOURIZÁN	PONTENCIENCIA (FEIRA CIENCIA PONTEVEDRA)
LOURIZÁN	ASOCIACIÓN ABELLAS NAIS
LOURIZÁN	ASOCIACIÓN MICOLÓXICA BRINCABOIS
LOURIZÁN	LIFE FLUVIAL



CENTRO	ENTIDADE/ORGANISMO COLABORADOR
LOURIZÁN	SERVIZO DE PREVENCIÓN DE DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS DE PONTEVEDRA
LOURIZÁN	SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA
LOURIZÁN	XUVENTUDES DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
LOURIZÁN	CENTRO DE INVESTIGACIÓNS FORESTAIS DE LOURIZÁN
LOURIZÁN	CMVMC LOURIZÁN
LOURIZÁN	ADEGA
LOURIZÁN	XUVENTUDE XUNTA DE GALICIA
LOURIZÁN	EX ALUMNOS: CHARLA SEGUEMENTO GRANDES FELINOS EN NAMIBIA
LOURIZÁN	FUNDACIÓN JUANA DE LA VEGA
LOURIZÁN	TRAGSA
LOURIZÁN	SEAGA

SERVIZOS DE RESIDENCIA E COMEDOR

No curso académico 2021/2022 ofertáronse un total de 210 prazas, das que 90 foron de residencia en réxime de pensión completa e o resto, 120, prazas de comedor. Actualmente contabilízanse un total de 182 usuarios, dos que 72 son en réxime de residencia en pensión completa.

CFEA	PRAZAS	RESIDENTES/USUARIOS	OBSERVACIÓNS
SERGUDE-COMEDOR	25	20	CFEA SERGUDE-COMEDOR
SERGUDE-PC	58	52	CFEA SERGUDE-PC
PEDRO MURIAS-COMEDOR	22	14	CFEA PEDRO MURIAS-COMEDOR
BECERREÁ-COMEDOR	45	45	CFEA BECERREÁ-COMEDOR
LOURIZÁN-COMEDOR	28	28	CFEA LOURIZÁN-COMEDOR
LOURIZÁN-PC	32	20	CFEA LOURIZÁN-PC



Institucional

I1	Consolidar o funcionamento regular do esquema organizativo da Axencia
I12	Calendario institucional da AGACAL 2021-2024
I2	Completar a adecuación da AGACAL á LOFAXGA
I21	Elaboración e aprobación do Contrato de Xestión 2021-2024
I3	Garantir a transparencia e proxección pública da AGACAL
I31	Deseño do portal WEB da AGACAL

TAREFA	2021	2022	2023	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2022	ACUMULADO
I12					Nº Xuntas	8	3	9
I21					Ano	2021	2021	v
I31					Ano	2021	2022	v

Contrato de xestión e Consello Reitor

O Consello Reitor da Axencia celebra tres sesións en 2022. En cumprimento das previsións normativas o Consello coñeceu e aprobou o Plan Anual 2022, o Informe anual de execución 2021 e as Contas 2021.

Portal web

A Axencia non dispón propiamente dun portal web específico, que se precisa para facilitar o cumprimento das prácticas de transparencia e instrumentar unha relación mais áxil cos distintos axentes vinculados co tráfico ordinario da nosa actividade. En 2022 contratouse e completouse o deseño da páxina, iniciando a incorporación de contidos de cara á súa publicación no primeiro trimestre de 2023.



Económica e patrimonial

J1	Ordenar a xestión contable da Axencia
J11	Redución do período medio de pago de facturas a 10 días
J2	Regularizar a situación patrimonial
J21	Completar e actualizar o inventario patrimonial de AGACAL
J3	Ordenación da xestión de ingresos
J31	Elaboración e publicación da Orde de taxas e prezos privados
J4	Mantemento e modernización de infraestruturas e medios técnicos
J41	Desenvolvemento do proxecto Galicia Calidade no predio de Sergude
J42	Plan de acondicionamento de infraestruturas
J43	Plan de renovación de equipos de investigación
J44	Plan de renovación do parque móbil da AGACAL
J45	Plan de seguridade dos centros de investigación e formación

TAREFA	2021	2022	2023	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2022	ACUMULADO
J11					Días	< 10	> 10	> 10
J21					Ano	2023	Móbeis	v
J31					Ano	2021	Publicada	v
J41					Execución	60 %	20 %	20 %
J42					Nº centros	14	7	12
J43					Nº centros	4	4	v
J44					Nº centros	14	1	7
J45					Nº centros	14	5	5

Inventario

O inventario de bens inmóbeis completouse en marzo de 2021 para a súa integración na Conta 2020. O inventario de semoventes e de bens móbeis instrumentouse en decembro de 2021 para a súa integración na Conta anual 2021. No 2022 actualizouse o inventario coas novas instalacións e procedeuse ás amortizacións regulamentarias.

Orde de prezos privados

O seis de abril de 2022 publicouse a ORDE do 25 de marzo de 2022 pola que se fixan os prezos privados por servizos prestados pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria (DOG número 67)

Proxecto Espello do Rural en Sergude

No marco do proxecto Espello do Rural, en Sergude, no 2022 procedeuse á contratación da execución da residencia de estudantes do CFEA de Sergude, financiada integramente con fondos FEDER REACT, cun período de execución de nove meses. A adxudicación correspondeu á empresa OREGO BALGÓN SA, que iniciou as obras en decembro de 2022.

Debido á incorporación de novos fondos REACT a este proxecto, ampliouse o seu alcance ata a envolvente do aulario do complexo educativo, cun período de execución de 5 meses.



A tal fin, licitouse o proxecto en novembro de 2022, en réxime anticipado de gasto, coa previsión de iniciar as obras no mes de abril de 2023.

Infraestruturas e equipamentos

Detectadas e presupostadas as necesidades dos centros dependentes da Axencia, en 2022 continuouse coas obras planificadas, cun investimento executado de 1.291.524,45 €. Entre os investimentos acometidos figuran:

CFEA Guísamo

- Instalación dun sistema de rego
- Proxecto de demolición do antigo depósito de auga
- Reformas e acondicionamentos
- Instalación video vixilancia

CFEA Becerreá

- Peche parcela
- Reposición cuberta principal
- Reformas e acondicionamentos
- Instalación video vixilancia

CFEA Lourizán

- Reformas e acondicionamentos
- Instalación video vixilancia
- Instalación simulador forestal

CFEA Monforte

- Reformas e acondicionamentos
- Tractor froiteiro
- Instalación video vixilancia

CFEA Pedro Murias

- Reformas e acondicionamentos

CFEA Sergude

- Residencia de estudantes
- Reformas e acondicionamentos

CIAM

- Furgoneta pick-up



- Reformas e acondicionamentos
- Equipos laboratorio
- Traballos previos Banco de Xermoplasma

CIF Lourizán

- Actuacións para minimizar o deterioro do Pazo de Lourizán
- Reformas e acondicionamentos
- Equipos de laboratorio
- Megafonía

EVEGA

- Reposición ventás
- Reformas e acondicionamentos

LAFIGA

- Equipos de laboratorio
- Equipamento auxiliar

En relación coa construción do Banco de Xermoplasma do CIAM, financiado con fondos FEDER REACT, en 2022 continuaron os traballos de preparación, que concluíron coa encarga a TRAGSA do proxecto en novembro de 2022.

Equipos de investigación

O procedemento de licitación do renting de equipos de laboratorio conclúe coa adxudicación de catro lotes que permiten a instalación dos seguintes:

LOTE	EQUIPO	UDES	DESTINO
2	GRANULÓMETRO TEXTURÓMETRO SOLOS	1	LAFIGA
3	ICP-OES	1	LAFIGA
10	ESPECTROFOTÓMETRO PORTÁTIL	1	CIAM
11	SECUENCIADOR ÁCIDOS NUCLEICOS	2	CIAM+CIF

Parque móbil

As competencias da Axencia en materia de certificación da calidade alimentaria, docencia e investigación require do apoio dun elevado número de vehículos, de diversa funcionalidade: utilitarios, todo terreo, furgonetas, pick-up e de uso agrícola. En 2022 completouse a incorporación dunha pick-up para o CIAM e un tractor froiteiro para o CFEA de Monforte do Lemos, iniciados en 2021.

Seguridade nos centros

No 2022 complétase a instalación dun sistema de video vixilancia intelixente nos CFEAs de Lourizán, Guísamo, Monforte de Lemos, Becerreá e no CIF de Lourizán.



Persoal

K1	Actualización das necesidades de persoal
K11	Aprobación e actualización da RPT
K12	Programación da actividade en réxime de tele-traballo
K13	Aprobación de listas de contratación eventual de persoal investigador
K14	Incorporación permanente do persoal investigador
K15	Asunción efectiva das competencias en xestión de persoal
K16	Integración do persoal procedente do INGACAL
K2	Identificación e actualización das necesidades de formación
K21	Programa específico de formación do persoal da Axencia

TAREFA	2021	2022	2023	2024	INDICADOR	OBX	RESULT 2022	ACUMULADO
K11	⇒				Ano	2021		√
K12	⇒				%	20 %		√
K13	⇒				Ano	2021		√
K14		⇒	⇒	⇒	%	100 %	50 %	50 %
K15	⇒				Ano	2021		√
K16	⇒				Ano	2021	-	-
K21	⇒	⇒	⇒	⇒	Nº	8	2	2

As actividades realizadas en materia de persoal conduciron á publicación da primeira RPT da Axencia no mes de xuño de 2021 e das listas de contratación temporal de persoal investigador. A RPT aprobada ten aínda un carácter provisorio, por canto precisa dunha modificación ulterior que recolla, entre outras cuestións, a integración do persoal laboral do extinto INGACAL. A Orde que articula esta integración foi tramitada perante a Dirección Xeral da Función Pública o último trimestre de 2021, estando á espera da súa continuidade.

En relación co teletraballo, so un 20 % do persoal adscrito á Axencia é susceptible de solicitar a súa prestación. Pódese afirmar que todo o persoal que, en condicións de solicitalo, decidiu facelo está a prestar parte da súa xornada laboral en réxime de teletraballo.

Coa RPT aprobada, e cubertas parcialmente as prazas creadas na Xerencia, iniciouse a xestión de persoal dun xeito progresivo, contando co apoio da Consellería do Medio Rural, que se perfecciona en 2022, a espera de asumir a xestión das nóminas, que se fará efectiva en 2023.

En canto á integración do persoal investigador, tres elementos substantivos acaeceron no 2022, que repercuten directamente na consecución do obxectivo. En primeiro termo, a entrada en vigor da Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, introduciu unha obriga diferencial nos termos da contratación de



persoal, prohibindo con carácter xeral, agás excepcións, os contratos de duración determinada. Deste xeito, a tradicional contratación vinculada á duración dos proxectos de investigación necesariamente se transforma en contratación indefinida. Só os proxectos financiados con fondos europeos manteñen a posibilidade da duración determinada. En consecuencia, cinco novos investigadores se incorporaron nos centros de investigación da Axencia, da man de contratos asociados a convenios de colaboración. En segundo termo, a Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, facilitou a estabilización de catro prazas de investigador nos organismos dependentes da Axencia. O 29 de decembro de 2022 publicouse a convocatoria preceptiva que deberá concluír coa incorporación dos novos investigadores, con carácter definitivo, no terceiro trimestre de 2023. En terceiro termo, no 2022 elaborouse o borrador do proxecto de decreto polo que se regula o Estatuto do persoal laboral de investigación da administración Xeral e das entidades instrumentais integrantes do sector público Autonómico de Galicia, que está chamado a marcar un antes e un despois na xestión do persoal investigador, apostando claramente pola laboralización deste persoal. En conxunto, estas tres circunstancias, permiten albiscar un cambio na configuración da estrutura investigadora da Axencia, en liña coa consecución da tarefa K14.

En canto ao programa formativo, en ausencia dunha formalización por escrito, iníciase dúas actividades específicas: dunha parte, a formación da persoa que xestionará a habilitación de nóminas da Axencia; doutra, no marco da liña de formación de asesores, a preparación do persoal que se ocupa da transferencia de coñecementos ao sector.



INTERPRETACIÓN DE RESULTADOS

Consonte a previsión xeral definida no Contrato de xestión, o éxito nas metas (obxectivos estratéxicos) deriva da consecución dun mínimo do 60 % dos obxectivos operativos definidos e, para cada obxectivo, dun mínimo do 60 % das tarefas identificadas. Os indicadores asignados a cada tarefa son a ferramenta a utilizar para avaliar o seu cumprimento, e será necesario acadar o valor requirido cando menos no 60 % dos indicadores asociados a cada tarefa. Con esta base, e para o efecto de facilitar o seguimento do contrato de xestión establécese unha programación anual de cumprimento de obxectivos operativos, a través da estimación do cumprimento anual das tarefas.

TAREFA	2021	2022	2023	2024	Nº TOTAL
A1		2	1	2	5
A2	1	1		1	3
A3			1	1	2
A4			1	1	2
B1	2	2		1	5
B2	3	2	1	1	7
B3			4	4	8
B4		2	1	1	4
B5		2	3		5
B6		1	1		2
C1		2	2	1	5
C2	1	3	3	2	9
C3			1	1	2
C4	4	6	6	6	22
C5	1	2	3	2	8
C6			2		2
C7				2	2
C8	1	2	2		5
C9		1			1
C10		1		1	2
D1	1	2	2	1	6
D2		1	1		2
D3			1		1
D4		1	1		2
E1	1	2	2		5
E2	1	1	2		4
E3	1	2	2		5
E4	1	2	2		5
F1		2			2
F2			1		1
F3			1	1	2
F4		1		1	2
F5		1	1	1	3
F6		1			1
G1		3		2	5
G2	1	2	2	3	8
H1		1	1	2	4
H2		1	2	2	5
H3		1	1	1	3
H4	1	1	1	1	4
H5	1	1	1	1	4
I1	1		1		2
I2	1				1
I3		1			1
J1			1		1
J2			1		2
J3	1				1
J4	2	1	1	1	5
K1	4	2			6
K2	1				1
TOTAL	32	59	60	44	195



Con este criterio calculamos o porcentaxe de execución das tarefas e, a partir de aí, dos obxectivos e áreas, para finalmente determinar un porcentaxe de desenvolvemento do Contrato de xestión.

En cifras globais, a porcentaxe de execución do Contrato de xestión da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para o período 2021-2024 estímase, finalizado o exercicio 2022, no 51,8 %.

Certificación e protección da calidade alimentaria

Avaliación da execución

A área de certificación e protección da calidade alimentaria integra doce (12) tarefas en catro (4) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
A1	5	3	70
A2	3	2	70
A3	2	2	28
A4	2	2	58

Cos datos rexistrados os obxectivos A1 e A2, aínda que non rematados, terían cuberto o mínimo de execución necesaria para aceptar o seu cumprimento. Os obxectivos A3 e A4, aínda en proceso, renderían un resultado inferior, pero consonte ás expectativas previstas. Debemos concluir un grao satisfactorio de cumprimento.

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de certificación e protección da calidade alimentaria estímase no 56 %.

Análise de resultados

A mellora da xestión das figuras de protección da calidade e a consecución dun sistema de certificación eficiente é unha das metas que se recollen para a Axencia no Contrato de xestión 2021-2024. En 2022 os avances acadados a prol desta meta foron importantes. Así, no relativo á consolidación do funcionamento regular do Departamento de Protección da Calidade Diferenciada, quedou elaborada a maior parte da documentación do sistema de certificación así como de supervisión dos organismos con delegación de tarefas e mesmo boa parte dela xa se aprobou e avanza notablemente no desenvolvemento da aplicación que vai servir para a xestión da actividade do departamento. En particular, quedou finalizado o desenvolvemento do módulo relativo á xestión da Artesanía alimentaria.



Por outra parte, ao finalizar o ano estaba xa practicamente culminada a redacción do Anteproxecto de lei da calidade alimentaria, peza clave para acadar o obxectivo marcado de modificar o sistema de xestión das indicacións xeográficas. Esta tarefa xa se dera por concluída no ano anterior e neste ano 2022 o que se fixo foi ir adaptando o texto aos diferentes informes e achegas recibidas. A previsión é que en 2023 o texto entre no Parlamento para a súa discusión. Ademais, en liña coa nova orientación que se pretende dar ao dito sistema de xestión, elaborouse e aprobouse unha orde que modificou o cadro de prezos privados da Axencia a aplicar pola prestación dos servizos de xestión e certificación das figuras de calidade alimentaria.

Á espera dunha reformulación das axudas para o gasto corrente dos consellos reguladores -que terá que vir logo da aprobación da dita lei e do regulamento que a desenvolva-, no ano 2022 fíxose unha xestión de continuidade destas axudas.

Por outra parte, a actividade de certificación da calidade alimentaria do Departamento de Protección da Calidade Alimentaria cubriu as previsións e os obxectivos fixados.

Promoción da calidade alimentaria

Avaliación da execución

A área de promoción da calidade alimentaria integra trinta e unha (31) tarefas en seis (6) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
B1	5	3	64
B2	7	4	63
B3	8	5	76
B4	4	3	45
B5	5	3	45
B6	2	2	15

Considerando que o cadro de mando prevía para 2022 un desenvolvemento global en torno ao 51 % das tarefas, debemos concluír unha evolución razoable. O obxectivo B6 ten unha vinculación directa coa área de investigación, na que constan diferentes liñas de traballo asociadas coa multiplicación e reprodución de sementes autóctonas, polo que, probablemente debería reconsiderarse a pertinencia deste obxectivo na área de promoción.



En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de promoción da calidade alimentaria estímase no 50 %. Descontado o obxectivo B6, o grao de desenvolvemento acadado é do 58 %.

Análise de resultados

No ano 2022, unha vez que se foron superando as restricións da actividade económica e da interacción social a que obrigou a pandemia da Covid 19, foise recuperando a normalidade na actividade feiral e na programación de eventos promocionais, ata o punto de que poderíamos dicir que neste ámbito recuperáronse as cifras de participación prepandémicas. Parece que había especial interese en retomar esa normalidade de forma acelerada e neste ano programáronse unha gran diversidade de eventos, mesmo se celebraron algúns que teoricamente non correspondería por ser de carácter bianual, pero os organizadores quixeron programalos para tratar de recuperar o tempo perdido. Esta acumulación de eventos fixo que a actividade da Axencia neste ámbito fose especialmente intensa, e tamén que o gasto no que se incorreu fose máis elevado do habitual.

Por outra parte, o ano 2022 foi o da posta en marcha da artesanía alimentaria. A aprobación das primeiras normas técnicas permitiu abrir o rexistro e comezar a inscribir as primeiras empresas artesanais e a outorgar as primeiras cartas de artesás e artesáns.

O ano 2022 foi tamén o ano do lanzamento ao mercado da IXP Pan Galego. Aínda que a 31 de decembro o número de persoas operadoras inscritas non era moi elevado, confiamos en que nos anos sucesivos esta indicación xeográfica protexida acadará o desenvolvemento que potencialmente ten. Tamén foi este o ano de inicio da actividade da IXP Terras do Navia, grazas á activación do mecanismo de protección nacional transitoria que se impulsou dende a Axencia mentres non se producía a inscrición definitiva desta indicación xeográfica no rexistro comunitario.

Por outra parte, no ano 2022 traballouse intensamente na nova web promocional "Experiencias de calidade" incorporando moitos máis contidos e mesmo un market place que permite ás persoas consumidoras adquirir os diferentes produtos de calidade de Galicia directamente dende os seus produtores. Este canal de vendas on-line presentouse en xullo de 2022 no marco da entrega de premios das Catas dos viños e augardentes e licores, evento que, como cada ano, organizou a Consellería do Medio Rural a través da Axencia.

Para rematar, as liñas de axuda, tanto para apoiar os gastos de pertenza ás denominacións de calidade das persoas titulares das explotacións agrarias (estímulo da oferta) como as dirixidas á promoción dos produtos de calidade entre as persoas consumidoras (estímulo da demanda), xestionáronse con normalidade acadando uns valores dentro do previsto.



Investigación

A xestión en materia de investigación permitiu o mantemento de todas as actividades de I+D+i comprometidas e a participación en convocatorias de concorrncia competitiva que supuxo unha captación de proxectos en todas as áreas de traballo.

A posta en funcionamento das listas de contratación AGACAL, acompañado da captación de recursos e a activación de liñas de financiación tanto autonómicas, ligadas ao PDR, como de proxectos europeos está a supoñer un revulsivo cuxos efectos deberán palpase durante a anualidade 2023. A tramitación e publicación do decreto de investigadores prevista para o primeiro semestre do 2023 deberá permitir a adecuación da estrutura da relación de postos de traballo das unidades da Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria, permitindo a cobertura das prazas de persoal investigador especializado conforme ás liñas de investigación dispostas no contrato de xestión 2121-2024.

As novas submedidas do PDR que comezaron a ser xestionadas no ano 2022 pola AGACAL (10.23 de Conservación de recursos xenéticos na agricultura, 15.21 de Conservación de recursos xenéticos en silvicultura), así como a disposición orzamentaria para o desenvolvemento de proxectos de interese estratéxico para o sector agrícola, gandeiro, forestal e da industria agroalimentaria, e polo tanto para a Consellería do Medio Rural, e a existencia dun persoal investigador e técnico de investigación especialmente comprometido, permite albiscar o esperado fortalecemento da I+D+i emanada dos OPIS AGACAL.

Durante o 2023 asistírase á resolución de problemas enquistados como o desenvolvemento da lexislación axeitada para dar cobertura ao desenvolvemento dos postos adscritos a persoal investigador e técnicos de investigación que permitan a regularización da OPE nos OPIS da Consellería do Medio Rural e a cobertura con persoal especialista que finalmente suporá a remuda e continuidade das liñas de investigación que actualmente consta con medios humanos de elevada media de idade. É primordial a súa posta en funcionamento para a contratación de persoal investigador e técnico de investigación estable, ademais do ligado aos proxectos de investigación e os incrementos de carga de traballo transitoria. As peculiaridades da I+D+i agraria desenvolvida polos OPIS AGACAL, supón un elemento diferencial dentro da Xunta de Galicia que deberá ter o axeitado tratamento e acomodo polos órganos competentes da Xunta en materia de contratación, tendo en conta a especial habilitación e consideración para estas peculiaridades que a normativa vixente nesta materia ten en consideración para o ámbito da investigación.

O reforzo da masa crítica de persoal investigador e técnico de investigación de todas as liñas de investigación existentes e as de nova creación é un elemento angular



irrenunciabile para a consecución de todos e cada un dos obxectivos e indicadores do contrato de xestión deseñado e aprobado para AGACAL 2021-2024. Para elo, unido a todo o anterior, deberán eliminarse ou suavizarse as trabas burocráticas existentes na contratación de persoal, tanto estrutural como ligado a proxectos e, na medida do posible, automatizar todo tipo de procesos.

A aposta decidida pola I+D+i agraria nun contexto especialmente complicado polos acontecementos recentes significará a redución da dependencia de produtos foráneos, a capacidade de auto abastecemento de materias primas para alimentación humana e animal, o incremento da competitividade e a profesionalización do ámbito agrario para garantir a capacidade de autosuficiencia, de exportación, e de xeración de valor engadido nun contexto de mitigación do cambio climático e de economía do carbono.

Investigación agropecuaria

Avaliación da execución

A área de investigación agropecuaria integra sesenta e unha (61) tarefas en dez (10) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
C1	5	3	50
C2	8	6	60
C3	2	2	50
C4	22	13	47
C5	5	3	56
C6	2	2	66
C7	2	2	75
C8	5	3	44
C9	1	1	50
C10	2	2	30

Todos os obxectivos están en proceso. Considerando que o cadro de mando prevía para 2022 unha porcentaxe de execución dun 44 % das tarefas programadas, debemos concluír un desenvolvemento razoable. Compre asumir que os proxectos en materia de investigación non garanten a obtención de resultados de xeito automático, aínda que se poñan os medios adecuados para conseguilos.

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de investigación agropecuaria estímase no 53 %.



Análise de resultados

A execución das actividades de investigación agropecuaria durante o ano 2022 considérase positiva. Dos 38 proxectos de I+D+i en execución, 14 deles remataron ao longo do ano con resultados positivos tanto en termos de retorno científico para a entidade como de transferencia de resultados ao sector. As 28 accións do Plan de Transferencia obtiveron un grande impacto no sector.

Ao longo do ano conseguiuase o obxectivo de incrementar o número de persoal investigador, coa contratación de seis investigadores doutores con cargo a proxectos. Isto supón un fito importante para tratar de paliar o envellecemento da plantilla.

Investigación forestal

Avaliación da execución

A área de investigación forestal integra once (11) tarefas en catro (4) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
D1	6	4	46
D2	2	2	12
D3	1	1	50
D4	2	2	68

Cos datos rexistrados ningún dos obxectivos da área estarían completados, aínda que todos están en proceso. Considerando que o cadro de mando prevía para 2022 un grao de execución do 45 %, debemos concluír un desenvolvemento adecuado. Compre asumir que os proxectos en materia de investigación non garanten a obtención de resultados de xeito automático, aínda que se poñan os medios adecuados para conseguilos.

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de investigación forestal estímase no 44 %.

Análise de resultados

Os obxectivos dos programas indicados (D11 a D42) pretenden por unha banda xestionar e conservar os materiais e os coñecementos forestais logrados, e por outra establecer as liñas de investigación e innovación que necesita o sector forestal compatibilizándoas coa conservación do medio natural, co fin de desenvolver proxectos de interese para o sector, ademais de establecer procedementos para a transferencia e divulgación dos resultados.



O cumprimento dos obxectivos debe superar as dificultades engadidas derivadas do difícil acceso á financiación da I+D+I, a rixidez administrativa para adaptarse ás necesidades de tramitación da investigación aplicada, a menor competitividade do sector forestal, a existencia de equipos de investigación reducidos con insuficiente masa crítica de investigadores e a necesidade dun urxente relevo xeracional na estrutura investigadora e auxiliar do CIF Lourizán.

Investigación en materia de viticultura e enoloxía

Avaliación da execución

A área de investigación en materia de viticultura e enoloxía integra once (11) tarefas en catro (4) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
E1	5	3	38
E2	4	3	37
E3	5	3	21
E4	5	3	36

Cos datos rexistrados ningún dos obxectivos da área estarían conseguidos, aínda que todos están en proceso. En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de investigación en materia de viticultura e enoloxía estímase no 33 %. Considerando que o cadro de mando prevía para 2022 un grao de execución do 61 %, é evidente que o ritmo de execución está por debaixo do esperado.

Análise de resultados

Obsérvase un desenvolvemento parello en todos os obxectivos, consonte á previsión establecida no Contrato de xestión, pero cun menor ritmo do esperado. As incorporacións de persoal en 2022 deberían fundamentar un incremento no ritmo de xestión en 2023. A expectativa de cumprimento de obxectivos enténdese aínda factible, pero será necesario activar as medidas de impulso precisas.

Transferencia de coñecementos

Avaliación da execución



A área de transferencia de coñecementos integra once (11) tarefas en seis (6) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
F1	2	2	50
F2	1	1	0
F3	2	2	90
F4	2	2	12
F5	3	2	35
F6	1	1	29

Cos datos rexistrados so o obxectivo F3 estarían cuberto. En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de transferencia de coñecementos no 34 %. Considerando que o cadro de mando prevía unha execución no 2022 en torno ao 45 % das tarefas enténdese que o desenvolvemento vai por debaixo da previsión.

Análise de resultados

A transferencia de coñecementos é unha das apostas máis decididas para facer chegar a información ao sector. Se teñen iniciado os estudos de necesidades de transferencia por comarcas, pero o feito de que AGACAL non teña axentes no territorio nin se teña nomeados efectivos que canalicen todo o esforzo de servicios centrais da AGACAL ás Oficinas Comarcais, Xefaturas Territoriais e demais departamentos da Consellería, fai que o resultado da transferencia dependan da actitude dos efectivos e da implicación persoal.

Por outra banda, a insuficiencia de medios humanos impediu a activación da submedida de intercambios e visitas (1.30) durante o ano 2022, persistindo as dificultades xa enunciadas no 2021.

A mellora das condicións de transferencia de coñecementos e de material de recursos fitoxenéticos a producións de calidade e canles comerciais dependerá do reforzo das capacidades ligadas ás actividades de conservación, mellora, multiplicación, bancos de recursos fitoxenéticos e da capacidade para activar definitivamente durante o ano 2023 as submedidas 10.23 e 15.21 de conservación de recursos xenéticos na agricultura e na silvicultura, así como a posibilidade de establecer programas formativos competitivos e acordos ao previsto no programa de xestión.

Capacidade analítica

Avaliación da execución



A área de capacidade analítica integra trece (13) tarefas en dous (2) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
G1	5	3	40
G2	8	5	12

Cos datos rexistrados ningún dos obxectivos da área estarían completos, aínda que todos están en proceso. Considerando que o cadro de mando previa para 2022 o desenvolvemento de dúas tarefas no obxectivo G1, debemos esperar un incremento no ritmo de desenvolvemento.

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de capacidade analítica estímase no 26 %.

Análise de resultados

Aínda que neste ámbito non diminuíu a actividade, é preciso continuar na mellora das técnicas, na adquisición das acreditación precisas para dar un servizo analítico eficaz e preciso, na renovación e mellora do equipamento analítico e na dotación de todas as prazas de RPT. Neste senso, compre subliñar a incorporación en 2022 de novos equipos analíticos tanto no LAFIGA como na EVEGA.

Formación

Avaliación da execución

A área de formación integra vinte (20) tarefas en cinco (5) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
H1	4	3	25
H2	5	3	80
H3	3	2	33
H4	4	3	75
H5	4	3	25

Cos datos rexistrados so o obxectivo H4 estaría cumprido, aínda que todos están en proceso. Considerando que o cadro de mando previa para 2022 un grao de desenvolvemento do 35 %, debemos concluir unha progresión razoable da área, aínda que persisten elementos, especialmente relacionados coa dispoñibilidade de persoal, que



dificultan a consecución de resultados. En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de formación estímase no 47,7 %.

Análise de resultados

En materia de oferta formativa continúa a consolidación dos ciclos de formación regrada con menor demanda. Os esforzos focalizáronse especialmente no Ciclo Medio de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural do CFEA de Pedro Murias, onde se imparte na modalidade dual. As accións abordadas procuraron fundamentalmente a captación de alumnos e o establecemento de relacións cooperativas con empresas do sector forestal. Isto último é imprescindible para a realización, por parte do alumno, da formación teórica e práctica obrigatoria para a obtención do título oficial correspondente. Incorporáronse empresas moi relevantes ao proxecto de desenvolvemento do curso académico 2022/2023 e 2023/2024, como SEAGA e TRAGSA. Estas empresas acollerán alumnos para a realización da formación teórica e práctica na empresa. A súa participación é estratéxica e permite aumentar o interese do alumnado á hora de escoller o CFEA Pedro Murias, como centro para realizar a súa formación. Neste senso, cabe sinalar non so o incremento acadado de alumnos matriculados no centro, (cubrironse 12 das 15 prazas ofertadas) senón que o perfil e interese do alumnado que escolleu este ciclo, difire en grande medida do matriculado en anos anteriores. Isto foi posible gracias a grande labor de divulgación a través de actividades no propio centro como, por exemplo, a realización de xornadas de portas abertas, asistencia a feiras de interese como Galiforest, visitas a institutos e Concellos presentando as actividades desenvolvidas no centro, ou a colocación dunha valla publicitaria e elaboración de dípticos que permitiron dar a coñecer a oferta formativa do centro. Todas estas actividades desenvolvéronse gracias a estreita colaboración entre o persoal do centro e SSCC.

Ademais, co ánimo de incrementar a oferta formativa e adaptarse a nova estratexia que da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades iniciáronse diferentes xestións e conversas dirixidas a impulsar a implantación de 3 novos ciclos de FP Dual nos centros de Guísamo, Sergude e Pedro Murias: gandaría e asistencia en sanidade animal; xardinería e floraría; e produción agro ecolóxica.

Gran parte dos esforzos do Departamento de Formación centráronse no progreso da sistematización da inscrición de entidades colaboradoras no rexistro da Consellería do Medio Rural, a homologación de actividades de formación continua e transferencia tecnolóxica e a expedición de certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración pública. O departamento tramitou durante o ano 2022 a expedición de 5.400 carnés profesionais de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios, máis de 650 certificados e acreditacións en materia de benestar animal, preto dos 400 certificados en materia de experimentación animal e máis de 500 certificados relativos a actividades formativas realizadas ou impartidas no ano en curso e precedentes.



Tramitáronse ademais un total de 120 autorizacións anuais para impartir cursos en materia fitosanitaria e de Incorporación á Empresa Agraria e xestionáronse máis de 100 cursos realizados polas entidades colaboradoras.

Doutra, comezou a recepción das mais de 1.300 solicitudes previstas para a emisión das certificacións de mantemento das capacitacións en materia de experimentación animal, cuxa validez expira o 02.04.2023. A tramitación dos expedientes esixe unha revisión da adecuación á estándares dos contidos da documentación achegada cun importante grao de complexidade. Isto fixo necesario o establecemento de criterios obxectivos que permitisen tramitar os expedientes coa maior coherencia posible, dada a diversidade de actividades a valorar coa finalidade de garantir unha avaliación equitativa das diferentes accións achegadas polas persoas interesadas xunto coas súas solicitudes. Ademais puxéronse a disposición dos interesados formularios tipo que permitisen unificar, na medida do posible, as solicitudes e o cumprimento dos requirimentos esixidos na normativa de aplicación, reducindo, ao mesmo tempo a necesidade de requirimentos de emenda

Cabe salientar que durante o ano 2022, un total de 1.305 persoas realizaron as probas de aptitude previas á obtención da habilitación para o exercicio da actividade profesional no sector primario nos centros da AGACAL. Con esta actuación, acádase o obxectivo de garantir a equidade do nivel de esixencia da proba de avaliación, independentemente da entidade de formación escollida polo alumno para a realización da acción formativa así como a adquisición duns contidos mínimos por parte dos usuarios. Ademais este esforzo permitiu incrementar ata o 100% o control sobre a realización e supervisión das probas de aptitude. Cómpre lembrar que, ata o 2022, a supervisión destas probas nas accións formativas en materia de benestar animal era inexistente.

Ademais, finalizáronse os traballos encamiñados á posta en marcha na plataforma de teleformación xestionada desde o CFEA de Monforte de Lemos de accións formativas en materia de benestar animal. En concreto, puxéronse en marcha contidos actualizados e adaptados de 3 cursos de formación dirixidos a persoal que traballa en explotacións en xeral, condutores/as e coidadores/as no transporte de animais vivos, e persoal que traballa en explotacións porcinas. Igualmente iniciáronse os traballos para a posta en marcha do curso dirixido a persoal que traballa en explotacións avícolas

Outro aspecto a subliñar é o avance constatado no deseño e arquitectura fundamental da aplicación FOAGRO, para a ampliación do seu uso ao resto de accións formativas esixibles e non esixibles, impartidas tanto polas entidades colaboradoras privadas que estean homologadas, como ás dependentes da Consellería do Medio Rural.



Institucional

Avaliación da execución

A área institucional integra catro (4) tarefas en tres (3) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
I1	2	2	100
I2	1	1	100
I3	1	1	100

Cos datos rexistrados os tres obxectivos estaría completados. Debemos concluír un bo desenvolvemento do Contrato de xestión nesta área.

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área institucional estímase no 100 %.

Análise de resultados

A aprobación do Contrato de Xestión da Axencia para o período 2021-2024 supón a pedra angular do funcionamento regular da Axencia como entidade pública instrumental adscrita á Consellería do Medio Rural. Neste senso, o avance acadado resulta notable. Xunto co Contrato aprobado, a celebración dos Consellos Reitores e a regularización da presentacións de plans e contas anuais e de informes anuais de execución configuran a consolidación da estrutura institucional da Axencia. A publicación da páxina web, prevista contribuirá en gran medida a colocar á Axencia a dispor dos cidadáns.

Económica e patrimonial

Avaliación da execución

A área económica e patrimonial integra nove (9) tarefas en catro (4) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
J1	1	1	0
J2	2	2	100
J3	1	1	100
J4	5	3	52

Cos datos rexistrados os obxectivos J2 e J3 estarían completados, e o J4 en proceso. Considerando que o cadro de mando prevía para 2022 un acumulado dunha tarefa



completada nos obxectivos J2 e J3, e de tres tarefas no J4, debemos concluír un desenvolvemento óptimo do Contrato de xestión nesta área.

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área económica e patrimonial estímase no 63 %, logo de dous anos de execución do Contrato.

Análise de resultados

Constátase unha evolución positiva na xestión económica e patrimonial da Axencia, que se traduce nunha porcentaxe de execución orzamentaria satisfactoria e no cumprimento xeral das obrigas estatutarias. O único, e importante, obxectivo pendente de resolver é a redución do período medio de pago das facturas por debaixo de 10 días. No 2022 avanzouse ata o extremo de chegar a fin de exercicio coa práctica totalidade das facturas derivadas de pagos en firme pagadas. Porén, o importante volume de pagos a xustificar constitúe un elemento de distorsión neste senso. A posta en marcha dunha nova aplicación de xestión económica e administrativa da Axencia, prevista para o terceiro trimestre de 2023, permitirá avanzar na consecución do obxectivo previsto.

Persoal

Avaliación da execución

A área económica e patrimonial integra sete (7) tarefas en dous (2) obxectivos. Consonte á previsión establecida, o grao de cumprimento estímase segundo a seguinte estrutura numérica:

OBXECTIVO	TAREFAS	MÍNIMO	% EXECUCIÓN
K1	6	3	75 %
K2	1	1	25 %

Cos datos rexistrados o obxectivo K1 estaría próximo a fin e o K2 en proceso. Considerando que o cadro de mando prevía para 2022 o desenvolvemento de seis tarefas no obxectivo K1 e unha no K2, debemos concluír un desenvolvemento óptimo do Contrato de xestión nesta área.

En cifras globais, o porcentaxe de execución da área de persoal estímase no 50 %.

Análise de resultados

Aínda que se produciron avances na dotación e xestión do persoal da Axencia, temos que consideralos insuficientes. A modificación da RPT para axustar as necesidades da Axencia coa situación, devén fundamental. Neste eido, a publicación do decreto de investigadores



será un elemento cardinal na ordenación do persoal e, por outra banda, permitirá activar a integración do persoal do INGACAL, cuxa orde está a dispor da Dirección Xeral de Función Pública desde outubro de 2021.

Con respecto ao persoal docente, compre completar o convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Igualmente, compre traballar na definición das funcións do persoal laboral tanto no marco dos centros de investigación como de formación. Resulta evidente a persistencia de desaxustes entre a dotación existente e as necesidades de servizo.



RESUMO EXECUTIVO

Misión

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria nace co fin último de ser o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade e de potenciar a calidade da produción alimentaria galega, concentrando as actividades investigadoras e de desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario e na resposta aos retos científicos e tecnolóxicos aos cales se enfrontan os sectores agroforestal e agroalimentario, vinculados á mellora da súa competitividade. Para transferir adecuadamente o coñecemento acadado á sociedade galega, a Axencia impulsa e coordina a formación profesional en materia agroforestal na Comunidade Autónoma.

Obxectivos básicos

Os obxectivos básicos funcionais da Axencia para o período 2021-2024 definíronse no seu Contrato de xestión, aprobado no Consello da Xunta do 02/12/2021. Son:

- Acadar un sistema eficiente da xestión das figuras de calidade e da súa certificación;
- Mellorar a posición comercial das producións de calidade;
- Mellorar a produción agropecuaria galega en liña coa estratexia europea de investigación en materia agraria;
- Mellora do aproveitamento selvícola e forestal do monte galego;
- Mellora do coñecemento e as posibilidades de desenvolvemento do sector vitivinícola galego;
- Garantir a transferencia efectiva de coñecementos entre a investigación agroforestal e os sectores produtivos;
- Garantir a oferta de servizos técnicos de análises alimentarias e agrarias aos operadores galegos;
- Contribuír á mellora da competitividade e sustentabilidade do sector primario e alimentario galego apoiando a cualificación profesional dos axentes e facilitando o relevo xeracional;


Datos organizativos básicos

Para o cabal desenvolvemento das súas competencias, a Axencia estrutúrase en servizos centrais, seis centros de formación, sete centros de investigación e estacións experimentais e un laboratorio fitopatolóxico, de referencia en Galicia.



Os servizos centrais organízanse en torno a dous órganos executivos, a dirección e a xerencia, e dúas unidades directivas, unha enfocada sobre a calidade alimentaria e outra sobre a formación, innovación e investigación agroforestal.

O esquema organizativo básico é como sigue:



Competencias

Consonte as previsións da súa norma constituínte, a AGACAL ten as seguintes competencias:



En materia de calidade alimentaria:

- Realizar actuacións de control e certificación dos produtos acollidos ás denominacións xeográficas de calidade e ás distintas figuras de protección da calidade alimentaria do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Executar cantos controis se lle encarguen en relación coa calidade e a etiquetaxe dos produtos alimentarios, así como coas condicións das materias primas e a rastrexabilidade da produción alimentaria.
- Promover e defender a calidade dos produtos amparados polas denominacións e indicativos de calidade.
- Realizar estudos e preparación da documentación para o recoñecemento de novas denominacións xeográficas e doutras figuras de protección da calidade que se consideren de interese xeral para a Comunidade Autónoma.
- Prestar todo tipo de servizos de asesoramento e xestión aos consellos reguladores das denominacións xeográficas de calidade e aos órganos de xestión doutras figuras de protección da calidade alimentaria.
- Efectuar, logo da formalización do correspondente acordo, aqueles traballos relacionados coa certificación de produtos que lle sexan solicitados por un consello regulador ou outra entidade titular dunha figura de protección da calidade, como análises fisicoquímicas ou organolépticas, inspeccións e verificacións.
- Actuar como auditor externo dos consellos reguladores e demais entidades xestoras de figuras de calidade dos produtos alimentarios aos cales se refire o artigo 3 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, para os efectos do control oficial da cadea alimentaria en relación cos programas vinculados á calidade diferencial que establece a normativa específica, e actuar como órgano de control das distintas entidades de certificación de produtos alimentarios que operen na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Desempeñar as funcións relacionadas coa xestión en materia da artesanía alimentaria, tales como control do uso do indicativo da artesanía, xestión do rexistro de artesanía alimentaria, comprobación do cumprimento dos requisitos para a obtención da condición de artesán e empresa artesanal, e elaboración das normas técnicas de cada produto derivado da artesanía alimentaria, no marco da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

En materia de investigación:

- Determinar e canalizar as demandas científico-técnicas e analíticas do sector agrario e alimentario de Galicia, tendo en conta as súas necesidades, mediante



procedementos eficaces de participación dos axentes socioeconómicos afectados nas distintas áreas de traballo.

- Impulsar as actividades de I+D+I nos sectores agrario e alimentario de Galicia.
- Asesorar a Consellería do Medio Rural nas funcións de coordinación da investigación en materia agraria.
- Promover e executar os traballos de investigación nas materias agrícolas, gandeiras e forestais, tanto respecto das actividades de produción e transformación como respecto do cumprimento das boas prácticas agrarias e outros requirimentos dos procesos produtivos primarios nas explotacións gandeiras, de mellora xenética e sanidade agrícola, gandeira e forestal, as relativas á conservación dos recursos xenéticos, á ecoloxía e silvicultura das especies forestais, á propagación, prevención e defensa contra os incendios forestais e ao impacto das actividades do sector agrario sobre o medio. Para o cumprimento desta finalidade poderá solicitar recursos materiais e humanos que poidan ser asignados por calquera das administracións públicas no marco de plans de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e innovación.
- Propiciar e facilitar a transferencia e a adopción dos resultados obtidos nas investigacións publicando e divulgando os resultados dos ensaios e proxectos de experimentación así como a dirección e elaboración das estatísticas en materia agraria en coordinación co Instituto Galego de Estatística.
- A través dos seus laboratorios realizará as seguintes funcións:
 1. Atender a demanda de análises químicas de alimentos, bebidas, solos, fertilizantes, augas de rega e produtos de alimentación animal.
 2. Investigar a presenza de residuos de produtos fitosanitarios en alimentos, bebidas e en alimentación animal.
 3. Diagnosticar enfermidades e a presenza de pragas nos cultivos herbáceos, leñosos e forestais.
 4. Realizar análises no ámbito da sanidade vexetal.
 5. Emitir certificados de exportación de bebidas e tamén realizar informes e recomendacións que teñan que ver coas análises realizadas.
 - Fomentar a introdución de sistemas de rastrexabilidade e, en xeral, desenvolver todo tipo de actividades que fagan progresar a tecnoloxía, a calidade e a competitividade do sector agroindustrial galego.
 - Establecer fórmulas específicas de recrutamento, formación e actualización do persoal investigador, nos ámbitos agrario e alimentario, así como as de



intercambio e colaboración con outros centros de investigación rexionais, nacionais e internacionais.

- Participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos fins da Axencia.
- Promover ou participar directamente nas operacións concretas de desenvolvemento nas cales se dean as circunstancias de interese territorial ou estratéxico, insuficiente participación dos axentes socioeconómicos e a necesidade de estruturar ou reestruturar un ámbito produtivo vinculado ao sector alimentario e que lle sexan encomendadas.
- Poñer en valor as distintas actuacións tecnolóxicas e investidoras incluídas nos puntos anteriores ou as que deriven do acervo de coñecementos da Axencia, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación ou comercialización, así como as de participación e implicación dos distintos subsectores nas actuacións propias, sen menoscabo das funcións de divulgación e promoción que neste ámbito poida desenvolver a consellería de adscrición.
- Conservar o patrimonio xenético tradicional de Galicia das especies de produción agroforestal.
- Promover a mellora xenética do material vexetal de produción agroforestal.

Funcións en materia de formación

1. Desenvolver, mediante as fórmulas adecuadas de divulgación, as distintas actuacións tecnolóxicas e investigadoras incluídas nos artigos anteriores.
2. Programar a formación agraria, nos seus aspectos de ensinanzas regradas e non regradas, tanto das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras como das súas asociacións e agrupacións, así como daquelas persoas que queiran acceder no futuro á titularidade ou xerencia de calquera explotación agraria ou forestal.
3. Coordinar os centros de formación e experimentación agraria.
4. Coordinar e facer o seguimento dos cursos de formación realizados no ámbito agrario.

Recursos humanos


A 31/12/2021 o rol de persoal da Axencia conta con 349 postos, segundo a seguinte distribución:

Funcionarios de carreira	126
Funcionarios interinos	60




Laborais fixos	120
Laborais temporais	40
Indefinidos	12
Alto cargo	1

Desta relación están ocupadas 148 prazas de funcionario e 137 de laborais, o que representa unha porcentaxe total de ocupación do 79 %. Por outra parte, das 186 prazas de funcionarios, so 73 están asignadas en propiedade (10 sen ocupar) fronte a 113 con asignación non definitiva (28 sen ocupar). En relación coas prazas de persoal laboral, 84 están asignadas en propiedade (7 sen ocupar) fronte a 88 con asignación non definitiva (28 sen ocupar). Esta situación é consecuencia da recente aprobación da RPT da Axencia, sen que as prazas creadas tivesen ocasión de saíren a concurso. En todo caso, as cifras reflicten unha situación de provisionalidade que deberá resolverse nos procesos de estabilización iniciados a finais de 2022.



Orzamento



O 36 % do orzamento da Axencia ocúpase na cobertura de gastos de persoal e funcionamento propio. O 64 % restante asígnase a investimento e transferencias correntes e de capital. Esta distribución reduce en catro puntos o peso dos gastos de funcionamento da Axencia en relación co orzamento 2021, o que sen dúbida é un índice de mellora na eficiencia na xestión, que non se deriva da redución do persoal senón do incremento da capacidade de xestión.



Datos xerais de actividade

Certificación e protección da calidade alimentaria

A mellora da xestión das figuras de protección da calidade e a consecución dun sistema de certificación eficiente é unha das metas que se recollen para a Axencia no Contrato de xestión 2021-2024. En 2022 os avances acadados a prol desta meta foron importantes. O cadro seguinte amosa un estado da situación global do sector.

2021	Produtor es	Industrias inscritas	Sup inscrita (ha)	Sup plantada (ha)	Volumen cualificado comercializado	Valor* (€)
D.O. Monterrei (hl)	365	27	657,0	657,0	44.537,25	21.110.657,00
D.O. Rías Baixas (hl)	5.046	178	4.184,2	4.184,2	275.465,31	196.131.300,00
D.O. Ribeira Sacra (hl)	2.291	98	1.276	1.276	37.332,21	20.881.545,00
D.O. Ribeiro (hl)	1.667	98	1.293,0	1.158	80.826,77	32.322.625,32
D.O. Valdeorras (hl)	1.042	43	1.113,0	974	38.937,20	25.958.132,00
I.X.P. Barbanza e Iria (hl)	12	5		8,6	340,01	136.004,00
I.X.P. Betanzos (hl)	8	6	6,5	6,5	55,60	22.240,00
I.X.P. Ribeiras do Morrazo (hl)	21	5		7,7	254,20	101.680,00
I.X.P. Val do Miño-Ourense (hl)	6	3		10,4	217,05	86.820,00
Viños						296.751.003,32
I.X. Augardente de Galicia / Orujo de Galicia (l)					84.316,00	1.013.092,00
I.X. Augardente de Herbas de Galicia (l)					7.725,00	92.700,00
I.X. Licor Café de Galicia (l)	134	31		Embotelladores: 42	174.714,00	1.921.854,00
I.X. Licor de Herbas de Galicia (l)					154.162,00	1.695.782,00
Licores						4.723.428,00
I.X.P. Castaña de Galicia (kg)	169	16	1.370,6		28.655,00	233.385,00
I.X.P. Faba de Lourenzá (kg)	37	8	133,8	37,8	21.436,00	192.924,00
I.X.P. Grelas de Galicia (kg)	173	9	636,5	95,4	364.203,59	722.540,58
I.X.P. Pataca de Galicia (kg)	99	12	3.369	661,1	6.194.564,00	3.097.282,00
D.O.P. Pemento de Herbón (kg)	26	8	22,5	5,5	90.925,00	363.700,00
I.X.P. Pemento da Arnoia (kg)	20	1	3,6	0,470	4.685,00	7.027,50
I.X.P. Pemento de Mougán (kg)	8	5	5,1	0,14	595,00	2.380,00
I.X.P. Pemento de Oimbra (kg)	13	2	14,5	0,90	10.730,00	13.949,00
I.X.P. Pemento do Couto (kg)	23	4	4,0	1,24	29.943,00	89.829,00
Prod vexetais						4.723.017,08
I.X.P. Ternera Gallega (tm)	8.488	99			23.695,00	137.000.000,00
I.X.P. Vaca e Boi Galego (tm)	441	40			268,00	1.200.000,00
I.X.P. Lacón Gallego (kg)	191	15			10.228,00	69.550,00
Carnes						138.269.550,00
D.O.P. Arzúa-Ulloa (kg)	1.548	18			3.762.623,00	22.608.095,00
D.O.P. Cebreiro (kg)	9	3			52.580,00	580.322,00
D.O.P. San Simón da Costa (kg)	380	9			593.886,95	4.157.209,00
D.O.P. Queixo Tetilla (kg)	1.303	30			1.821.925,00	10.931.550,00
I.X.P. Mel de Galicia (kg)	285	37			221.754,00	1.774.031,00
Queixos e meles						40.051.207,00
I.X.P. Tarta de Santiago (kg)		9			65.474,91	589.274,19
I.X.P. Pan de Cea (kg)		13			412.370,00	1.113.399,00
Panadería e repostería						1.702.673,19
TOTAL sen A Ecolóxica						486.220.878,59
Agricultura Ecolóxica	899	273	32.208,98			112.981.893,00
TOTAL	24.704	1.105	46.298,6		14.609.424,05	599.202.771,59

Durante 2022 avanzouse substancialmente na redacción do anteproxecto de Lei da Calidade Alimentaria, de previsible aprobación no 2023, chamado a ser o elemento angular do futuro da protección e promoción da calidade alimentaria en Galicia.

Un dos labores fundamentais da Área de Calidade Alimentaria da axencia é a realización do control oficial do cumprimento por parte dos operadores da normativa específica das diferentes figuras de protección da calidade, tanto denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas como os produtos da agricultura ecolóxica. Para a realización destes labores danse dúas situacións. Así, para as figuras de protección da calidade



diferenciada que non contan cun consello regulador capacitado para facer o labor de control, é a propia Axencia Galega da Calidade Alimentaria a que fai directamente o control do cumprimento da normativa específica da figura de calidade, mediante auditorías ou outro tipo de actuacións de comprobación. Na realización destas auditorías utilízase toda a información dispoñible: declaracións dos operadores, verificacións en rexistros oficiais, visitas de control e auditorías anteriores, etc. Ademais, infórmase aos operadores sobre as súas obrigas con relación á figura de protección da calidade diferenciada á que pertencen así como dos resultados das auditorías e controis realizados. As non conformidades detectadas se poñen en coñecemento do operador para que estableza e aplique as medidas correctivas que sexan precisas para solucionar o incumprimento.

Figura de calidade	Controis a produtores	Controis a elaboradores	Controis a outros operadores	Total controis
IXP Val do Miño-Ourense		2		2
IXP Betanzos		4		4
IXP Barbanza e Iria		5		5
IXP Ribeiras do Morrazo		3		3
Aguardentes e licores tradicionais de Galicia (4)		9	1	10
IXP Faba de Lourenzá	6	6		12
IXP Castaña de Galicia	5	5		10
DOP Pemento de Herbón	6	9		15
IXP Pemento do Couto	2	4		6
IXP Pemento da Arnoia	1	1		2
IXP Pemento de Oímbra	1	2		3
IXP Pemento de Mougán	1	4		5
IXP Grelos de Galicia	19	1	1	21
IXP Tarta de Santiago		9		9
IXP Pan de Cea		13		13
IXP Pan Galego	14	2	2	18
IXP Lacón Gallego		1	1	2
DOP Cebreiro		2		2
DOP San Simón da Costa		9		9
DOP Arzúa-Ulloa	4	16		20
Total	59	107	5	171

Así mesmo, consonte a normativa vixente, os consellos reguladores teñen entre as súas funcións a de xestionar a correspondente denominación de orixe ou indicación xeográfica. Porén, moitos dos consellos reguladores existentes non teñen unha estrutura de persoal propia para a realización destas tarefas, que por outra parte son de carácter especializado e precisan persoal adecuadamente formado para a súa execución. Por iso, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria presta os seus servizos a estes consellos reguladores para o desenvolvemento destas tarefas. Durante o ano 2022, dende a axencia prestouse o servizo de xestión aos 10 consellos reguladores que se recollen na seguinte lista:

- CR IXP Faba de Lourenzá
- CR DOP Pemento de Herbón



- CR IXP Pemento do Couto
- CR IXP Pemento da Arnoia
- CR IXP Pemento de Oímbra
- CR IXP Pemento de Mougán
- CR IXP Grelos de Galicia
- CR IXP Tarta de Santiago
- CR IXP Lacón Gallego
- CR IXP Pan Galego

En canto ao réxime de axudas, á espera dunha reformulación do modelo para o gasto corrente dos consellos reguladores -que terá que vir logo da aprobación da dita lei e do regulamento que a desenvolva-, no ano 2022 fíxose unha xestión de continuidade destas axudas.

CONSELLO REGULADOR	APROBADO (€)
CR IIX AUGARDENTES E LTG	28.375
C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA	28.375
C.R.I.X.P. CASTAÑA DE GALICIA	28.375
C.R.D.O.P. CEBREIRO	28.375
CRAEGA	28.375
C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA	28.375
C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA	28.375
C.R.I.X.P. CARNE DE VACUN DE GALICIA	28.375
C.R.D.O.P. ARZUA-ULLOA	28.375
C.R.D.O. RIBEIRA SACRA	28.375
C.R.D.O. RIBEIRO	28.375
C.R.D.O. VALDEORRAS	28.375
C.R.I.X.P. GRELOS DE GALICIA	28.375
C.R.I.X.P. PAN DE CEA	28.375
C.R.D.O. MONTERREI	28.375
C.R.D.O.P. SAN SIMON DA COSTA	28.375
C.R.I.X.P. FABA DE LOURENZA	10.250
C.R.D.O.P. PEMENTO DE HERBON	10.250
C.R.I.X.P. LACÓN GALLEGO	10.250
C.R.I.X.P. TARTA DE SANTIAGO	20.250
C.R.I.X.P. PEMENTO DO COUTO	7.000
C.R.I.X.P. PEMENTO DA ARNOIA	7.000
C.R.I.X.P. PEMENTO DE MOUGAN	7.000
C.R.I.X.P. PEMENTO DE OIMBRA	7.000
C.R.I.X.P. PAN GALEGO	7.000
TOTAL 2022	540.000

Axudas para gastos de funcionamento dos consellos reguladores

Doutra, a Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega atribúelles a os consellos reguladores a xestión da respectiva denominación xeográfica, o que supón a realización de diversas funcións, entre as que están a de velar polo prestixio da denominación e polo cumprimento das súas disposicións normativas e aplicar, de ser o caso, os sistemas de control necesarios para garantir a calidade e a orixe dos produtos certificados. Para colaborar co financiamento destas funcións, anualmente publícase unha liña de axudas dotada con fondos propios, á que concorren os consellos reguladores que



executan actividades de control. A convocatoria 2022 tivo unha dotación orzamentaria de trescentos corenta mil euros (340.000 €). Na seguinte táboa recóllense os datos máis salientables da xestión destas axudas.

SOLICITANTE	Subvención Aprobada	Subvención pagada
CRAEGA	49.532,79	49.532,79
CRDO MONTERREI	27.532,79	27.532,79
CRDO RÍAS BAIXAS	27.532,79	27.008,41
CRDO RIBEIRA SACRA	27.532,79	27.532,79
CRDO RIBEIRO	27.532,79	27.532,79
CRDO VALDEORRAS	32.032,79	32.032,79
CRDOP ARZÚA-ULLOA	5.972,85	4.883,35
CRDOP CEBREIRO	308,95	308,95
CRDOP QUEIXO TETILLA	27.532,79	27.532,79
CRDOP SAN SIMÓN DA COSTA	2.459,14	2.459,14
CR IIXX AUGARDENTES E LTG	18.532,79	18.532,79
CRIXP. CASTAÑA DE GALICIA	2.008,16	2.008,16
CRIXP MEL DE GALICIA	26.032,79	26.032,79
CRIXP PAN DE CEA	1.390,26	1.390,26
CRIXP PATACA DE GALICIA	36.532,79	36.532,79
CRIXP CARNE DE VACUN DE GALICIA	27.532,74	27.532,74
TOTAL	340.000,00	338.386,12

Axudas para programas de calidade



Igualmente importante foron os traballos emprendidos no 2022 en relación coa renovación dos cadros directivos dos consellos reguladores, proceso que remata no 2023 coa celebración dos procesos electivos.

Por último, como é habitual, ao final de cada campaña vitivinícola realízase un informe de vendima das cinco denominacións de orixe galegas, ademais, faise unha análise da evolución da produción de uva nas distintas denominacións de orixe, así como a distribución varietal, relátanse os problemas que se deron na campaña e faise unha valoración xeral da mesma.

Como resumo da vendima de 2022 podemos dicir que no conxunto das cinco denominacións de orixe galegas recolléronse un total de 70.204.506 kg de uva, dos que 59.734.028 kg (85 %) foron de uva branca e 10.470.478 kg (15 %) de tinta. Estamos ante a segunda colleita máis abundosa do decenio. A cantidade de uva recollida descende lixeiramente respecto da pasada campaña pero supera nun 12% a media do decenio 2013-2022.



Por denominacións de orixe, Ribeiro e Monterrei aumentaron a produción respecto da pasada campaña, Rías Baixas e Valdeorras diminuíron un pouco e Ribeira Sacra tivo unha colleita moi similar.



Promoción da calidade alimentaria


A promoción da calidade alimentaria diferenciada no ámbito galego artéllase co obxectivo último da mellora das perspectivas económicas dos produtores. A tal fin, desenvólvese



unha tripla de orientacións: impulsar as figuras de calidade recoñecidas, accións de mercado e incrementar o número de operadores.

Impulso ás figuras de calidade

A prol de incrementar o grao de coñecemento das DOP/IXP/AE galegas, a web "Experiencias de calidade" transformouse a finais de 2021 para incorporar a posibilidade de venda directa on line entre consumidor e produtor. Malia o seu carácter esencialmente promocional, a web así concibida actúa como unha importante ferramenta de impulso a todas as figuras de calidade alimentaria.



Utilizaron a web preto de 8.000 usuarios, que realizaron máis de 10.000 visitas. Coa expectativa dun incremento notable da actividade, mantense ao longo do exercicio un continuo desenvolvemento tanto da área promocional como na de venda, incrementando os contidos dispoñibles e mellorando as condicións de acceso, control e servizo desde a



plataforma. Trabállase co obxectivo de adaptar a capacidade da web á demanda de uso que se prevé en 2023, logo da emisión das campañas de promoción específicas en preparación.

Así mesmo, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022 as redes sociais da Axencia Galega da Calidade Alimentaria experimentaron un amplo avance. A súa comunidade aumentou nun 65,9%, mentres que as persoas alcanzadas aumentaron un 79,2% e as visualizacións nun 95,8%. As persoas que maioritariamente seguen os contidos da Axencia nas redes son mulleres de entre 35 e 54 anos, que viven nas grandes cidades galegas e nas súas contornas.

Métrica	31/12/2020	31/12/2021	31/12/2022	% Var. 22-20
Comunidade	1.866 seguidores	4.035 seguidores	5.848 seguidores	213 %
Alcance posts	98.044 persoas	423.069 persoas	943.163 persoas	862 %
Visualizacións posts	114.759 impresións	426.761 impresións	698.350 impresións	509 %

Outras medidas de impulsión son as accións formativas dirixidas tanto ao público xeral como a aqueles colectivos que sexan de especial interese (alumnos de escolas de hostalería, responsables de comedores escolares, prescritores e periodistas especializados, influencers, etc.). En concreto, en 2022, realizáronse as seguintes:

- Campaña Come local (1 de febreiro ao 30 de xuño), para promocionar o produto certificado de proximidade na rede de comedores escolares.

Co mesmo fin de impulsión, a Axencia participou en actividades promocionais de carácter institucional. En concreto:

- Revera Vinum, I Encontro do Viño Galego (Santiago, 22-24 de marzo)
- Galicia Market Place (Vigo, 29 de abril)
- Lucus in vino veritas (Lugo, 20-21 de maio)
- Festival Portamérica (Caldas de Reis, 2-4 de xuño)
- III Encontro de Axentes Socioeducativos (Santiago de Compostela, 15 de xuño)
- Foro Galis (Santiago de Compostela, 17 de xuño)
- Festival da Luz (Boimorto- A Coruña, 27-28 de agosto)
- Catas de Galicia no Circuito Golf Tur43 España Verde (Oviedo, Álava, A Coruña, Lisboa e Santiago)
- Foro de Presidentes de Academias de Gastronomía (Santiago de Compostela, 22 de outubro)
- L de Lugo (27 a 29 de novembro)
- II Mostra Galicia Etiqueta Calidade (Hotel Monumento San Francisco, Santiago de Compostela, 26 a 28 de outubro)



De especial significación é a celebración das Catas-concurso de Galicia:

Catas dos viños e augardentes e licores tradicionais de Galicia (Hotel Quinta da Auga, Santiago de Compostela, 6-10 de xuño)

As Catas de Galicia xa se converteron nun evento referente anual no mundo do viño e os destilados en Galicia. Son xa máis de 30 anos no caso dos viños e máis de 20 para as augardentes seleccionando e dando a coñecer o mellor das adegas galegas cada ano. Co aumento do número de categorías nos últimos anos, incluíndo nas catas os viños de colleitas anteriores, variedades senlleiras, espumosos, ecolóxicos, etc. e incluso nesta edición coa nova categoría de deseño, estamos dando unha resposta moi satisfactoria ás demandas dos adegueiros para que os premios sexan o máis representativos posibles do dinamismo, diversificación e excelencia dos seus produtos. Proba disto é que o número de inscritos nas catas non deixa de medrar cada edición así como o interese polos premiados e o seu prestixio.

Cata dos queixos e dos meles de Galicia (Santiago de Compostela, 23 a 25 de novembro)

Ao igual que as catas dos viños e augardentes, estas catas de queixos e meles xa forman parte do calendario de eventos de promoción dos produtos galegos de calidade coma un certame imprescindible na valoración e promoción do bo facer dos nosos queixeiros e produtores de mel de calidade. A rigorosidade do proceso, a escolla dos xurados de cata e o sistema recollida de mostras está fóra de toda dúbida e fai que o certame conte cun gran prestixio e que os gañadores sexan moi demandados e percibidos coma produtos de excelencia.

Como última medida promocional a subliñar, o 31 de xaneiro de 2022 publicouse no DOG a "Resolución do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marcos do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o exercicio orzamentario 2022 (código de procedemento MR302A)". Son axudas que financian as accións de promoción (asistencia e organización de feiras e eventos comerciais, estudos de mercado e campañas publicitarias) que realizan os distintos consellos reguladores e outras asociacións sen ánimo de lucro vinculadas aos diferentes programas de calidade: denominacións de orixe, indicacións xeográficas e agricultura ecolóxica. A convocatoria 2022 tivo unha dotación orzamentaria de dous millóns catrocentos mil euros (2.100.000 €).

Accións de mercado

A Axencia estivo presente en feiras e eventos comerciais ao longo do ano 2022:



- Biocultura (A Coruña, 4 a 6 de marzo)
- Alimentaria (Fira de Barcelona, recinto Gran Vía, 4 ao 7 de abril)
- Barcelona Wine Week BWW (Fira de Barcelona, recinto Montjuic, do 4 ao 6 de abril)
- Salón Gourmets (Ifema, Madrid, 25 a 28 de abril)
- FENAVIN (Ciudad Real, 10 ao 12 de maio)
- FEVINO (Fundación Abanca, Ferrol, 30 de maio; e Cidade da Cultura, Santiago de Compostela, 14 e 15 de xuño)
- SALIMAT (Recinto feiral de Silleda, 2 ao 5 de xuño)
- Forum Gastronómico (Expocoruña, A Coruña, 25 a 27 de setembro)

Así mesmo, lanzouse unha campaña de publicidade, en colaboración co Consello Regulador das IXPs de Carne de Vacún de Galicia para auspiciar unha campaña de promoción do consumo de carne certificada pola IXP Ternera Gallega, centrada esencialmente na IXP Ternera Gallega, principalmente na categoría Ternera Gallega Suprema, sen alusións a empresas ou marcas comerciais doutra índole. A campaña promocional importou un investimento de 800.000 €, dos que a Axencia financiou o 87,5 % do custo, por un total de 700.000 €.

De especial significación como acción de mercado é a creación da páxina web "Experiencias de Calidade", de carácter eminentemente promocional, pero que inclúe unha plataforma de venda on line, nun ciclo curto de relación comprador-productor. Os traballos desenvolvidos en 2022 reforzan a posición no mercado dos produtos galegos de calidade diferenciada.

Incremento do número de operadores

En relación coa Artesanía Alimentaria, en 2022 fixéronse reunións e visitas a operadores en distintos ámbitos territoriais, totalizándose 19 operadores que recibiron titorización para incorporación a esta figura de calidade diferenciada. Así mesmo, coordináronse un total de 9 accións formativas en Artesanía Alimentaria a un total de 132 alumnos.

Por último, o 29 de marzo de 2022 publicouse no DOG a "Resolución do 17 de marzo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR362A)". Son axudas incluídas no PDR 2014-2020 que financian aos agricultores e gandeiros os gastos derivados da súa pertenza ás distintas figuras de protección da calidade alimentaria (denominacións de orixe, indicacións xeográficas e agricultura ecolóxica). Están financiadas con fondos Feader, do Ministerio e da Xunta. A súa finalidade é



fomentar a participación dos agricultores e gandeiros en figuras de protección da calidade, como as denominacións de orixe, as indicacións xeográficas ou a agricultura ecolóxica, mediante a contribución ao financiamento dos custos fixos que esta participación ocasiona. A contía da axuda pode chegar ata o 100 % dos gastos subvencionables realizados, sen superar os 3.000 euros anuais por explotación, durante un período máximo de cinco anos. Na convocatoria 2022, de forma coherente cas anteriores, foron subvencionables os gastos imputables á campaña anual comprendida entre o 1 de maio de 2021 e o 30 de abril de 2022. Tivo unha dotación orzamentaria de douscentos mil euros (200.000 €). Aprobáronse 700 solicitudes de oito programas de calidade distintos, cun importe total aprobado de 199.361,19 €.

Investigación agropecuaria

Durante o ano 2022 o CIAM desenvolveu 3 proxectos de ámbito europeo, 9 proxectos piloto e dous Grupos Operativos FEADER autonómicos, 2 contratos de colaboración directos con empresas, 1 proxecto SUG – GAIN, 15 proxectos piloto de accións de cooperación e 6 proxectos do Plan de Recursos Fitoxenéticos, o que constituíu un total de 38 proxectos en execución. Aos proxectos de investigación hai que suarlle a contratación de persoal a través dos Programas Talento Sénior (2) e o Programa Investigo (13):

RESUMO PROXECTOS EXECUTADOS 2022		
TIPOLOXÍA PROXECTO INVESTIGACIÓN	NÚMERO	ORZAMENTO 2021 (€)
Proxectos europeos	3	66.726,01
Financiación empresas privadas	2	18.100,00
Grupo de Potencial Crecemento - GAIN	1	29.400,00
Grupos operativos FEADER	2	14.737,80
Proxectos piloto FEADER	9	158.211,42
Accións de Cooperación FEADER	15	548.098,79
Recursos Fitoxenéticos FEADER	6	159.818,03
Programa Talento Sénior	2	71.280,00
Programa Investigo	13	232.365,01
TOTAL PROXECTOS INVESTIGACIÓN	53	1.322.213,48

Investigación forestal

Durante o ano 2022 o CIFL desenvolveu 1 proxecto de ámbito europeo (LIFE-SILFORE), incluíndo a ampliación de dous deles (EPYRIS e FORVALUE), 2 proxectos de grupos operativos de ámbito supra autonómico (ACREMA e FORESCelta), 1 proxectos INIA nacional (ENFIRES), 2 contratos directos con empresas (GREENALIA e MADERA PLUS). 6 proxectos piloto de accións de cooperación, e Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a AGACAL e Fundación Arume para o impulso á xestión forestal activa, e realizáronse acción dentro de Proxectos estratéxicos de interese AGACAL I+D+I e Proxecto na mellora da xestión, control e certificación o que constituíu un total de 17 proxectos en execución por un montante económico total para a anualidade 2022 de 232.895,35 €.



ORZAMENTO PROXECTOS E CONVENIOS 2022

PROXECTO/CONVENIO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	PROXECTO	ORZAMENTO 2022
EPyRIS (SOE2/P5/E0811)	2022-14-A2-561A-64000	2018-00022	7.425,04
FORVALUE (POCTEP)	2022-14-A2-651A-6400	2020-00001	18.155,94
CONTRATO GREENALIA	2022-14-A2-561A-6405	2020-00008	7.732,71
MADERA PLUS (FEADER 2021/070A)	2022-14-A2-561A-6405 (RC 2022-14-208/1)	2021-00011	10.850,00
G.O. FORESCelta	2022-14-A2-561A- 22000/22199/22699/230	2021-00005	22.906,00
G.O. ACREMA	2022-14-A2-561A- 200/22000/22706/230/22199/22 699	2021-00006	3.855,00
PID2020-116494RR-C42 (ENFIRES - PROTECCIÓN FORESTAL)	2022-14-A2-561A-6404	2021-00008	45.273,16
PROX. ESTRATÉXICOS DE INTERESE AGACAL. I+D+I	2022-14-A2-561A-6400	2022-00002	50.000,00
PROXECTO NA MELLORA DA XESTIÓN, CONTROL E CERTIFICAC.	2022-14-A2-561A-6320	2014 00010	20.880,00
LIFE SILFORE	2022-14-A2-561A-6400	2022-00013	1.800,00
CONVENIO ARUME	2022-14-A2-561A-6401	2015-00063	44.017,50
	TOTAL		232.895,35

Investigación en materia de viticultura e enoloxía

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA) desenvolveu durante a anualidade 2022 un proxecto europeo, catro proxectos de convocatorias nacionais, seis proxectos piloto e un grupo operativo de carácter autonómico, máis tres proxectos estratéxicos, sumando un total de quince proxectos en execución, por un importe de 271.964,45 €.

Transferencia de coñecementos

ACTIVIDADES DE TRANSFERENCIA

- Aprobáronse 167 propostas de transferencia tecnolóxica cun orzamento total de 582.341,13 € para a súa execución durante a anualidade 2022.

FORMACIÓN CONTINUA

- 430 solicitudes de financiamento presentadas por órganos dependentes da Consellería do Medio Rural ó abeiro da convocatoria 2022 cun importe proposto de 811.663,10 €. Foron aprobadas 429 por un importe aprobado de 788.272,90 €



- Executáronse 271 accións (63%) por un importe aprobado de 490.122,08 € e xustificado de 440.989,43 €)
- O total das accións formativas executadas (271) suma 4595 horas de formación as que asistiron aproximadamente 3.326 homes (61%) e 2124 mulleres (39%).

FORMACIÓN DE ASESORES

- No Plan de Formación de Asesores para o 2022 deseñouse un plan marco e un plan de controis.
- En base ás enquisas de necesidades formativas a técnicos da Consellería do Medio Rural se deseñaron ata 11 itinerarios formativos modulares que constituirán a base da actividade a desenvolver durante a anualidade 2023


Capacidade analítica

LAFIGA

O Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, LAFIGA, é o encargado da realización de análises alimentarias e agrarias, sendo nestes aspectos o laboratorio de referencia da Comunidade Autónoma de Galicia. A súa principal función é a realización de análises físico-químicas de alimentos, bebidas, fertilizantes, augas de rega, alimentación animal e solos. Tamén realiza as análises de sanidade vexetal e as análises de residuos de pesticidas nas mostras de orixe agraria e alimentaria.

O resumo de mostras en 2022 é o seguinte:

Mostras	
Alimentos	248
Bebidas	2.560
Alimentación animal	690
Sanidade vexetal	15.146
Fertilizantes	644
Residuos pesticidas	541
Solos e análises foliares	1.366
Total	21.195




Determinacións	
Alimentos	1.607
Bebidas	24.871
Alimentación animal	2.821
Sanidade vexetal	21.276
Fertilizantes	3.327
Residuos pesticidas	109.094



Solos e análises foliares	31.310
Total	194.306

Dentro das actividades de formación, o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia deu prácticas de empresa a 2 alumnas, unha do Grao de Nutrición Humana e Dietética e outra do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias.

Aínda que non diminuíu a actividade, é preciso un reforzo importante no ámbito de técnicas modernas e actuais, rápidas, fiables e coa acreditación precisa para dar un servizo analítico eficaz e preciso. A acreditación de novas técnicas e procedementos analíticos, a renovación e mellora do equipamento e a dotación de todas as prazas de RPT permitirán aos laboratorios de servizo da Agacal exercer como verdadeiros centros de referencia autonómica no ámbito agrario.



EVEGA

A Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia exerce función de laboratorio de análises en relación cos produtos relacionados coa vide e viño. A tal fin dispoñen de diversas acreditacións pola ENAC:

- Determinación de sulfitos: FCS e volumetría
- Parámetros habitualmente solicitados para as exportacións, incluído a Asia
- Determinación de metanol e grao alcohólico real en bebidas espirituosas

ANALÍTICAS DE LABORATORIO	
Servizos (nº de mostras viños analizadas)	5170
Servizos (nº demostras análise micro biolóxico viños)	5
Servizos (nº de ensaios)	41686
Servizos (nº de informes emitidos)	5170
Servizos (nº de certificados de exportación)	64
Servizos (nº mostras análise viroses)	100
Servizos (nº mostras análise identificación varietal)	5

Formación

Os Centros de Formación e Experimentación Agroforestal da AGACAL impartiron durante o curso 2021/2022 os seguintes ciclos de formación regrada ás que asistiron un total de 506 alumnos:

FORMACIÓN REGRADA						
CFEA	ANO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MULLERES	HOMES	TOTAL



GUÍSAMO	2021/2022	ZMAGA03	XARDINERÍA E FLORARÍA (RÉXIME MODULAR – SEMIPRESENCIAL)	48	38	86
GUÍSAMO	2021/2022	ZSAGA02	PAISAXISMO E MEDIO RURAL (RÉXIME MODULAR – SEMIPRESENCIAL)	62	74	136
SERGUDE	2021/2022	CSAGA03	GANDARÍA E ASISTENCIA EN SANIDADE ANIMAL	34	11	45
SERGUDE	2021/2022	ZMAGA01	PRODUCCIÓN AGROECOLÓXICA	11	7	18
SERGUDE	2021/2022	CMAGA04	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	0	32	32
SERGUDE	2021/2022	CMAGA02	PRODUCCIÓN AGROPECUARIA	11	25	36
P. MURIAS	2021/2022	MAGA04	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	1	7	8
BECERREÁ	2021/2022	CMAGA04	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	2	17	19
BECERREÁ	2021/2022	CSAGA01	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	9	31	40
LOURIZÁN	2021/2022	CMAGA04	APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL	6	34	40
LOURIZÁN	2021/2022	CSAGA01	XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL	12	34	46
MONFORTE*	-	-	-	-	-	-


*CFEA MONFORTE DE LEMOS : Non realiza actividades de formación regrada

Así mesmo, promovéronse un total de 174 actividades de formación continua financiadas cun importe total de 305.939,43 € nas que participaron un total de 3.176 alumnos.


O CFEA de Monforte inclúe dentro da súa oferta formativa os módulos do curso esixible de Aptitude Empresarial Agraria para aquelas persoas que soliciten unha axuda a primeira incorporación de xoves. En total, durante o ano 2022, impartiu un total de 142 módulos nos que participaron 2.439 alumnos.

Réxime económico

Contratación



Encargas a medio propio



Subvencións

- RESOLUCIÓN do 17 de marzo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Des Rural (Feader) en el marco del Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR362A): 200.000 €
- RESOLUCIÓN do 23 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio ás actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola



de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o exercicio orzamentario 2022 (código de procedemento MR302A): 3.500.000 €

- RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR331A): 2.401.315,00 €
- RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR331B): 6.127.330,00 €
- RESOLUCIÓN de 11 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR302B): 340.000 €
- Convenio de bases entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e o Concello de Ribadavia para a promoción do viño do ribeiro de calidade diferenciada a través da organización da 59 edición da feira do viño do ribeiro, a celebrar os días 29-30 de abril e 1 de maio de 2022 (art. 26 lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia): 15.000 €
- Convenio entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e o Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas de carne de vacún de Galicia para a concesión dunha axuda para a realización de actividades de promoción, fomento e difusión da carne de vacún certificada pola IXP Ternera Gallega: 700.000 €
- Convenio de bases entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a Fundación Monte do Gozo para mellorar a capacitación e reinserción dos mozos e mozas con problemas de drogadicción na actividade agraria (art. 26 lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia): 27.766 €

Convenios de colaboración



- Convenio entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a Fundación Juana de Vega para o desenvolvemento do programa de caracterización, recuperación, conservación e transferencia da biodiversidade xenética vexetal de interese agrario de Galicia: 360.000 €
- Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria e a Fundación Arume para o impulso á xestión forestal activa: 74.520 €
- Convenio entre a Administración Xeral do Estado a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria en materia de estatística, ano 2022: 77.589,44 €
- Acordo de colaboración entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento e implantación de sistemas de xestión dixitalizada da Axencia Galega da Calidade Alimentaria: 600.000 €
- Addenda ao acordo de colaboración entre a Axencia Galega da Calidade alimentaria e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento e implantación dun Sistema de información para a xestión do departamento de Protección da calidade diferenciada da Axencia Galega da Calidade Alimentaria: 80.000 €